

**GALICIA,  
GALICIA,  
GALICIA.**

**PROGRAMA ELECTORAL**

ELECCIONES AUTONÓMICAS 2020

**galicia** <sup>pp</sup>

**feijóo** <sup>20</sup>

# ÍNDICE

- Páx. 5 PRESENTACIÓN**
- Páx. 14 EIXO I: GAÑAR O FUTURO: SUPERAR A PANDEMIA SANITARIA E O RETO DA REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA**
- Páx. 20 REFORZO SOCIOSANITARIO ATA A DESAPARICIÓN DA EPIDEMIA**
- Un sistema sanitario en alerta permanente
  - Unha rede social de seguridade para a recuperación das persoas máis vulnerables
  - Adaptación da administración e dos servizos e programas públicos á nova situación
- Páx. 27 MEDIDAS DE URXENCIA PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA**
- Plan de reactivación e dinamización económica
  - Recuperación do emprego
  - Apoio específico aos sectores produtivos tractores e estratéxicos
  - Achega de liquidez desde a facenda autonómica
  - Utilización dos fondos europeos e impulso á cooperación transfronteiriza
  - Impulso ás actuacións transversais
- Páx. 49 EIXO II: GAÑAR O FUTURO. O RETO DA COMPETITIVIDADE PARA UNHA GALICIA INNOVADORA**
- Páx. 52 ADAPTAR O NOSO TECIDO PRODUTIVO E INVESTIGADOR AO CAMBIO DE MODELO**
- Páx. 60 FORMACIÓN PARA AFRONTAR ÁS TRANSFORMACIÓNS**
- Ensino obrigatorio
  - Formación Profesional
  - Sistema universitario
  - Formación ao longo da vida e inserción no mundo laboral

**Páx. 69** MELLORAR A COMPETITIVIDADE DOS NÓSOS SECTORES PRODUTIVOS TRADICIONAIS

- O medio rural
- O mar
- O comercio
- O turismo
- Unha década xacobeá

**Páx. 93** **EIXO III: GAÑAR O FUTURO: O RETO DA COHESIÓN SOCIAL: SANIDADE PÚBLICA, DEMOGRAFÍA E IGUALDADE**

**Páx. 96** PREVIR RISCOS E COIDAR A SAÚDE: COMPROMETIDOS COA SANIDADE PÚBLICA E A PROTECCIÓN NO CONSUMO E NO ENTORNO LABORAL

- Prevención: adicións, redución do sedentarismo e boas prácticas alimentarias, vacinas e programas de detección precoz e saúde laboral.
- Atención sanitaria
- Protección das persoas consumidoras

**Páx. 108** A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA COMO CLAVE PARA A COHESIÓN

- Apoio ás familias que queren ter fillos
- Facilitar o retorno e a chegada de novos residentes
- Dotar ao rural de servizos de calidade
- Adaptar os servizos públicos ás necesidades dos maiores

**Páx. 118** A GALICIA DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- Unha sociedade máis inclusiva
- Unha sociedade máis tolerante e acolledora
- Facilitar o acceso á vivenda
- Igualdade entre mulleres e homes
- Loita contra a violencia machista e apoio ás mulleres que a padecen

**Páx. 130** **EIXO IV. GAÑAR O FUTURO: O RETO DUNHA GALICIA ECOLÓXICA, SUSTENTABLE E ORDENADA**

**Páx. 132** PREPARARNOS ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

- Reducir as emisións
- Mobilidade sostible
- Actuacións transversais e de cooperación para avanzar na sustentabilidade
- Combater os efectos do cambio climático: a auga
- Combater os efectos do cambio climático: o lume

**Páx. 146** GALICIA, ESPAZO SOSTIBLE

**Páx. 151** GALICIA VERDE, TERRITORIO VERTEBRADO E PROTEXIDO

**Páx. 157** **EIXO V. GAÑAR O FUTURO: O RETO DA GOBERNANZA E A ESTABILIDADE NUN MUNDO GLOBALIZADO. GALICIA EN ESPAÑA, EN EUROPA E NO MUNDO**

**Páx. 160** GALICIA, COMUNIDADE AUTÓNOMA LEAL COA CONSTITUCIÓN E O ESTATUTO

- Reforzo do autogoberno
- Axenda Galicia

**Páx. 172** A ADMINISTRACIÓN GALEGA DA PRÓXIMA DÉCADA

- Impulsar uns servizos públicos dixitais, personalizados e proactivos, cunha especial atención á saúde dixital
- Adaptación do emprego público aos novos tempos

**Páx. 197** ADMINISTRACIÓN LOCAL

**Páx. 200** GALICIA ANTE EUROPA E O CAMBIO GLOBAL

**Páx. 206** A GALICIA RESIDENTE NO EXTERIOR

**Páx. 208** CULTURA E IDENTIDADE. GALICIA, CÉLULA DE UNIVERSALIDADE

- Estratexia Cultural
- Uns medios públicos comprometidos coa industria audiovisual galega
- O noso deporte como elemento de identidade

# PRESENTACIÓN

## UNHA LEGISLATURA DIFERENTE

Galicia encaraba o 2020 con optimismo sobre o seu futuro. Superada a crise financeira e económica dos anos 2008-2014, encadeaba cinco anos de crecemento económico (a unha media anual do 2,5% do PIB), reducindo en máis de nove puntos a taxa de paro desde 2014, e con 96.000 ocupados máis. Unha Galicia á cabeza da converxencia económica con España desde o inicio da crise. A Galicia co maior PIB per capita da súa historia.

Unha comunidade autónoma que saía da crise máis reforzada, con mellores servizos públicos, coas contas máis saneadas e con confianza nas súas posibilidades para afrontar os grandes retos estruturais que como sociedade temos por diante:

- O reto de mellorar a gobernanza e o autogoberno nun mundo globalizado;
- O reto de facer que o noso tecido produtivo sexa máis innovador, e por tanto máis competitivo;
- O reto de superar a crise demográfica apoiando ás familias;
- O reto de impulsar a nosa cohesión social, despois de ter saído da crise con mellores índices de igualdade que España e a Unión Europea, a través da continua mellora dos servizos públicos sanitarios, educativos e sociais;
- O reto de preservar o noso medio ambiente e frear o cambio climático;
- E o reto de impulsar a nosa cultura, a nosa creación, a nosa lingua, e o noso patrimonio, e proxectalos no mundo.

Unha Galicia tamén disposta e preparada para afrontar retos que se presentaban a curto prazo, derivados de circunstancias sobrevidas ou decisións alleas, e que ameazan o emprego do que viven moitas familias galegas, tanto nas industrias electrointensivas ou enerxéticas (pola inxustiza dunha transición enerxética precipitada); coma no mar e na costa (polas incertezas derivadas do Brexit e da intención do goberno de España de modificar a normativa de Costas); ou no rural (pola forza asimétrica coa que actúan os participantes en todos os niveis da cadea alimentaria).

Galicia afrontaba unha nova legislatura do seu Parlamento con grandes retos, pero preparada para afrontalos. Con estabilidade política, e cun goberno unido, responsable e solidario.

A crise sanitaria xerada pola COVID-19, o parón económico e a febleza de España en reaccionar para evitar a súa propagación e combater as súas consecuencias, teñen mudado a situación. Os problemas a curto prazo permanecen. Os retos a longo prazo seguen tendo que ser abordados. Pero a eles viñéronse a engadir a prioritaria atención á saúde pública, porque o virus seguirá entre nós ata que se atope e produza unha vacina fiable; a necesaria reactivación económica, tras o obrigado parón produtivo e o longo confinamento que xerou a tardía resposta á epidemia pola Administración do Estado; e a demandada recomposición do marco político, no que a estéril polarización debe dar paso á procura de consensos e acordos básicos para evitar que se produza unha fonda crise social.

O Partido Popular de Galicia quere ser, como tantas veces na historia recente da comunidade autónoma, útil para que a nosa sociedade supere a crise que vén da man da pandemia. Procurando consensos. Dando certezas e estabilidade, aportando equipos experimentados, e un liderado eficaz, o que exerce o noso candidato, Alberto Núñez Feijóo. E presentando este programa, que ten como obxectivo aportar propostas de acción política para afrontar de inmediato a crise sanitaria, previr novos rebrotes, e paliar as súas consecuencias económicas e sociais. Pero ao mesmo tempo e en paralelo avanzar na transformación coa que transitaremos con éxito nas próximas décadas.

Superar definitivamente a pandemia e reactivar a economía do país, ao tempo que enfrontamos os retos a curto e longo prazo que xa coñecíamos, é unha tarefa enorme, inxente. Todos debemos colaborar na reconstrución económica e social de Galicia a curto prazo, e ao tempo traballar para facela máis moza, máis familiar, máis innovadora, e máis sustentable medioambientalmente.

O PPdeG está disposto a facelo, con responsabilidade. E por iso o Programa de Goberno que presentamos:

- É un programa moderado e aberto á sociedade, porque foi elaborado en permanente diálogo cos galegos e as súas asociacións representativas, para recoller as súas inquedanzas e propostas. Queremos desenvolverlo en permanente diálogo coa sociedade, para resolver os problemas que todos encararemos, e porque só superaremos a excepcional situación que estamos a vivir se actuamos con moderación, diálogo e acordos, e fuximos de polarizacións e enfrontamentos.
- É un programa realista, porque coñecemos as dificultades de todo tipo ás que nos imos enfrontar e porque para superalas temos contado coas contribucións que os expertos na administración, na universidade ou na empresa nos achegan en todas as materias: desde a sanidade á reactivación económica e social. Aproveitando a nosa experiencia no

gobierno elaboramos propostas que reordenan as prioridades xurdidas coa pandemia, e teñen en conta a súa viabilidade financeira. Non é un programa construído a base de dogmatismos ideolóxicos, nin inclúe promesas imposibles de cumprir.

- E é un programa ambicioso, porque contén un proxecto a longo prazo, no que se incardinan as medidas de prevención sanitaria e de reactivación social e económica que propoñemos a curto prazo. Co obxectivo de ir avanzando na pronta saída á crise, e ir asentando as bases dunha Galicia que continúe crescendo, creando emprego, converxendo co resto de España e de Europa, e incrementando a igualdade de oportunidades e o benestar; ao tempo que se reforzan as nosas institucións democráticas e o exercicio do autogoberno, con lealdade á Constitución e ao Estatuto. Non é un programa nin improvisado, nin oportunista: é unha proposta aberta para entre todos construír un futuro mellor.

No programa marcámonos superar cinco grandes retos. Por iso témolo artellado en cinco grandes eixos, fuxindo da máis convencional presentación por áreas funcionais (aínda que as máis importantes destas, cando están inseridas polo conxunto do Programa, se achegan de forma separada).

Os eixos son:

- **Primeiro:** Superar a pandemia sanitaria e as súas consecuencias sociais e económicas:
  - o Anticipándonos a posibles rebrotes cun sistema sanitario en permanente alerta e vixilancia
  - o Potenciando a rede de seguridade que estamos ampliando para axudar ás persoas máis vulnerables
  - o Impulsando o Plan de Reactivación económica que temos aprobado, e que levaremos ao Parlamento como base para un gran acordo para a recuperación do crecemento económico e do emprego.
  - o Apoiando aos proxectos tractores que, como os xa anunciados, abran novas posibilidades de emprego vencellado ás potencialidades de Galicia.
  - o Utilizando a boa situación financeira na que se atopa Galicia, grazas á xestión económica dos últimos anos e a credibilidade e solvencia que gañamos polo eficaz uso dos fondos europeos, para aportar liquidez e recursos ás nosas pequenas e medianas



empresas; e para financiar proxectos de futuro nos sectores estratéxicos da economía galega.

- **Segundo:** Impulsar unha Galicia innovadora, capaz de competir en igualdade de condicións coas rexións avanzadas de Europa:
  - Acompañando ao noso tecido produtivo na súa adaptación á nova sociedade dixital, cunha Estratexia Dixital que no horizonte do 2030 fortaleza a capacidade innovadora das empresas galegas; investindo en novas infraestruturas dixitais; e apoiando a I+D+i pública e privada con medidas específicas de apoio a novas iniciativas (Start-ups) e aos sectores nos que Galicia pode liderar a innovación (enerxía, biotecnoloxía );
  - Continuando na mellora do noso sistema educativo, que ten acadado uns resultados superiores á media española nos últimos anos, porque un sistema educativo público de calidade garante a igualdade de oportunidades e o emprego aos máis novos, pero tamén ao longo de todas as etapas da vida laboral.
  - Impulsando a adaptación á sociedade dixital dos nosos sectores económicos máis tradicionais, que teñen un gran potencial se somos capaces de adaptalos ao novo entorno: rural, mar, comercio, turismo
  
- **Terceiro:** Superar a crise demográfica e fortalecer a cohesión social de Galicia, a través do reforzo dos instrumentos públicos que máis contribúen a garantir a igualdade de todos e facer atractivo o vivir no territorio: con uns servizos públicos de calidade e sostibles; e con medidas de apoio ás familias, particularmente ás que desexan ter fillos.
  - Reforzando a sanidade pública, como vimos facendo nos últimos anos, traballando na mellora dos aspectos preventivos e da capacidade asistencial, reforzando as plantillas e reducindo a súa temporalidade, renovando os equipos e ampliando e modernizando as infraestruturas sanitarias.
  - Afrontando a crise demográfica con medidas de apoio ás familias que desexan ter fillos; o retorno dos galegos que desexan volver a súa terra; e facilitando a vida das familias que habitan ou desexan vivir nas zonas máis despoboadas do país. Incrementando o compromiso cos menores e a infancia.

- Mellorando os servizos que permiten unha mellor calidade de vida, autonomía e independencia ás persoas maiores, ás persoas dependentes, ou ás persoas con discapacidade.
  - Eliminando discriminacións, en particular as que sofren as mulleres; incrementando o apoio, como vimos facendo na última década, ás vítimas da execrable violencia machista; e fomentando a tolerancia e o respecto ás persoas LGTBI.
  - E continuando e ampliando o apoio ás familias que están en risco de exclusión social, con axudas e recursos que permitan a súa rápida incorporación a unha vida laboral e persoal digna.
- **Cuarto:** unha Galicia sostible, ordenada e que contribúa a loitar contra o cambio climático, actuando transversalmente en todos os ámbitos:
- Reducindo as emisións que provocan o efecto invernadoiro, impulsando unha transición enerxética xusta de verdade, transformando os modelos de mobilidade e reformando as construcións e edificacións para facelas máis sostibles.
  - Racionalizando o uso dos recursos naturais, hídricos e forestais, preparándonos para posibles períodos de seca e xestionando con criterios racionais todo o ciclo da auga; desenvolvendo unha planificación forestal sostible e loitando coa prevención e a extinción contra a lacra dos incendios forestais de última xeración.
  - Promovendo o impulso da economía circular, xestionando os residuos xerados pola actividade humana de forma correcta.
  - Ordenando o territorio protexendo o medio ambiente e a paisaxe, para o que culminaremos coa reforma dos instrumentos normativos que regulan o asentamento humano sobre o territorio, colaborando para elo coas administracións locais; e planeando e avanzando na execución de infraestruturas verdes
- **Quinto:** contribuindo á estabilidade das nosas institucións, mellorando a gobernanza e o autogoberno, e cooperando lealmente coas demais administracións:
- Comprometémonos a defender o noso marco institucional e a súa estabilidade, porque a vixente Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia son a mellor garantía para que a

nosa sociedade siga prosperando en paz e liberdade. Actuaremos sempre con lealdade institucional, defendendo os intereses de Galicia, e propiciando aquelas reformas que permitan avanzar e afondar o modelo institucional do Estado das Autonomías.

- Defenderemos unha reforma do financiamento autonómico máis transparente e sinxela, que dote de máis recursos á facenda galega, e respectuosa cos principios de suficiencia, solidariedade e equidade que a Constitución proclama. Para isto é necesario que se ponderen adecuadamente os diferentes factores que inciden no custo da prestación dos servizos en cada territorio e que se revisen os mecanismos de financiamento á marxe do propio sistema, tanto instrumentos de auxilio financeiro que se puxeron en marcha no pasado, como os novos fondos que se asignan, con criterios non consensuados e á marxe do sistema, para atender á pandemia da COVID-19.
- Defendendo os intereses de Galicia ante decisións da Administración central que nos prexudiquen, como as 25 demandas recollidas na Axenda Galicia aprobada polo Parlamento de Galicia, entre as que inclúen, entre outras, a pronta execución das obras estatais pendentes (ferroviarias, viarias ou hidráulicas); a non aprobación de normas que ameazan ao noso tecido empresarial (como no dominio público marítimo terrestre ou nas empresas electrointensivas); e que tamén inclúe novos traspasos, xa solicitados e non concretados (como a AP-9 e a AP-53), ou o exercicio pola comunidade autónoma das súas competencias diante de novas leis que, como a relativa ao Ingreso Mínimo Vital, atribúen á Administración Xeral do Estado a xestión de competencias que o Estatuto atribúe a Galicia.
- Avanzando aínda máis na cultura do bo goberno e a transparencia; desenvolvendo un novo Plan Estratégico para Galicia (2021-2030); impulsando a revisión da efectividade das políticas de gasto (*Spending Reviews*); e a avaliación da normativa autonómica.
- Mantendo unha política orzamentaria sostible, que aproveite ás marxes conseguidas coa boa xestión dos últimos anos para aplicar políticas expansivas e superar a crise económica xerada pola pandemia, que inclúe as rebaixas fiscais aprobadas e que benefician ás clases medias e ás familias con menor nivel de renda.
- Impulsando a dixitalización dos servizos públicos, para facelos máis accesibles á cidadanía, máis personalizados e proactivos.
- Adaptando o emprego público aos novos tempos, mantendo os

acordos suscritos ao respecto cos representantes dos empregados públicos, co obxectivo de continuar avanzando na estabilidade e na renovación das plantillas do persoal empregado público.

- Reforzando o apoio aos galegos residentes no exterior: seremos solidarios coa Galicia do exterior, especialmente aos residentes nos países que se atopan en grandes dificultades por causas políticas e económicas, e máis recentemente tamén sanitarias.
- Reforzando a nosa lingua e o noso patrimonio cultural, apoiando a toda a cadea de creación cultural, e contribuíndo á súa proxección no mundo cunha Estratexia da Cultura Galega. E aproveitando o Ano Santo, e o ciclo xacobeo, para mellorar esa proxección cultural internacional.

O Partido Popular de Galicia está, coma sempre, ao servizo do país. Este programa aberto á sociedade quere contribuír á importante e inxente tarefa que nos corresponde a todos os galegos e galegas na vindeira lexislatura: superar a pandemia da COVID-19 e recuperar o crecemento económico e a cohesión social.


## LENDA DE ETIQUETAS



GALICIA  
FAMILIAR



GALICIA  
VERDE



GALICIA  
INNOVADORA



GALICIA  
MOZA



MAR



EDUCACIÓN



RURAL



SANIDADE

## EIXO I

**GAÑAR O FUTURO:** SUPERAR A PANDEMIA SANITARIA E O RETO DA REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA.

A irrupción da pandemia sanitaria nas nosas vidas puxo a proba a capacidade de reacción das administracións públicas. O Partido Popular de Galicia afrontou desde a Xunta de Galicia a crise sanitaria con anticipación; con axilidade nas respostas sociosanitarias; con transparencia e lealdade institucional; e con responsabilidade e altura de miras.

Con ANTICIPACIÓN , porque só tres días despois de que apareceran os primeiros casos en España e máis de dúas semanas antes de que se declarase o Estado de Alarma, xa se constituíran unha comisión interdepartamental na Xunta para a xestión da crise; unha comisión clínica de expertos sanitarios; e puxérase en marcha un teléfono de atención á cidadanía. Estas decisións permitiron a Galicia reforzar os seus servizos sanitarios días antes de que se coñecese o primeiro caso de persoa contaxiada en Galicia, coa contratación de 60 profesionais que atenderon servizos como os de recollida de mostras a domicilio e microbioloxía, ou coa compra de material que, como os respiradores, logo resultaron cruciais para dar resposta aos picos da pandemia.

E un día antes de que se producise en Galicia o desgraciado primeiro falecemento pola COVID-19, xa se declarara o Estado de Emerxencia Sanitaria, anticipándose tamén á declaración polo Goberno Central do Estado de Alarma. O Partido Popular de Galicia foi o primeiro en decidir suspender os seus actos de precampaña, e en comunicalo ás demais forzas políticas, tamén antes das declaracións da emerxencia sanitaria e do Estado de Alarma. Eses días, algúns candidatos aínda esixían o mantemento da xornada electoral do día 5 de abril: o tempo demostrou que xusto esa semana foi a de maior incidencia do virus en Galicia.

Cando o 14 de marzo o Goberno Central decretou o Estado de Alarma, en Galicia xa estaban limitadas as visitas aos hospitais; os aforos nos actos; se suspenderan as actividades lectivas; se tiñan convocados aos axentes sociais e á FEGAMP e xa estaba constituído o Centro de Coordinación Cooperativa, coa presenza da Xunta, a Delegación do Goberno en Galicia e a FEGAMP.

Ao tempo, no eido financeiro, mobilizamos 250 millóns de euros dos orzamentos públicos do ano 2020, que foran aprobados en prazo, o que permitiu inxectar liquidez durante o confinamento nas empresas galegas, en especial nas pequenas e medianas, e moito antes de que o Goberno Central puxese en marcha a súa liña de avais ás empresas. Tamén se aprazaron as cotas de amortización e os xuros que as empresas galegas tiñan formalizadas coa Xunta, e inmediatamente despois puxéronse en marcha liñas extraordinarias de apoio á reestruturación da produción para achegar medios aos servizos

sanitarios; así como se suspendieron os pagos dos impostos autonómicos. E se estableceu unha liña de financiamento específica para continuar pagando aos provedores da Xunta.

Con AXILIDADE ás esixencias derivadas da propia evolución da pandemia, aprobando plans de riscos en colaboración coas organizacións sindicais; incrementando o persoal sanitario cun procedemento extraordinario para a contratación de todos os médicos internos residentes de último ano; ampliando nun 70% o número de camas en UCI moito antes de que o pico da pandemia chegase; poñendo a toda a sanidade privada á disposición das instrucións da Consellería de Sanidade; e localizando e habilitando instalacións hostaleiras e doutro tipo para poder utilizalas no caso de resultar necesario. Puxemos en marcha a realización de tests desde o vehículo dos particulares, iniciativa logo imitada noutras comunidades autónomas.

Axilizando as respostas tamén no eido social: O mesmo día que se declarou o Estado de Alarma, se decretou a blindaxe dos albergues e comedores sociais para as persoas sen fogar; se suspendeu o cobro dos alugueiros sociais, se garantiu a atención ás vítimas da violencia machista. Habilitouse o Teléfono Social, con atención psicolóxica, para conversa por parte de persoas voluntarias e de apoio especializado a cargo de traballadoras sociais. E tamén se puxeron en marcha as Residencias Integradas, baixo a supervisión do servizo público de saúde, para atender con garantías sanitarias específicas aos contaxiados procedentes das residencias de maiores, noutra iniciativa que posteriormente adoptaron noutras comunidades autónomas. Ao que habería que sumar todas as medidas de protección adoptadas nos eidos do transporte público, do emprego público, da policía local, de utilización de recursos para a desinfección (os axentes forestais) ou no ámbito educativo, para a provisión de recursos formativos a través das novas tecnoloxías.

Con TRANSPARENCIA e LEALDADE, porque en todo momento se informou á cidadanía, aos medios de comunicación, e aos líderes da oposición, e ademais en tempo real, sobre a evolución da situación epidemiolóxica, dos recursos, e dos mecanismos de adquisición de material. En Galicia non se pechou, como se fixo noutras administracións como a central, a páxina oficial de Transparencia; que deu conta de todos os provedores cos que se contou para a adquisición de material. Realizáronse media ducia de reunións entre o Presidente da Xunta e os representantes dos grupos políticos, na que este informaba do contido das Conferencias de Presidentes así como de calquera outra cuestión formulada polos líderes opositores.



Reabriuse, por consenso, o Parlamento, que estaba disolto; de xeito que a diferenza do que ocorreu na outra comunidade autónoma na mesma situación, na nosa Cámara representativa compareceron ou responderon a preguntas, algúns en máis dunha ocasión, 8 dos 11 membros do Goberno; co seu Presidente á cabeza a través de dúas comparecencias. Transparencia cos medios, a través de roldas de prensa na que non se excluía a ningún medio nin se filtraban as preguntas. Transparencia nos datos: Galicia sempre facilitou todas as cifras de contaxiados e de falecidos, especificando se se trataba de persoas residentes en Centros de Maiores ou en Hospitais; de feito que é das poucas Comunidades nas que non se deron apenas discrepancias entre o número de falecidos a causa da pandemia de acordo coas distintas fontes.

Lealdade tamén co Goberno de España desde que asumiu o mando único tras a declaración do Estado de Alarma, e pese a algunhas das eivas (coma nas compras de material sanitario) que dita decisión produciu. Sempre se cumpriron as indicacións do mando único, ao tempo que sempre se fixeron as alegacións que se estimaron oportunas para adaptar os decretos ás especificidades territoriais e sociais de Galicia. O Goberno de España, a través do seu Delegado en Galicia, foi incorporado ao Centro de Cooperación Operativo; así como o Presidente da FEGAMP; de xeito que os representantes de ambas administracións, estatal e local, coñecesen de primeira man e coparticipasen nas decisións que se ían adoptando.

Galicia ten superado o pico da pandemia con gran esforzo e dor. Grazas á dedicación exemplar de todos os profesionais da sanidade, aos traballadores e traballadoras de todos os servizos esenciais, desde a distribución á alimentación, pasando polos corpos e forzas de seguridade, os servizos de emerxencias e protección civil, os profesionais dos medios de comunicación e os funcionarios que traballaron arreo para facilitar medios á sanidade e axilizar os expedientes de regulación temporal de emprego. Grazas á inmensamente maioritaria responsabilidade coa que todos os galegos e galegas, de todas as idades, aceptaron as drásticas limitacións á mobilidade e ao exercicio doutros dereitos fundamentais.

Pero a anticipación á pandemia, a axilidade nas respostas desde a Xunta, e o traballo político leal e responsable do PPdeG tamén contribuíron a que os resultados da loita contra o virus fosen mellores que noutros territorios de España. O propio Goberno central, a través dos informes do seu comité de expertos que facilitaron o paso de fases na desescalada, ten recoñecida a boa resposta dada desde Galicia á crise sanitaria xerada pola COVID-19.

Cómpre agora continuar loitando contra a COVID-19. Non botar pola borda todo o que con tanta dor e esforzo conseguimos. O virus segue entre nós; e un rebrote xeneralizado da epidemia resultaría catastrófico desde o punto de vista social, pero tamén desde o punto de vista económico.

Mentres a ciencia non nos aporte unha vacina que erradique ou reduza a súa mínima expresión a presenza da COVID-19, debemos continuar tomando decisións a curto prazo, que anticipen os escenarios posibles; que permitan respostas áxiles as situacións que se poidan producir; e facelo, como ata o de agora, con toda a transparencia e lealdade coas demais administracións públicas. Pero sobre todo con lealdade á cidadanía de Galicia, quen nos ten marcado, co seu exemplar comportamento, o camiño a seguir, e que demanda non só unha protección efectiva fronte a posibles rebrotes, senón tamén apoio inmediato para a reactivación dos empregos, das actividades económicas e empresariais que garanten as súas rendas e benestar.

Para elo, propoñémonos continuar actuando con ANTICIPACIÓN, AXILIDADE, TRANSPARENCIA E LEALDADE completando aquelas iniciativas que xa estaban desenvolvéndose, e que a loita contra a pandemia confirmou que urxe impulsar; así como a posta en marcha doutras medidas novas derivadas da experiencia. Con medidas como as que a continuación se relacionan nos ámbitos socio-sanitario e económico, en cuxa aplicación estarán comprometidos todos os departamentos da administración autonómica.

Para comezar, é preciso un reforzo do sistema sanitario público, tanto en recursos humanos como en organización para afrontar a situación que aínda se mantén de emerxencia sanitaria, reforzar as medidas de prevención na saúde pública e estar preparados para a detección e tratamento de posibles rebrotes, tanto con sistemas de información e detección precoz como coas adaptacións necesarias nos servizos de atención primaria, urxencias e coas tecnoloxías que fagan posible a teleasistencia e a hospitalización a domicilio.

Unido a este reforzo sanitario, é fundamental tamén un reforzo do sistema de atención e protección social, comezando coa maior conexión sociosanitaria de servizos como as residencias de maiores ou de persoas con discapacidade, facilitando o seu contacto permanente cos servizos sanitarios e mellorando o seu equipamento tecnolóxico e a formación do seu persoal. Por outra banda, para atender ás familias socialmente máis afectadas polo impacto da pandemia debemos desenvolver un Plan de Recuperación Social que funcione como rede social de seguridade para a cidadanía galega máis vulnerable, adaptando, ampliando os servizos e programas públicos de apoio a estes colectivos.

Finalmente, servizos como os educativos, os de protección civil e emerxencias ou a propia administración autonómica deben ser obxecto de revisións e adaptacións para funcionar nesta nova situación.

No relativo á dinamización económica, consideramos fundamental atender ás recomendacións que a Xunta ten recibido do comité de expertos económicos creado para planificar a recuperación da economía galega, así como dos interlocutores empresariais e sindicais participantes no Diálogo Social de Galicia e dos traballadores por conta propia, a través da Mesa do Emprego Autónomo e o Foro pola Economía Social Galega. Froito dos seus consellos, propóñense medidas de liquidez, capitalización, dixitalización ou formación, así como medidas de redución dos custos da implantación empresarial.

Desenvolveranse tamén unha redefinición da Axenda de Emprego centrada en dar resposta ás novas necesidades no traballo, a seguridade laboral, a formación para o emprego e o reforzo dos programas de contratación e das Estratexia para os Autónomos e a Economía Social.




Formúlanse tamén medidas de apoio específico tanto a novos proxectos tractores como á cadeas de valor estratéxicas vinculadas ao sector agrogandeiro, o pesqueiro, o comercio e o turismo, as industrias manufactureiras e culturais, o transporte e a construción, con medidas concretas para promover a súa reactivación.

E finalmente propóñense medidas relacionadas coa xestión racional e rigorosa da facenda pública e da captación de fondos, facilitando medidas de liquidez a empresas contratistas ou a receptores de axudas da administración; propoñendo incentivos fiscais desde as distintas administracións; e deseñando unha estratexia para a xestión dos fondos europeos e dos proxectos de cooperación transfronteiriza con Portugal.

# REFORZO SOCIOSANITARIO ATA A DESAPARICIÓN DA EPIDEMIA



## UN SISTEMA SANITARIO EN ALERTA PERMANENTE

Galicia foi a primeira comunidade en saír do estado de alarma pero permanece baixo a declaración de emerxencia sanitaria e sometida a unhas estritas medidas de prevención aprobadas a través dun exhaustivo acordo do Consello de Xunta. Previr os rebrotes e manter a seguridade sanitaria son os obxectivos principais desta nova etapa, para o que propoñemos:

- **Reforzo dos recursos humanos na sanidade pública.** Para atender as necesidades de persoal derivadas da pandemia da COVID19, procedeuse ao reforzo de máis de 1.700 profesionais naqueles servizos directa ou indirectamente relacionados cos pacientes do coronavirus. Estas contratacións de persoal manteranse e incluso se incrementarán en función das necesidades derivadas da evolución da mesma. 
- **Reforzo da organización e dos recursos humanos de saúde pública co fin de adaptarnos e dar resposta ás distintas necesidades actuais e futuras,** tal e como nos ten amosado a irrupción da pandemia polo coronavirus nos primeiros meses de 2020 e a necesidade de mitigar os seus efectos sobre a poboación e sobre o sistema sanitario, para o que se estableceron e coordinaron os protocolos de vixilancia, detección precoz e control da infección. Esta labor, xunto co reforzo do sistema asistencial, conseguiu reverter a situación epidemiolóxica en Galicia, reducindo a incidencia e mortalidade por esta enfermidade e permitindo avanzar de forma segura a través das diferentes fases da desescalada. 
- Ademais, **priorizaranse a Atención Primaria e aqueles servizos especialmente vinculados ca COVID, tanto asistenciais coma de saúde pública, nas convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego** que faga o SERGAS, que esgotarán a taxa máxima de reposición fixada polo Estado e que, no caso de eliminarse este límite, convocarán todas as vacantes existentes. Para iso, demandarase do Goberno central a eliminación desta taxa de reposición co fin de que se poida chegar ás 3.500 prazas convocadas. 
- Continuaremos co programa de compras de material sanitario, de acordo coas indicacións do Comité Clínico do SERGAS, para manter unha

**reserva estratéxica que garanta o abastecemento de todo o material preciso** para afrontar posibles futuros rebrotes da COVID-19 ou calquera outra crise sanitaria.

- **Conversión da atención primaria en rede de vixilancia activa para evitar a expansión tanto da COVID-19 como doutras posibles epidemias que poidan xurdir no futuro, a través do** desenvolvemento de Plans locais de saúde que definirán a relación entre atención primaria, hospitalaria, servizos sociais e a comunidade.
- A través de Augas de Galicia, crearase unha **ferramenta para monitorizar a evolución epidemiolóxica a través das augas residuais e os residuos da depuración**, establecendo un sistema de alerta temperá ante que anticipe a información sobre posibles rebrotes.
- **Mellora da atención domiciliaria en atención primaria, proporcionando aos profesionais os recursos necesarios.** A situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 demostrou a importancia deste servizo e queremos seguir potenciándoo coa fin de previr e responder a posibles situacións de rebrote de forma inmediata. Para elo potenciaranse a teleasistencia e a telemonitorización no ámbito domiciliario, nas residencias de maiores e nos centros de saúde, co fin de evitar aos pacientes desprazamentos innecesarios.
- Darase prioridade aos resultados relacionados coa atención a pandemias como a derivada da COVID-19 e coa resposta a situacións de rebrote nas **políticas de integración de ferramentas de intelixencia artificial e big data no SERGAS**, no desenvolvemento da transferencia inversa do coñecemento da investigación biomédica e no fomento da formación e a investigación en atención primaria.
- **Adaptación e actualización, día a día, e seguindo os consellos do Comité Clínico do SERGAS, de todos os protocolos sanitarios e sociosanitarios elaborados durante estes meses como resposta a situación epidemiolóxica**, respondendo ás necesidades asistenciais da cidadanía, tanto as derivadas da COVID19 como a calquera outra que poida xurdir.
- Darase continuidade ás **adaptacións dos espazos nos hospitais realizadas para dar un mellor servizo sanitario e un illamento dos pacientes durante a epidemia do COVID-19**, axeitándose á situación epidemiolóxica existente, fundamentalmente nas Urxencias e nas UCIs. Do mesmo xeito, investíronse máis de 18 millóns de euros en equipamentos específicos para resolver as complicacións derivadas da COVID-19.

- Establecemento de innovacións organizativas e **fomento da investigación orientada a atender aos problemas de saúde mental** na etapa post-COVID-19. 
  - **Fomentar e desenvolver a hospitalización a domicilio**
  - **Programas de teleasistencia en saúde mental:** e-consulta, implantación de atención telefónica e videochamada ou programas psicoterapéuticos online.
  - **Potenciar a atención colaborativa á depresión en atención primaria**
  - **Atención sanitaria en centros sociosanitarios:** programas específicos dirixidos aos colectivos de maiores, senfogarismo e protección do menor.
  
- **Elaboración, no primeiro semestre da lexislatura, dun protocolo de relación entre residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade e a rede sanitaria pública,** tendo en conta a realidade social de Galicia, de xeito que se perfeccionen os mecanismos de resposta ante calquera emerxencia e que se garanta a atención social normalizada, contemplando como elementos centrais: 
  - O reforzo da **permeabilidade entre as residencias, a atención primaria e a atención hospitalaria,** para garantir un seguimento médico constante e de primeira calidade a todas as persoas residentes.
  - A potenciación da **implantación nas residencias dos sistemas de teleasistencia e telemonitorización** que evitan desprazamentos aos pacientes.
  - A posta en marcha dun Plan de **formación permanente para os traballadores dos centros de servizos sociais** de Galicia.
  - **A elaboración dun Plan de renovación e apoio tecnolóxico** dos centros residenciais para maiores e persoas con discapacidade en Galicia.

## UNHA REDE SOCIAL DE SEGURIDADE PARA A RECUPERACIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES

A pandemia da COVID-19 ten deixado secuelas non só sanitarias senón tamén sociais na sociedade galega, ao ter levado a moitas familias a situacións de precariedade derivadas da redución dos seus ingresos. Para garantir a súa recuperación propoñemos:

- Desenvolver o **Plan de Recuperación Social de Galicia** aprobado pola Xunta, que conta con medidas como a tarxeta moedeiro, os menús solidarios ou as ampliacións do programa Xantar na Casa e do Servizo de Axuda no Fogar.

Asemade, neste exercicio incrementárase nun 50% a partida destinada ás Axudas de Inclusión Social e convocarase unha orde especial de axudas para as entidades de iniciativa social: os albergues, as cociñas económicas e comedores sociais, centros de atención continuada, centros de acollida e centros de inclusión.

- **Renovaremos a Axenda Social Única** para loitar contra a pobreza e a exclusión social, en colaboración con entidades sociais e concellos, dando así cumprimento ao mandato parlamentario do último Debate sobre o Estado da Autonomía e dando resposta ás necesidades xurdidas trala pandemia da COVID-19. Actualizarase e ampliarase este plan de actuación, que no período 2016-2020 logrou facer realidade o 96% das medidas daquela recollidas cun investimento de máis de 160 millóns de euros.
- **Reclamaremos a xestión do Ingreso Mínimo Vital para a Comunidade Autónoma de Galicia e reorientaremos parte do orzamento da Risga a complementalo:** unha vez que o Goberno central recoñeceu que a competencia é transferible a algunha comunidade autónoma (logo de ter defendido a necesidade da súa prestación centralizada pola Seguridade Social), o razoable é que Galicia asuma a xestión do Ingreso Mínimo Vital: ten experiencia e bo desempeño desde hai décadas coa Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA); evitaría disfuncións e solapamentos; e ademais Galicia pode garantir a súa vinculación coa inserción sociolaboral dos beneficiarios.
- **Incrementaremos as contías das Axudas de Inclusión Social,** flexibilizando e facilitando o acceso e introducindo novas tipoloxías que permitan responder a problemáticas concretas.

- **Reforzaremos, conxuntamente coa Administración Xeral do Estado, o persoal dos servizos sociais comunitarios básicos municipais e dos servizos sociais de inclusión**, para responder con axilidade e eficacia ás necesidades xurdidas durante e tras a pandemia da COVID 19.
- **Apoiaremos aos centros de servizos sociais para a súa adaptación ás novas circunstancias derivadas da COVID-19.**
- **Fomentaremos iniciativas de conciliación a domicilio**, que permitan garantir a atención á infancia ante a posibilidade dun futuro rebrote.
- **Manteremos ata final de 2020 o incremento ata o 100% do financiamento do custo mensual do alugueiro para as persoas beneficiarias dos Bonos de Alugueiro Social** e desenvolveremos o programa de axudas extraordinarias ao alugueiro para persoas afectadas por causa da crise da COVID-19, reclamando ao Goberno central que aumente a súa transferencia de fondos ás comunidades autónomas ou que, polo menos, permita utilizar para este fin os remanentes de crédito das convocatorias anteriores do Plan de Vivenda.
- Manteremos vixente o **Plan de reforzo de atención ás vítimas de violencia de xénero**, coincidindo co confinamento das mulleres xunto co seu agresor e as posteriores fases de desescalada, e ademais elaboraremos o II Plan de reforzo e atención, en colaboración coas profesionais dos Centros de Información á Muller (82 centros en Galicia) ante a volta á nova normalidade.



## ADAPTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN E DOS SERVIZOS E PROGRAMAS PÚBLICOS Á NOVA SITUACIÓN

O comezo da vindeira lexislatura estará marcada pola adaptación da propia estrutura da administración pública e dos servizos que presta ás novas medidas de prevención sanitaria e á previsión de posibles rebrotes. Para dar resposta a esta necesidade propoñemos:

- Posta en marcha dun **Protocolo marco para a adopción de medidas extraordinarias dentro da administración autonómica**. A Xunta de Galicia, en base á experiencia acadada na xestión da pandemia do coronavirus, aprobará un Protocolo marco para adoptar a súa organización interna fronte a medidas extraordinarias ante sucesos imprevistos tales como emerxencias, forza maior ou riscos sanitarios e biolóxicos. Neste documento integraranse as medidas para facer fronte a esas situacións, elaborando plans de continxencia, comisións interdepartamentais para afrontar a crise ou formación de comités de expertos do ámbito sectorial afectado e coa activación, chegado o caso, do Centro de Coordinación Operativa (Cecop).
- Facilitar a **xestión non presencial dos procedementos administrativos**, evitando desprazamentos á cidadanía e fomentando a extensión do teletraballo para o persoal da administración autonómica, tal e como se detalla no Eixo V deste programa.
- Afrontarase o **inicio do vindeiro curso no ensino non universitario** de Galicia seguindo as pautas temporais habituais noutros anos académicos e, a partir das indicacións das autoridades sanitarias e **cumprindo en todo caso coas recomendacións da Organización Mundial da Saúde**, adoptarase a mellor organización posible das actividades lectivas presencias con medidas que permitan condicións hixiénico-sanitarias e a necesaria adaptación ante posibles continxencias que poidan producirse.
- Establecemento de **axudas ou bonos ás familias para o acceso a internet en caso de volver a precisarse o ensino online fora dos centros educativos**, con especial atención aos residentes no rural e ás familias con menos recursos.
- Desenvolvemento do **Plan extraordinario de investimentos en centros educativos**, que elevará a máis de 51 millóns de euros o investimento para este ano 2020 a través de 535 actuacións de obra e equipamento.



- Colaboración co tecido asociativo deportivo. O traballo coordinado **coas federacións deportivas posibilitou a implementación de Protocolos de práctica segura para cada modalidade e especialidade**. En Galicia, ningún deporte quedou atrás, e os deportistas poderán volver á súa práctica e competición. Continuaremos traballando por esta seguridade mediante axudas directas aos axentes deportivos para a adecuación aos novos protocolos de seguridade, e realizando un traballo técnico e formativo para a mellor adaptación das distintas modalidades á nova conxuntura.
  
- **Perfeccionamento dos sistemas de emerxencias e protección civil.** Á vista da experiencia acadada na coordinación da emerxencia xerada polo COVID19, que motivou a activación do nivel de emerxencia de interese galego do PLATERGA (Plan Territorial de Emerxencias de Galicia), crearase, no seno da Comisión Galega de Protección Civil, **un Grupo de Traballo** específico co obxectivo de sacar as conclusións oportunas sobre a **efectividade das medidas adoptadas durante a pandemia no ámbito do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia**, así como definir e desenvolver un conxunto de accións encamiñadas a afrontar no futuro un posible rebrote e outras situacións similares coas maiores garantías de seguridade.
  - o O Grupo de Traballo estará formado por representantes das diferentes administracións e, en particular, dos diferentes servizos do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (Consortios de extinción de incendios e salvamento, Grupos de Emerxencia Supramunicipais, Servizos Municipais de Protección Civil, Agrupacións de Voluntarios de protección civil, entre outros),
  - o Entre as súas funcións estará a análise e valoración das accións realizadas durante a pandemia por cada un dos servizos, así como a de formular propostas de mellora para a súa consideración, a través dos documentos técnicos de coordinación, pola Comisión Galega de Protección Civil.

# MEDIDAS DE URXENCIA PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA






## PLAN DE REACTIVACIÓN E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Do mesmo xeito que a crise sanitaria foi xestionada co asesoramento continuado dun comité clínico integrado por expertos sanitarios do SERGAS, o goberno do PPdeG quixo que a situación de crise económica fose abordada tamén por un comité plural de expertos económicos composto por personalidades de contrastado prestixio na sociedade civil e nos ámbitos académico e empresarial.

Froito das súas suxestións, a Xunta ten aprobado en xuño un **Plan de reactivación e dinamización económica que o PPdeG se compromete a presentar no Parlamento no inicio da vindeira lexislatura para recoller as suxestións e propostas dos grupos políticos e poder acadar un grande acordo.**

Entre as medidas que propoñemos para o desenvolvemento deste Plan están:

- Facilitar liquidez a autónomos e pemes a través de **liñas específicas, microcréditos** e aprazamento das **cotas de amortización** do primeiro semestre das operacións de préstamo do Igape e XesGalicia, así como a **axilización de pago** a provedores e subvencións.
- Posta a disposición do tecido empresarial de **recursos financeiros** alternativos, de xeito que se poida lograr o triplo obxectivo de reforzar os balances das empresas, favorecer o incremento de tamaño das compañías galegas e dinamizar as cadeas de valor dos sectores estratéxicos. Para elo facilitaranse:
  - o **Préstamos** para que pequenas empresas e autónomos poidan levar a cabo a reconversión das súas actividades, con especial atención ao comercio e ao sector turístico.
  - o **Investimentos no capital social** de empresas con capacidade de dinamización dos nosos sectores estratéxicos, a través de Xesgalicia e de préstamos por parte do Igape.

- **Investimento directo de Xesgalicia en fondos de investimento privados** con retorno no tecido produtivo.
  - **Participacións en capital de Xesgalicia e préstamos con fondos da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para proxectos innovadores.**
  - **Financiación a través de Xesgalicia para proxectos que propoñan solucións para combater a COVID-19.**
- 
- **Impulso á innovación a través de axudas para o desenvolvemento industrial en Galicia de fabricación de elementos de protección e test de diagnóstico e apoios** para proxectos que aporten **solucións innovadoras** contra a COVID-19. 
  - **Fomento da dixitalización** dos autónomos e pemes, de tal forma que permita reforzar a súa actividade e afondar na súa expansión comercial a partir de ferramentas dixitais innovadoras, así como o impulso do **teletraballo**. 
  - **Implantación dunha liña de beneficios fiscais para a adquisición por parte dos traballadores por conta allea de equipos tecnolóxicos para o fogar destinados ao teletraballo.** 
  - **Asesoramento en materia de prevención**, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA); e no plano laboral e económico por medio de Reacciona Igape.
  - **Achega ás pemes e emprendedores a través de liñas específicas de apoio dentro dun programa Talento COVID-19** que inclúa: 
    - **Liña de axudas para proxectos de I+D e aceleradora** de proxectos innovadores.
    - **Préstamos** destinados a proxectos de emprendemento no comercio e a hostalaría post-COVID.
  - Programa de desenvolvemento **de iniciativas innovadoras nun entorno de colaboración aberta** (sanitarias, industriais e sociais). 

- Elaboración dun un **Plan de reactivación destinado ás iniciativas empresariais lideradas por mulleres** beneficiarias do Programa EMEGA e que se visen afectadas pola pandemia da COVID-19, cuxo obxectivo sexa a reactivación do negocio, ademais de facilitarlles formación en dixitalización e comercio online.
- Medidas de **favorecemento da implantación empresarial** como
  - **A posta a disposición de novos emprendedores dos locais comerciais titularidade do sector público autonómico** (máis de 10.000 m<sup>2</sup> en diferentes localidades de Galicia), dotados das condicións para a implantación inmediata dunha empresa, ofrecendo alugamento con carencia de 2 anos e rendas limitadas ata os 5 anos.

A adxudicación realizaríase mediante un concurso público entre pemes, onde se valoraría especialmente a creación de emprego a través dun plan de empresa viable e a dinamización que poda producir no entorno; e primando ás empresas de nova creación ou a aquelas creadas nos últimos anos que fosen seriamente afectadas pola pandemia.

- **Carencia no pago do canon das parcelas adxudicadas en dereito de superficie** de 12 meses no pagamento a aquelas empresas que teñan dificultade para atender os pagamentos mensuais, permitindo tamén ás empresas que non teñen rematado o primeiro ano de carencia (parcelas adxudicadas en 2019) poder sumar os novos 12 meses de carencia, a contar dende o remate da carencia actual.

O importe do canon correspondente ao período de carencia será aboado nun prazo de ata 8 anos contados a partir da finalización do ano de carencia.

- **Prórroga dos prazos para o cumprimento de obrigas en parcelas vendidas:** poderase autorizar a concesión de prórrogas ou ampliación de prazos para o cumprimento de obrigas por parte dos adquirentes de solo empresarial en réxime de compravenda ou dereito de superficie afectados pola situación económica extraordinaria xerada pola COVID-19.

Estas prórrogas poden beneficiar aos 239 proxectos que están actualmente en desenvolvemento en parcelas vendidas polo sector público autonómico e, principalmente, aos adxudicatarios de solo empresarial bonificado, que teñen como obriga esencial a de construír as súas instalacións e dispoñer da licenza de actividade no prazo máximo de tres anos dende a formalización da adxudicación.

## RECUPERACIÓN DO EMPREGO

No ámbito do emprego, como medidas de choque seguiremos apoiando ás familias galegas mediante:

- Adianto do **pagamento das prestacións aos traballadores afectados por un ERTE.**
- **Complementos para persoas traballadoras** que, debido á realización dun ERTE por parte da súa empresa, viron diminuída a súa xornada ou reducidos os seus ingresos, así como apoio a traballadores afectados, con 55 o mais anos de idade, pola extinción dos seus contratos de traballo por proceder de empresas en crise, froito do Acordo de Diálogo Social.



Máis alá das actuacións de choque, a grave crise sanitaria da COVID-19 esixe unha **redefinición da Axenda de Emprego** para acompañar o plan de reactivación económica e recuperar no menor tempo posible a senda de crecemento no mercado laboral, sen deixar de velar e impulsar a calidade no emprego. Para iso, adoptaranse as medidas que faciliten recompoñer o mercado de traballo e dar resposta aos retos do novo escenario:

- Para facilitar a transición cara o novo contexto laboral:
  - o **Novo Paquete de contratación** coas seguintes liñas:
    - **Reforzo do programa Galicia Emprega**, dirixido a apoiar a contratación de desempregados de colectivos con maiores dificultades de inserción, nomeadamente mozos, mulleres, persoas con discapacidade e parados de longa duración
    - Nova **axuda para a contratación de persoal técnico en organismos intermedios** para o asesoramento a empresas en conxunturas provocadas pola COVID 19.
    - **Axudas para a contratación de desempregados para a realización de tarefas no eido rural**, vencelladas coa prevención de incendios e a xestión de biomasa (APROL Rural).
    - Programa de axudas á contratación e formación para as **persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.**

- Impulso do teletraballo: Para facilitar a adopción do teletraballo como forma de organización para reducir riscos asociados a emerxencias sanitarias e manter a actividade desenvolveremos o **programa “PEME Flexible”** para impulsar que as empresas de 50 a 250 traballadores adopten medidas en favor de racionalización de horarios.
  - **Axudas ao relevo xeracional**, tamén como resultado do Diálogo Social, para favorecer a substitución de persoas traballadoras próximas a xubilación por menores de 30 anos desempregados, menores de 35 anos cun contrato temporal na mesma empresa ou desempregadas maiores de 45 anos.
  - **Desenvolvemento do Acordo Interprofesional sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA)**, como vía para a resolución de conflitos laborais individuais, tamén ao abeiro do Diálogo Social.
- Para a recuperación da confianza e seguridade laboral:
- **Axudas para promover nas empresas e autónomos as medidas de prevención de riscos laborais** requiridas para permitir un desempeño laboral seguro.
  - **Actualización de forma permanente por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia dos protocolos de prevención laboral** para fomentar as medidas necesarias na industria e o comercio para continuar coa súa actividade.
  - **Estimular a Responsabilidade Social Empresarial (RSE)** no tecido empresarial galego con programas de axudas específicas como unha peza clave para reforzar a competitividade en tempos difíciles.
- En materia de formación para o emprego:
- **Novo plan formativo para as persoas desempregadas que dará prioridade á formación online** (sen esquecer a presencial), atendendo ás novas demandas das empresas e sectores.
  - **Formación *online* Emprego Galicia**. Impulso de aulas virtuais coa posta en marcha dun novo programa de webinars e seminarios



participativos que faciliten novas competencias para persoas desempregadas e ocupadas.



- o **Programa de Formación no Camiño de Santiago.** Destinado a desempregados, ocupados nos sectores vencellados ao turismo, autónomos, socios traballadores e emprendedores, nos municipios polos que transcorre o Camiño de Santiago.
  - o **Creación de Campus de Emprego** no que os programas duais de emprego gañarán un maior peso específico. Así, poranse en marcha tanto obradoiros de emprego vencellados a contratos laborais cunha duración de dous anos, como novos programas de inserción laboral con entidades sen ánimo de lucro fundamentalmente, centrados especialmente nos mozos e nas mulleres.
  - o **Continuidade das Unidades Formativas** nas Empresas para facilitar a formación á medida da empresa en sectores estratéxicos: automoción, naval e forestal, e con especial atención ás competencias dixitais e ao sector TIC.
- Impulso do emprego autónomo.
- o **Axudas directas aos autónomos** e mutualistas de ata 1.800 euros para apoiar os gastos loxísticos e de actividade daqueles que non percibiron a prestación por cese de actividade por mor da COVID-19.
  - o Reforzo da **Estratexia do Autónomo 2020.** Fortalecemento das liñas establecidas na estratexia como o Bono Autónomo, o Bono Renova ou o Bono Nova Oportunidade, así como as axudas para inicio de actividade, contratación indefinida de persoas traballadoras ou conciliación familiar, para un maior apoio á consolidación e a súa transformación dixital.
  - o **Formación "Autónomos Dixitais"**, dirixido a favorecer a consolidación do emprego autónomo neste escenario e posibilitar a súa competitividade fronte á oferta de grandes empresas ou plataformas, a través da formación en dixitalización.
  - o Fomento de **plataformas colaborativas** sectoriais para prestación de servizos especializados de autónomos, priorizando a industria 4.0, os sectores estratéxicos, servizos e pequeno comercio.



- o **Programa de mentoring** para impulsara á reinvencción dos negocios dos autónomos poñendo á súa disposición metodoloxías e ferramentas de acompañamento.

## APOIO ESPECÍFICO AOS SECTORES PRODUTIVOS TRACTORES E ESTRATÉXICOS

Ademais das medidas de impulso empresarial e do emprego aplicables a todos os sectores, desenvolveremos os proxectos estratéxicos suxeridos polo comité de expertos económicos e anunciados pola Xunta de Galicia nos distintos sectores.

### - Proxectos tractores

O comité de expertos económicos ten recomendado para afrontar a recuperación post-COVID-19 o avance en proxectos relacionados coa innovación sostible, aliñados coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) e susceptibles de recibir financiamento europeo a través do Pacto verde europeo e dos novos instrumentos de fondos de recuperación temporal.




Nese contexto, o PPdeG comprométese a iniciar este camiño impulsando na próxima lexislatura desde a Xunta de Galicia os primeiros tres proxectos tractores nese eido viables e con potencialidade de responder ás demandas da economía post-COVID e mobilizar investimento e emprego:





- o o proxecto de impulso de valorización dos residuos agrogandeiros a través dun **centro para o impulso da economía circular que permita producir biogás e fertilizante**
- o o proxecto de xestión sustentable dos bosques galegos a través do impulso da biodiversidade no monte e pechar o círculo de aproveitamento forestal cun **centro de fabricación de fibras téxtiles a partir da madeira**
- o e o proxecto de **xeración de hidróxeno verde** a través da instalación dunha planta de produción que permita o seu uso como combustible e a súa inxección na rede galega de gasodutos

### - Medio rural




- o Desenvolvemento dun **Plan de liquidez para os operadores do sector primario** a través de:



- Anticipos das axudas directas da PAC;
  - Axilización no pago de subvencións xa concedidas;
  - A concesión de ata un 50% de anticipo nas axudas para investimentos agrícolas, gandeiros e de desenvolvemento rural;
  - Solicitud ao Goberno de España tanto da ampliación da vixencia da liña extraordinaria de cobertura aseguradora de créditos de circulante como do lanzamento dunha nova liña específica de seguro de créditos de circulante para empresas que operen no mercado nacional na que teñan cabida as industrias agroalimentarias.
- **Activación dun instrumento financeiro de apoio complementario** á liquidez apoiado nos fondos FEADER e FEDER, que dea acceso ao financiamento de circulante cunha subvención da totalidade dos intereses, coa posibilidade de subvención dunha parte da amortización do capital e cuns períodos de carencia de 1 ano e de amortización de ata 4 anos. 
  - **Axudas directas e plans específicos de reactivación para os sectores produtivos especialmente afectados pola COVID-19**, que proporcionen asistencia de emerxencia a produtores e pemes daqueles sectores que sexan seleccionados baseándose na evidencia dispoñible dos prexuízos causados pola pandemia nas explotacións, e que fagan propostas de reactivación nos eidos da comercialización, estrutura financeira e outros da mans dos consellos reguladores, asociacións de produtores e organizacións agrarias. 
  - **Promoción e potenciación do consumo local dos produtos galegos do sector primario** a través de: 
    - Impulso de **Mercaproximidade** como canle alternativa de comercialización cara distribuidoras, empresas de restauración e establecementos turísticos, en colaboración cos Grupos de Desenvolvemento Rural
    - **Creación de mercados singulares en localizacións emblemáticas** das catro provincias galegas, que prestixien e poñan en valor as producións agroalimentarias galegas

- **Programa de compra pública responsable no sector da alimentación que achegue produtos agroalimentarios de proximidade aos comedores de centros públicos**, como hospitais, residencias, centros de día ou centros educativos, mediante a activación de cláusulas contractuais que valoren criterios como o fomento do emprego local ou a proximidade do produto vinculada á redución da pegada de carbono.
- **Facilitar o acceso aos novos mercados dos produtos galegos do sector primario a través de campañas de promoción en puntos de venda físicos e dixitais** e da reorientación e flexibilización das axudas para a comercialización, tanto no que se refire ás accións a desenvolver como aos prazos de execución e xustificación das mesmas. 
- Apoiar a adhesión de empresas agroalimentarias galegas a plataformas dixitais como canles adicionais de venda e creación a medio prazo dunha **plataforma dixital propia de produtos agroalimentarios galegos** que agrupe a diversos produtores para alcanzar tamaños mínimos de oferta. 
- Desenvolvemento de **medidas para favorecer a contratación de persoal e o desenvolvemento da actividade agraria a tempo parcial** daquelas persoas para as que a actividade agraria, especialmente nas campañas de recollida, pode supor unha fonte complementaria de ingresos. En particular, estableceranse a través do Fondo Social Europeo reducións ou bonificacións nas cotizacións para a contratación de persoal no sector agrogandeiro e forestal, e instarase ao Goberno central a adaptar os sistemas de pagamento da Seguridade Social ás peculiaridades da agricultura e gandaría a tempo parcial e a ampliar ata finais de 2021 o prazo e alcance das medidas do Real Decreto-Lei 13/2020. 
- **Aceleración da implantación do Plan de formación do agro galego impulsando a teleformación continua**, a través da creación dun departamento especializado no CFEA de Monforte e establecendo programas de formación e asesoramento en marketing e loxística de vendas, así como unha liña de axudas para a contratación por parte das pemes do sector agroalimentario de persoal especializado nestas materias. 

## Marítimo-pesqueiro:

- **Adecuación do sistema comercial e transformador dos produtos do mar** ás novas demandas xeradas pola aparición da COVID-19: 
  - Avanzaremos na **organización da oferta**, baseando esta liña na agregación de oferta de produtos, fundamentalmente para a venda online, e no sostemento e dispoñibilidade da mesma coa adecuación dunha planificación da produción.
  - Fomentaremos a **adecuación da oferta á demanda**, baseada nos novos hábitos de consumo e na afectación por esta nova situación social, cun previsible aumento do consumo doméstico e a recuperación parcial do tempo de preparación dos produtos.
  
- Avanzaremos no **estímulo de consumo**, baseando esta liña na realización de **campañas de promoción de produtos do mar e do seu consumo** mediante a mellora da súa accesibilidade por custe, cunha proposta de rebaixa do IVE para os produtos alimentarios do mar. 
  
- **Promoveremos a sostibilidade e competitividade da nosa frota e do complexo mar-industria fronte á situación creada pola COVID-19**, polo que se desenvolverán **apoios económicos**: 
  - **Axudas sustentadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para os sectores e actividades declarados elixibles no fondo** (frota pesqueira, mariscadoras a pe, acuicultura, transformación e organizacións de produtores).
  - **Axudas directas con fondos propios (de Estado ou mínimos)**: para a compensación parcial de minoracións e perdas e ante a inellexibilidade de confrarías e outros sectores dentro do FEMP.
  - **Liñas de apoio a crédito e liquidez xeral das empresas marítimo-pesqueiro**, con diferentes vías de financiamento e articulación, e centradas en permitir a continuidade na actividade, ben pola necesidade de acometer gastos de carácter fixo ou variables, ou para asumir transitoriamente as fallas de pagamento xeradas ao longo da cadea comercial dos produtos do mar.

- **Articularanse medidas de apoio ao funcionamento do sector, tanto no ámbito organizacional e de xestión como no asesoramento e control da actividade extractiva:**
- Promoveremos o **axuste e reprogramación das cotas de pesca, coa realización da distribución de TAC e cotas** cara aos anos vindeiros atendendo á situación particular do sector.
- Procuraremos o **aseguramento das posibilidades de mantemento da loxística de movemento e disposición de persoal**, especialmente centrados na adopción de medidas de control e prevención sanitaria acordes ás condicións de exercicio da pesca.
- Aseguraremos o mantemento da situación produtiva e organizativa da labor extractiva coa **mantenza da estrutura de asistencia técnica (biólogos) e vixilancia nas actividades marisqueiras**, e procuraremos aumentar a capacidade de almacenamento de produto conxelado como fórmula de flexibilización da comercialización.



## - Construción

- Desenvolveremos **medidas específicas de recuperación para o sector da construción** que, xunto coas medidas xa adoptadas (dotación de máis de medio millón de mascarillas e dunha guía específica en materia de saúde laboral para que a actividade de execución de obras se realizase con garantías sanitarias), permitan garantir a continuidade do traballo neste sector, entre as que se incluírán:
  - Axilizar os procedementos de licitación e adxudicación pendentes na administración autonómica, coa axuda de instrumentos como a celebración das mesas de contratación virtuais.
  - Avanzar en proxectos de futuro, como o Plan de Estradas Intelixentes recollido no IV Eixo deste Programa.

## - Transporte

- Darémoslle **continuidade as medidas xa iniciadas** que permiten unha máis rápida recuperación do sector tras a pandemia da COVID-19, tales como:
  - **Observatorio de Transporte de Mercadorías de Galicia**, que proporcionará ás empresas unha ferramenta para o cálculo dos custos de transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma.
  - **Axudas directas para a instalación de pantallas protectoras de metacrilato nos vehículos de taxi.**
  - **No referente ao sector do transporte público por estrada:**
    - Apoiaremos ao sector no deseño e **implementación de todas as novas medidas sanitarias** requiridas para a súa reactivación segura
    - Reforzaremos o apoio ao sector con **medidas destinadas a paliar o impacto da caída da mobilidade na súa actividade**, continuando coa concesión de anticipos, fomentando o uso do transporte público e acompañando a renovación da frota de vehículos.



## - Comercio

- Desenvolveranse as medidas específicas iniciadas pola Xunta para axudar a este sector, especialmente afectado pola pandemia da COVID-19:
  - **axudas para a adaptación de locais** e sistema de venda online
  - **plataforma de autoavaliación "Comercio Seguro"**, para garantir o cumprimento dos requisitos sanitarios
  - **creación dunha plataforma compartida** que sirva de central de compras para o pequeno comercio ou a organización de feiras dixitais.



- Acelerarase o desenvolvemento de programas como “Comercio 360” para o impulso da dixitalización e dos novos formatos de venda e marketing por internet; a implantación dunha plataforma de aprendizaxe personalizada para a formación dos profesionais do sector; e do impulso do comercio sostible.
- Terase especialmente en conta a este sector nas medidas transversais relacionadas con préstamos, apoio ao emprendemento, formación das persoas traballadoras e apoio ao establecemento de ferramentas colaborativas.

#### - Industrias culturais

- **Desenvolveranse completamente as medidas culturais contidas no Plan de Reactivación dos sectores cultural e turístico** fronte aos efectos derivados da crise da COVID-19, que foi aprobado pola Xunta de Galicia o pasado maio e que contempla apoios específicos, formación e medidas de promoción do consumo para os sectores do libro, audiovisual, música, artes escénicas ou artes plásticas.
- **Elaboraremos novos Programas de apoio ao sector escénico e musical:**
  - Apoiando de maneira estable ao sector escénico da comunidade (residencias artísticas, ciclos, nova programación . .) desenvolvendo medidas de apoio directo, que fomenten a innovación e a creación de novos produtos culturais.
  - A industria musical contará con apoio autonómico específico para desenvolver novos formatos e manter o emprego e o tecido produtivo, malia que a situación a curto prazo impida o normal desenvolvemento dos seus proxectos nas condicións previstas inicialmente.
- **Creación de novos produtos culturais (Galicia Emerxe):** No marco do Xacobeo 2021, promoverase a programación de concertos protagonizados por músicos galegos que combine a participación presencial de público (na medida na que as restricións sanitarias o permitan) coa súa emisión en liña ou televisada. Unha medida que impulse aos artistas galegos e ao conxunto do sector, des-

envolvendo produtos culturais innovadores para o novo escenario post-COVID.

## - Turismo

- **Desenvolveranse completamente as medidas turísticas e as dirixidas ao Xacobeo contidas no Plan de Reactivación dos sectores cultural e turístico** fronte aos efectos derivados da crise da COVID-19, que foi aprobado pola Xunta de Galicia o pasado maio e que contempla medidas de promoción e activación da demanda, creación de novos produtos, financiamento e formación, co fin de desenvolver un modelo de 'turismo de autor' en Galicia.
- **Continuaremos desenvolvendo o gran proxecto marco 'Galicia, destino seguro'**, dirixido á reformulación da estratexia de promoción de destino, á xeración de novos produtos turísticos adecuados ao novo contexto do mercado e á modernización e adaptación do sector turístico. Actuará como ferramenta de mantemento e impulso do sector turístico galego ante o impacto da crise sanitaria e o reto da recuperación de mercados e a confianza dos consumidores. **O seu principal obxectivo e garantir a seguridade de Galicia como destino, traballando directamente cos profesionais do sector e:**
  - **Aportando financiación** para a adaptación dos seus negocios ás novas medidas sanitarias, dotando de medios e equipamento sanitario,
  - E establecendo mecanismos de **asesoramento e apoio a longo prazo** para garantir que o sector se adapte de forma completa e definitiva aos novos escenarios turísticos globais.
- **Plan de formación e profesionalización para profesionais turísticos:**
  - Desenvolveremos unha ambiciosa **programación docente**, produto da colaboración entre o Centro Superior de Hospitalaría de Galicia, o Clúster Turismo de Galicia e os axentes provinciais.

- Elaboraremos unha **formación online e certificable**, que ofrezca ao sector turístico unha rápida adecuación ás novas medidas de seguridade e incida na profesionalización do sector, un dos piares para a recuperación e consolidación a longo prazo do destino.
- **Reorientaremos o Xacobeo 2021 para adaptalo á nova situación, tomando nota das recomendacións xurdidas do grupo de traballo creado pola Xunta** con representantes de todos os colectivos implicados no feito xacobeo, como as asociacións de amigos do Camiño, a Igrexa ou a administración local, ademais de expertos no ámbito económico, cultural e turístico da Comunidade.
- **Divulgaremos o Programa Camiño Sustentable:** O Camiño é moito máis que unha ruta cultural e turística. O que fai única e diferencial á Ruta Xacobeana son os seus valores. E de entre todos eles, destaca a sustentabilidade, especialmente relacionado co mundo post-COVID 19, polo que propoñemos:
  - Desenvolver o programa Camiño sustentable, unha das grandes iniciativas propostas para o Xacobeo 2021, que queremos estender durante a próxima década. Consiste na **implicación dos grandes patrocinadores**, e de toda a sociedade civil, no coidado dos camiños, implantando unha batería de accións e medidas para garantir o seu coidado e a sensibilización en toda a sociedade dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e da Axenda 2030.
  - **Programa 0 plásticos, seguridade sanitaria, uso de recursos locais, eficiencia enerxética**, e un longo etc... de medidas para aplicar no Camiño, como punto de partida e de promoción dunha forma de facer as cousas, comprometida co noso país e co medio ambiente.
- **Estableceranse medidas de modernización e seguridade para Albergues:** a Rede Pública de Albergues de Peregrinos da Xunta de Galicia, con 70 establecementos distribuídos ao longo de todos os Camiños de Santiago, constitúe unha opción de aloxamento moi valorada polos peregrinos que, para afrontar o novo esce-



nario post-COVID 19, debe adecuarse ás novas necesidades de seguridade sanitaria.



- Elaboraranse medidas de **adaptación dos espazos e equipamento aos novos criterios hixiénico-sanitarios.**
- Doutra banda, os albergues da Rede Pública veñen introducindo progresivamente melloras tecnolóxicas. Propoñemos un novo paso co fin de que os usuarios poidan coñecer con antelación a súa ocupación: a **través dun novo sistema telemático de xestión, optimizarase o funcionamento e as decisións dos peregrinos.**

## ACHEGA DE LIQUIDEZ DESDE A FACENDA AUTONÓMICA

Atenderemos as recomendacións no eido financeiro e tributario do comité de expertos económico que van dirixidas para afrontar a crise provocada pola COVID-19, entre as que incluímos:

- Garantir o maior **esfuerzo orzamentario para garantir a liquidez** das empresas afectadas polo coronavirus.
- **Racionalizar o uso dos recursos públicos** en atención aos resultados, para garantir que os cartos achegados polos galegos a través dos seus tributos sexan empregados de xeito eficiente.
- **Axilizar o pago de todos os expedientes** administrativos.
- **Axilizar o pago aos provedores** de bens e servizos para mantelo nun entorno que non supere os 15 días
- **Incentivos financeiros e fiscais aos procesos de concentración empresarial** no marco de sectores económicos de Galicia fortemente impactados pola crise da pandemia.
- **Mantemento da suspensión de prazos ata novembro de 2020 para particulares e empresas que deban presentar autoliquidacións** dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD); de sucesións e doazóns (ISD) e os tributos do xogo.
- **Reclamación dun reparto xusto dos fondos asignados polo Goberno de España para financiar o custo da pandemia da COVID-19** cunha sistemática que, ata o de agora, adoece de falta de consenso entre as Comunidades Autónomas, empregando unhas variables de reparto diferentes ás consensuadas no sistema de financiamento autonómico e que prexudican a Galicia e a súa boa xestión da crise sanitaria.
- Trasladar ao Goberno central e ás entidades locais as medidas no eido financeiro e tributario que recomende o citado comité de expertos, entre as que están:
  - o Demandar do Estado a **eliminación, de forma transitoria, do sistema de pagos a conta do IRPF e do Imposto de Sociedades** para aquelas empresas, directa ou indirectamente, afectadas pola crise da COVID-19.

- o Reclamar ao Executivo central o **establecemento, de forma transitoria nos anos 2020 e 2021, dun sistema de bases impositivas negativas de actividades económicas**, tanto no Imposto sobre Sociedades como no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- o Trasladar ao Estado e a Fegamp que favorezan **acordos fiscais entre suxeitos pasivos e administracións sobre os prazos de ingreso das débedas tributarias** (tax agreement).

## UTILIZACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS E IMPULSO Á COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA

- O novo **Marco Financeiro da Unión Europea** traerá como novidade un Fondo de Recuperación para facer fronte á pandemia da COVID-19 cun importe sen precedentes. É necesario que ese fondo de recuperación se destine, en primeiro lugar, aos países máis afectados e, en segundo lugar, ao igual que os fondos estruturais, se teñan en conta as diferentes categorías de rexións na súa distribución a través de programas operativos similares aos de outros fondos, que permitan a utilización naquelas áreas e sectores máis afectados pola presente crise sanitaria e económica.
- Adaptaremos a cooperación transfronteiriza co Norte de Portugal á situación creada pola crise sanitaria da COVID-19 mediante a elaboración e implementación dun **Plan Post-Covid de Reactivación da Cooperación de Proximidade** para:
  - Darlle un novo pulo ás áreas de fronteira, axudando a superar os problemas que o peche das fronteiras ocasionou durante a declaración dos estados excepcionais provocados pola crise, tanto en España como en Portugal.
  - Impulsar medidas de cooperación reais e efectivas.
  - Recuperar a confianza entre a cidadanía e na propia Eurorrexión.
  - Establecer estratexias que preparen á Eurorrexión para afrontar xuntos a nova realidade post-COVID-19, afianzando o seu papel e reforzando a súa visibilidade como "area segura e confiable".
  - Superar os obstáculos –preexistentes e novos, xurdidos ou reaparecidos con esta crise– na fronteira.
  - Maximizar os investimentos públicos, actuando conxuntamente para conseguir que os achegados pola Unión Europea presten unha atención especial ás áreas de fronteira, co fin de minimizar o impacto do peche perante a loita contra a pandemia.
- Solicitaremos ás autoridades de Madrid e de Bruxelas apoio específico para superar as dificultades xeradas polo peche das fronteiras ao longo destes últimos meses.

## IMPULSO ÁS ACTUACIÓN TRANSVERSAIS

Acelerarase a posta en marcha de actuacións incluídas noutros eixos deste programa, pero cuxa aceleración incidirá positivamente na recuperación económica trala pandemia. Entre elas:

- A **renovación da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega**.
- O **reforzo do selo Galicia Calidade**, para mellorar a competitividade dos produtos galegos nos mercados internacionais.
- Os **programas de dixitalización para as pemes** e, especialmente, para as empresas dos sectores comercial e turístico.
- O **reforzo dos servizos públicos de orientación laboral e formación profesional para o emprego**.



## EIXO II

GAÑAR O FUTURO: O RETO DA  
COMPETITIVIDADE PARA UNHA  
GALICIA INNOVADORA

A tardía adopción de medidas para previr a propagación da Covid-19 e o longo confinamento que a continuación houbo que aprobar fixeron que o parón da produción española sexa o máis intenso de toda a Unión Europea. A reactivación da nosa economía, completamente aberta á española e á europea, vai a requirir enormes esforzos, e unha utilización eficiente e intelixente dos recursos públicos que a Unión Europea vai a aprobar para auxiliar ás economías, que como a nosa, vanse ver máis afectadas pola paralización da produción durante a pandemia.

Pero máis aló das medidas de urxencia, recollidas no Plan de reactivación aprobado polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo para reactivar a economía galega, non podemos esquecer que se queremos gañar o futuro, Galicia ten que continuar preparándose para competir en igualdade de oportunidades coas rexións máis desenvolvidas de Europa e do mundo. E os galegos e galegas teñen que poder acceder, tamén con igualdade de oportunidades, aos recursos técnicos e aos coñecementos que lles permitan incorporarse á sociedade dixital e innovadora global, para poder manter e acceder a postos de traballo de calidade que lles permitan desenvolver os seus proxectos vitais.

A senda de integración de Galicia na sociedade dixital e innovadora levará-nos a priorizar tres grandes liñas de actuacións públicas.

En primeiro lugar, facilitaremos e acompañaremos ao conxunto do noso tecido produtivo na súa adaptación ás esixencias da sociedade dixital e innovadora; incardinando nunha Estratexia Dixital co horizonte 2030 medidas de fortalecemento da capacidade innovadora en Galicia; con investimentos en novas infraestruturas dixitais e 5G; apoiando a I+D+i, tanto privada como pública (para a súa transferencia ao tecido produtivo); e farémolo con medidas específicas de apoio a novas iniciativas (Start-Ups); aos sectores industrias que son estratéxicos (automoción, naval, forestal, téxtil, alimentación); aos sectores nos que Galicia pode liderar os cambios (aeroespacial, biotecnoloxía, enerxía), e aos sectores que máis precisan o apoio público para a súa adaptación ao novo entorno (rural, comercio, turismo ou grandes empresas).





En segundo lugar, garantindo o acceso en igualdade de todos os galegos e galegas a unha educación que lles permita acceder a un traballo estable e con futuro, no ámbito laboral que libremente elixan. Para elo continuaremos mellorando un sistema educativo que está logrando uns resultados moi superiores á media española (tanto en termos de nivel formativo como de integración social). Fortaleceremos no sistema educativo os coñecementos científico-técnicos (tamén os instrumentais aplicados ás ciencias sociais); a aprendizaxe de idiomas; e a Formación Profesional nos sectores produtivos

vencellados ao territorio (F.P. Dual); e a formación continua e para o emprego, de xeito que todos os galegos e galegas que xa están incorporados ao mercado laboral ou arelan incorporarse a el podan adaptarse ás esixencias da constante transformación dixital. Isto require o deseño dunha estratexia que permita aliñar as necesidades do mercado laboral coa formación en todos os ámbitos.

E, en terceiro lugar, contribuíndo á adaptación dos nosos máis tradicionais sectores produtivos á sociedade dixital, para poder aproveitar o inmenso potencial que teñen as nosas empresas e sectores tradicionais (rural, mar, comercio e turismo), favorecendo o seu crecemento e apertura aos mercados español e internacional.

## ADAPTAR O NOSO TECIDO PRODUTIVO E INVESTIGADOR AO CAMBIO DE MODELO





Na próxima década, a innovación non será xa unha posibilidade senón un requisito previo para acceder aos mercados e ás novas formas de consumo dos usuarios. As empresas existentes e as que xurdan deberán partir da base dese ecosistema dixital e innovador, do que tamén forman parte os organismos públicos de investigación, para desenvolver a súa actividade. Propoñémonos acompañalas nese proceso, coas seguintes actuacións:

- Aprobación da **Estratexia Galicia Dixital 2030**, que sobre as bases construídas sitúe a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa. 
- **Creación dun Centro Europeo de Innovación Dixital**, baixo un modelo de colaboración público-privada integrado na rede de coñecemento e capacidades que promove o programa Europa Dixital, apoiando a dixitalización tanto das pemes como do sector público e impulsando proxectos de transformación dixital e a adopción de tecnoloxías innovadoras. 
- Promoción do **desenvolvemento dun ecosistema dixital que integre as iniciativas que no ámbito dos Digital Innovation Hubs están xa a desenvolverse en Galicia**, como as lideradas polo Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e polo Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (Ceaga), que actúan como xanelas únicas de acceso ás tecnoloxías punteiras que precisan o tecido produtivo galego, compartindo capacidades e xuntando esforzos. 
- Posta en marcha de **nodos de especialización tecnolóxica** como instrumentos de cooperación entre administracións e empresas, abertos a diferentes entidades colaboradoras, e que reforcen as capacidades do ecosistema dixital galego. 
- Creación do **Centro de Ciberseguridade de Galicia**, que, nun marco de colaboración cos organismos competentes a nivel estatal e europeo, reforce as capacidades no territorio para dar resposta ás ciberameazas a aos retos de seguridade que afrontará a sociedade dixital.
- Xeración do **ecosistema Govtech**, a través do que pequenas empresas e start-ups proporcionen produtos e servizos tecnolóxicos ás adminis-

tracións, sendo partícipes de importantes procesos de transformación dixital impulsados polo sector público e fomentando o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

- Desenvolvemento dunha **Estratexia Galega de Intelixencia Artificial**, como unha tecnoloxía clave na transformación dixital da economía. A partir dela, constituiremos un comité de expertos que estableza os principios éticos e xurídicos que permitan o seu desenvolvemento inclusivo nun marco de confianza e seguridade.
- Porase en marcha un **Plan de adopción de tecnoloxías intelixentes** en ámbitos estratéxicos para Galicia, facendo especial fincapé na aplicación de técnicas de Intelixencia artificial e tratamento de grandes volumes de datos, así como mecanismos que favorezan a automatización e a seguridade nas transaccións entre varios axentes nunha cadea de valor como a tecnoloxía blockchain (con especial interese de aplicación en iniciativas de identidade dixital, trazabilidade alimentaria, ou automatización de procedementos administrativos,...)
- Aprobación da **Lei de desenvolvemento da "Galicia Intelixente"**, para facilitar a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto, tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos. Esta norma establecerá mecanismos que favorezan a atracción de investimentos e talento dixital, garantindo que a incorporación de tecnoloxías disruptivas se leve a cabo baixo os criterios éticos e de seguridade axeitados. Ademais, establecerá a política rexional de xestión do dato para a súa integración no Marco Europeo de Interoperabilidade.
- Implantaremos un **Plan de infraestruturas dixitais** que desenvolva a sociedade Gigabit: conectividade de altas prestacións e sensorización do territorio.

No marco do plan 5G Galicia impulsarase esta **cobertura para todas as cidades e grandes vías de transporte terrestre**. Así mesmo, desenvolveranse iniciativas de innovación tecnolóxica baseadas nesta tecnoloxía nos diferentes sectores económicos, impulsando o seu crecemento e competitividade. Coa finalidade de facilitar a implantación desta tecnoloxía, elaborárase unha Guía para facilitar o seu despregamento, facendo especial fincapé nas áreas de especial protección, así como nos cascos históricos, para o que incluírá unha ordenanza tipo e unha oficina de asesoramento a concellos.

- Proporase ao Goberno de España a **elaboración conxunta dun Plan Galicia para a conectividade** do futuro que garanta a moi alta conectividade para os motores socioeconómicos (centros científicos, sanitarios ou educativos, así como empresas con alta intensidade de innovación), así como acadar os obxectivos que establece a Comisión Europea, de xeito que todos os fogares poidan acceder a unha velocidade mínima de 100Mbps. 
- **Desenvolvemento dun Pacto pola Ciencia en Galicia**, co consenso de todos os axentes públicos e privados no marco da nova Estratexia de Especialización Intelixente que se deberá aprobar para o novo marco financeiro europeo 2021-2027. Este pacto reforzará a senda de crecemento do investimento público e privado en I+D+i dos últimos anos. 
- Definición dunha **Axenda da investigación universitaria para o escenario 2030** que complete o mapa galego de centros de investigación universitaria identificando novas liñas estratéxicas, que aumente progresivamente o número de prazas de atracción e retención de investigadores distinguidos, ata chegar a 50 novas prazas anuais; e que converta Galicia na comunidade líder en España en adaptar o sistema de investigación ao novo movemento internacional de ciencia cidadá. 
- Desenvolvemento da **transferencia inversa do coñecemento da investigación biomédica**, orientando a investigación dos centros públicos de investigación sanitaria cara resultados que cheguen antes á sociedade e aos pacientes, potenciando os estudos de investigación relacionados con novas patoloxías, tales como a COVID-19. 
- Impulsaremos a **transferencia dos resultados de investigación en todo o sistema de I+D+i de maneira integral**, cunha orientación ao mercado, á demanda e á xeración de retornos económicos. Para iso:
  - Apoiaremos economicamente aos grupos de investigación en todas as fases do I+D+i ata a súa comercialización e internacionalización
  - Traballaremos cos centros tecnolóxicos na mellora da metodoloxía que permita axilizar a xestión da transferencia ao mercado
  - Impulsaremos no tecido empresarial o modelo de I+D+i a través da inclusión de indicadores orientados á transferencia no sistema de incentivos.
- Poremos en marcha o **Programa "Talento Galicia 2025"**, a través do cal:






- Crearemos un **gran programa de contratación estable do mellor talento** que será executado directamente desde a administración autonómica. Para iso, aproveitaremos o Programa OPORTUNIUS, único en España, ampliando a poboación obxectivo a investigadores excelentes que non teñan recibido o apoio de European Research Council (UE).
- Aprobaremos un **decreto que regule a carreira investigadora en Galicia**, que deberá contemplar medidas específicas para evitar discriminacións por razón de xénero, e a partir do cal se inicie unha política de estabilización de investigadores de xeito transversal para todos os centros da Xunta con criterios de calidade e renovación por tribunal.
- Poremos en marcha un **portal de talento que facilite o contacto entre a oferta e a demanda**, permitindo aos investigadores galegos que están fóra coñecer as oportunidades de volver a Galicia.
- Continuaremos o **impulso da transformación tecnolóxica do tecido produtivo galego** que dea continuidade á Axenda Industria 4.0 aprobada en 2014 e que ten ofrecido axudas a 9.000 empresas e mobilizado investimentos por case 1.000 millóns de euros. Serán obxecto de atención preferente, tanto as principais cadeas de valor da economía galega (automoción, naval, agroalimentario, téxtil, forestal, enerxía renovables, TIC, etc.), como aquelas máis novas que se están a desenvolver (aeroespacial, biotecnoloxía, bioeconomía, etc...) para consolidar e facer crecer o noso tecido industrial.



Faremos unha firme aposta por consolidar o novo modelo produtivo, máis innovador, competitivo e con capacidade para dar resposta aos retos da transformación dixital e enerxética do sector industrial, con máis oportunidades para a xente moza e máis capacidade para atraer talento e investimentos. Con este obxectivo, deseñárase un novo paquete de medidas dirixido a construír a Galicia de 2030







- Elaborarase unha diagnose sobre a transformación tecnolóxica e o emprego para facer fronte ao desafío da crecente e acelerada dixitalización da economía e do seu impacto socioeconómico e laboral.
- Deseñaremos estratexias específicas de transformación dixital e especialización nas tecnoloxías facilitadoras, así

como medidas para as cadeas de valor industrial que son clave para Galicia e que teñen recibido un alto impacto da Covid-19, como é o caso da automoción, o naval, o téxtil e a industria forestal.

- Activaremos a demanda de servizos especializados por parte da industria e impulsaremos o interese e coñecemento sobre a Industria 4.0, a través dun Observatorio.
  - Impulsaremos un tecido empresarial de máis tamaño e con capacidade para anticiparse aos cambios e que aposte pola diversificación e a creación de valor engadido
- Promoveremos o **investimento en activos intanxibles** mediante un novo programa para chegar a innovación, especialmente a non tecnolóxica, ás pequenas e medianas empresas. 
  - Apoiaremos a **dixitalización das pemes**, priorizando os proxectos que se identifiquen como necesarios na nova realidade e promovendo o desenvolvemento de espazos compartidos onde as pemes galegas podan validar os seus produtos e deseños (centros de fabricación avanzada). 
  - Consolidaremos o **Programa de Deseño** e o seu uso como panca para a innovación, a competitividade e a internacionalización, prestando especial atención aos materiais innovadores. 
  - Impulsaremos a **creación e crecemento das start ups galegas** a través de: 
    - A creación dun departamento ou órgano específico que lidere a **plataforma StarINGalicia** e coordine as actuacións nesta materia. 
    - O impulso da **innovación aberta corporativa**, de maneira que as pemes podan participar nas propostas de innovación das start ups.
    - O fomento da **captación de talento internacional para as start ups** galegas a través de incentivos fiscais que reforcen a incorporación do persoal necesario para acompañar o crecemento destas empresas e facer de Galicia un referente na economía do coñecemento.
    - A creación dun **selo específico para as start ups galegas** que permita acceder a apoios específicos para a súa consolidación e desenvolvemento.
    - A potenciación **da liña de investimentos directos**, de xeito que se



fortaleza o tecido de profesionais dedicados ao investimento en empresas en Galicia.

- A celebración, cando as circunstancias sanitarias o permitan, dun **gran evento anual de ámbito internacional que dea visibilidade ao ecosistema de emprendemento innovador** en Galicia.
- **Impulsaremos a innovación no rural a través das Casas de Innovación en Lugo e Ourense**, espazos abertos e participativos para toda a sociedade, xestionadas e dinamizadas por unha entidade especializada en colaboración cos axentes do ecosistema de innovación.  
- **Creación da Fundación de Investigación Agraria Aplicada de Galicia**, sustentada na base da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e nos centros de investigación da Consellería do Medio Rural.
  - Contará cun Plan estratéxico que permita a súa actualización estrutural, o reforzamento das plantillas e laboratorios de servizo, o investimento en renovación de laboratorios e parque de maquinaria e o seu desenvolvemento funcional, así como o impulso para acadar a implantación de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos diferentes sectores do noso agro e prestar servizos de xestión, control e certificación aos consellos reguladores.
  - No marco desta actividade orientadora do I+D+i no ámbito agroalimentario e forestal e de transferencia de coñecementos e tecnoloxía ao sector crearase o Reservorio Xenético Vexetal de Galicia, potenciarase o programa de selección clonal de variedades de vide e porase en marcha, co correspondente proceso de licitación, o proxecto de finca escaparate do rural, que denominaremos “Espello do rural galego”, no Pazo de Quián en Sergude, que albergará o Centro de Promoción e Imaxe dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais.  
- **Reforzo do funcionamento e a estrutura do INTECMAR**, co obxectivo posto na ampliación das acreditacións das que dispón, avanzando na axilidade da relación co sector marítimo-pesqueiro e co aumento das competencias no desenvolvemento de proxectos de investigación aplicada ao día a día da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, inserindo, asemade, novos métodos de traballo baseados no uso de vehículos aéreos e navais non tripulados.  
- Crearemos un **novo instrumento de apoio á I+D para as grandes em-**

presas, de xeito que exerzan de tractor das pequenas e medianas da súa cadea de valor, con especial énfase nas tecnoloxías verdes e dixitais.

- Despregaremos **novas iniciativas no eido do Polo Aeronáutico de Galicia** (o programa de innovación sobre vehículos aéreos non tripulados) para consolidar este sector e posicionar Galicia como referencia europea no mesmo.
- Desenvolveremos a **estratexia galega para a consolidación e o crecemento do sector da biotecnoloxía**, coa creación dun Biopolo en Galicia que desenvolverá un efecto tractor sobre os principais sectores produtivos, especialmente no de agricultura, pesca e alimentación.
- Centraremos os esforzos no ámbito da I+D+i no eido enerxético, moi especialmente nun combustible alternativo denominado **hidróxeno verde**, identificado como clave no futuro da transición enerxética e considerado como un dos proxectos tractores para a recuperación económica post-COVID, coas utilidades que se detallan no eixo IV deste programa.
- Posta en marcha dun **Plan de Dixitalización do Turismo**, que aborde un dos grandes retos turísticos da próxima década: a revolución dixital que, coas novas necesidades de seguridade sanitaria, como o control de aforos e fluxos de visitantes, cobra máis importancia ca nunca. Este Plan deberá incluír medidas como:
  - Emprego da información recollida a través do Big Data, dispoñible por Turismo de Galicia para establecer novas dinámicas estatísticas que permitan actualizar as medidas segundo a evolución do mercado
  - Emprego de novas plataforma de comercialización en liña para incentivar as reservas por vía telemática e de maneira directa.
  - Creación de novos produtos, centrados na innovación dixital
- **Creación dun Observatorio para a innovación e a sustentabilidade turística** como espazo de referencia para todos os actores implicados na mellora do sector turístico: empresa (Clúster e asociacións), profesionais do turismo, universidades, institucións e administracións e que teña como os seus eixes de traballo serán innovación, sustentabilidade, seguridade sanitaria e aplicación das novas tecnoloxías ao sector. A través deste observatorio:
  - Impulsaremos á dixitalización, a mobilidade sostible e a analítica de fluxos co fin de impedir o turismo masificado.

- Crearemos solucións para o control dos fluxos como a APP Welcome Santiago, que, con datos obtidos en tempo real, ofrecerá aos visitantes información personalizada e permitirá que saiban en tempo real que lugares se atopan máis conxestionados mellorando así a experiencia de visita.

# FORMACIÓN PARA AFRONTAR ÁS TRANSFORMACIÓN

A Galicia da próxima década afrontará importantes mudanzas derivadas da dixitalización e da globalización. Queremos poñer os medios para que todos os galegos e galegas teñan oportunidade de obter a formación necesaria para que a nosa sociedade se adapte aos vertixinosos cambios que experimentarán os mercados de traballo. Para elo, continuaremos coa adaptación do noso sistema educativo e de FP, reforzando as reformas que tan bos resultados veñen dando nos últimos anos. Para iso impulsaremos:

- Garantía de **acceso igualitario á educación** primaria, secundaria e universitaria a través de medidas como:
  - **Aumento das axudas para libros de texto e do programa de préstamo**, tanto nos importes como no incremento dos niveis de renda necesarios para acceder a eles, de xeito que medre o número de familias beneficiarias.
  - Aposta pola **liberdade de elección das familias**, con apoio á calidade da educación pública; e á concertada dentro da normativa vixente, con especial atención á mellora dos recursos para a atención ás necesidades educativas especiais, así como á orientación, na rede de centros sostidos con fondos públicos.
  - Insistir na defensa de que é precisa unha **proba única e común de acceso á universidade para toda España**, que teña o mesmo nivel de esixencia e garanta a igualdade de oportunidades.
  - Redefinición do **Plan de reforzo educativo do alumnado** (PROA, ARCO, contratos-programa) e desenvolvemento de accións educativas e pedagóxicas que favorezan o benestar da comunidade educativa e axuden a contar con recursos adaptativos ante situacións de crises sanitarias.
  - **Novo Plan de infraestruturas educativas para o período 2021-2025**, que, adoptando un enfoque medioambiental, permita a súa modernización e adaptación ás novas realidades.
  - **Novo plan de financiamento das universidades** do Sistema Universitario de Galicia para o período 2022-2026.









- Aposta polo **mantemento da igualación dos prezos das matrículas de grao e de máster universitario**, consolidando a Galicia como a comunidade cos prezos universitarios máis reducidos.
- Avanzar nunha **mellora das facilidades de acceso á educación universitaria das familias con varios fillos**, progresando de cara á bonificación parcial nas matrículas de primeiro curso dos segundos e seguintes fillos/as e da redución das mesmas en atención ao esforzo académico nos seguintes cursos, na medida na que a recuperación dos ingresos públicos trala crise derivada da COVID-19 o permita.



## ENSINO OBRIGATORIO

- **Aprobación dun marco do modelo educativo e pedagóxico galego**, enfocado ao cumprimento dos obxectivos europeos en materia de educación e que reforce as iniciativas con resultados positivos iniciadas nos últimos anos, tales como a promoción das linguas estranxeiras, os contratos-programa, os protocolos de educación inclusiva ou o papel das bibliotecas escolares.
- Definición dunha **Estratexia de transformación dixital do ensino non universitario de Galicia**, que dará amparo á progresiva extensión do Programa E-DIXGAL de libros e contidos dixitais en ESO, pero tamén noutros niveis educativos, e modernización da contorna virtual de aprendizaxe con contidos gratuítos proporcionados pola Xunta; así como a posta en marcha dos **Espazos de creatividade e innovación dixital**, que permitan non só dotar aos centros de equipamento e ferramentas tecnolóxicas senón da formación e capacitación dixital ao alumnado.
- Reforzo da **Estratexia galega de vocacións científico-tecnolóxicas EDU-STEM**. Incremento da oferta de contidos e coñecementos STEM (científico-técnicos) en todos os centros desde a primaria. En particular, **introducírase o ensino de robótica en todos os centros nos cursos de 5º e 6º de primaria**, avanzando na estratexia que levou a máis de 22.000 alumnos a reforzar a súa formación nesta área, cos máis de 800 kits repartidos polos centros de ensino; e a máis de 5.000 alumnos a recibir esta formación a través de materias de libre configuración.
- Para a implantación da Estratexia Galega EDU-STEM **estenderanse á totalidade dos centros escolares os "espazos maker"** que xa existen en 20 centros da comunidade. Trátase de zonas específicas dotadas cos medios tecnolóxicos necesarios para que o alumnado poida materializar a súa creatividade e fomentar as súas vocacións científico-técnicas a través de proxectos propios de experimentación, o prototipado e a construción.
- **Universalización do ensino plurilingüe, co reforzo do ensino de linguas estranxeiras en educación primaria**. Hoxe, o 75% dos centros xa participan en programas plurilingües, o que beneficia a máis de 100.000 alumnos e alumnas fronte aos apenas 12.500 do curso 2008/2009. Dentro desta aposta pola aprendizaxe de linguas estranxeiras, aumentárase e incentivarase ao alumnado que estuda inglés, francés e portugués.
- Creación dunha rede de **centros de primaria pioneiros en ensinanzas artísticas**.



- Introducción de actividades formativas sobre **habilidades prácticas para a vida**, a través do fomento de actividades extraescolares orientadas á aprendizaxe práctica de materias como trámites básicos relacionados coa actividade laboral, mercantil e administrativa. 
- **Plan integrado de orientación vocacional e profesional** en ESO e Bacharelato, coa dotación dun segundo orientador aos centros de máis de 500 alumnos e a actualización das competencias destas persoas para a súa adaptación continua. 
- **Extensión do Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe)** ata o 100% delas, despois de aumentar as adheridas desde 2009 de 299 a 711. Grazas a este plan, as bibliotecas reciben asignacións para fondos e para mobiliario e outros equipamentos coa finalidade de impulsar o desenvolvemento de proxectos de biblioteca escolar que procuren a dinamización deste espazo como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. 

## FORMACIÓN PROFESIONAL

- Presentación da **Estratexia Galega de Formación Profesional 2020-2030**, que incluíra a mellora da oferta formativa para orientala á plena inserción laboral e á xestión administrativa áxil do recoñecemento das competencias adquiridas por experiencia laboral así como un plan estratéxico para o desenvolvemento da Rede de Viveiros de Empresas creada nestes centros.

A Estratexia incluíra tamén a **ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP)** e a súa conexión co novo Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense, que será referencia en España.

- **Desenvolvemento dun Plan específico de dinamización da Formación Profesional Dual**, que estenda a modalidade de FP Dual de 2º curso ordinario a todos os ciclos sostidos con fondos públicos e, en especial, a todo o rural.

Ampliarase a oferta de FP Dual co impulso da rede de centros dinamizadora da mesma e da figura do responsable de dinamización. Mellorarase tamén a competencia en linguas estranxeiras do alumnado desta formación e o recoñecemento á implicación do empresariado e dos titores de empresa.

- Estenderemos os programas de **Formación Profesional Dual específicos da materia marítimo-pesqueira** aos centros de Ribeira e o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafo), coa inclusión progresiva de novos proxectos en todos os ciclos e aumento dos alumnos matriculados nos mesmos.





## SISTEMA UNIVERSITARIO

- Mellora da **oferta formativa do sistema universitario galego** co desenvolvemento de graos abertos flexibles e coa potenciación da oferta de graos universitarios de futuro e con alta inserción laboral en Galicia.
- Reforzo das linguas estranxeiras na universidade a través da **ampliación da oferta dos graos con grupos en inglés**, implantados por primeira vez hai dous anos.
- Avance na procura da **excelencia académica** do alumnado universitario, dando continuidade aos Premios de Excelencia Académica incorporados neste último curso para incentivar e recoñecer o mérito e esforzo dos mellores expedientes.
- **Fomento da calidade e eficiencia das universidades galegas**, a través do afondamento no programa de especialización dos campus e do impulso do rol do SUG como axente dinamizador e transformador da sociedade galega. Afondarase na relación das políticas de ensino universitario coas de emprego, económicas e industriais, incrementando os graos duais e incorporando aos plans de estudos os 30 roles profesionais de futuro contidos no Informe Galicia 2030.



## FORMACIÓN AO LONGO DA VIDA E INSERCIÓN NO MUNDO LABORAL

- Reforzo da educación ao longo da vida a través dunha **actualización do marco legal regulador da educación de adultos**, que data de 1992. É necesario adaptala ás novas necesidades formativas da actual sociedade e enmarcala dentro do sistema propio da formación profesional e da formación para o emprego. O seu obxectivo fundamental será que Galicia dispoña de mecanismos de reciclaxe profesional para aquelas persoas cuxos postos de traballo se vexan afectados polas dinámicas de cambio derivadas da transformación dixital e necesiten axeitar a súa cualificación a un novo perfil profesional.
- Desenvolveremos, no marco dos acordos acadados dentro do Diálogo Social, **políticas activas de emprego específicas para axudar á adaptación do mercado laboral ao proceso de transformación tecnolóxica e dixital**, como o Plan de recualificación profesional de persoas paradas de longa duración maiores de 45 anos e o Programa de axudas a empresas para a contratación de remudistas.
- **Especialización dos Centros de Formación Profesional da Xunta** para converterse en centros de referencia nacional na impartición de formación en competencias e certificados de profesionalidade vinculados a sectores estratéxicos no seus territorios: forestal, TIC, automoción, naval, aeronáutico e agroalimentario, con especial incidencia no subsector vitivinícola.
- **Poremos en marcha a Axencia de Emprego de Galicia**, concibida como unha entidade aberta, flexible e conectada, que asuma todas as competencias en materia de formación profesional para o emprego, orientación laboral, intermediación, prospección do mercado laboral e servizo ás empresas, substituíndo ao actual Servizo Público de Emprego de Galicia.



A Axencia suporá unha transformación completa do modelo actual, cunha carteira de servizos integral para a poboación activa galega orientada a facilitar a persoas desempregadas, persoas traballadoras e empresas un soporte áxil e eficaz para cubrir as necesidades de recursos humanos do tecido produtivo e contribuír á creación de emprego.

Reforzaranse os servizos de orientación laboral e prospección de emprego, manténdose o apoio á contratación de persoal para desenvolver labores de orientación laboral aberta, ao tempo que se potenciarán as funcionalidades e contidos da súa intranet

para constituíla como un centro de recursos único e unificado de apoio ao seu labor. Tamén se fomentarán as actividades formativas e de actuación no ámbito da prospección de emprego, cun traballo máis próximo coas empresas.

Integrarase na actividade desta axencia a continuidade dos programas de formación online ou Campus de Emprego creados con motivo da recuperación económica post-COVID, así como o impulso da formación á medida a través das Unidades Formativas nas Empresas.






- Regularase o **Marco Galego de Competencias Dixitais**, aliñado coas estratexias europeas na materia e cumprindo coas obrigas establecidas na Lei 4/2019 de Administración Dixital de Galicia, para facilitar aos cidadáns e aos empregados públicos o acceso a uns itinerarios formativos que lles permitan acreditar os coñecementos e habilidades que require o actual contexto dixital, tanto para o seu desenvolvemento persoal como laboral.






Desenvolveranse probas de nivelación para preparar a obtención da correspondente acreditación no Marco de competencias dixitais de Galicia.

- **Apertura dunha Oficina Virtual de Orientación Xuvenil** que atenda as consultas da xuventude sobre programas de educación non formal, emprego e vivenda, especialmente para aclarar as dúbidas relacionadas coa inédita situación actual. Tamén se fará especial fincapé na transmisión de experiencias entre xeracións e na busca de oportunidades nos concellos rurais.
- **Impulso da rede de Espazos Xoves da Xunta de Galicia**, reformulando os seus horarios e a súa programación para adaptalos ás necesidades e preferencias da mocidade.
- Desenvolverase o **Plan Estratégico de Xuventude 2021** que se aprobou este mesmo ano e poranse en marcha as 125 medidas contidas nel. Entre elas, continuarase coas axudas habilitadas este ano para a obtención do carné de conducir, de 400 euros para o de turismo e de 650 euros para o de camión, co obxectivo de facilitar o acceso a un posto de traballo.



- Creación dunha **plataforma dixital de educación non formal**, a través da cal a xente moza poida realizar cursos, obradoiros ou participar en congresos para ampliar as súas competencias e enriquecer o seu currículo formativo.  
- **Favorecer a inserción laboral da xuventude a través dun programa de prácticas remuneradas:** posta en marcha dun ambicioso plan, en colaboración co tecido empresarial e entidades sociais, para facilitar a transición da vida académica á laboral por parte da mocidade. 
- Impulsaremos o **Plan de Talento Dixital**, co obxectivo de establecer os mecanismos adecuados que dean resposta aos perfiles demandados polo mercado laboral. 
- Desenvolverase unha nova estratexia para o **Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG)**, desenvolvendo nel formación permanente así como o novo grao que converterá ao CSHG nun centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela. 

Implantarase tamén neste Centro un viveiro de empresas que dinamice a actividade emprendedora no eido do turismo gastronómico e que amplíe o seu horizonte ao ámbito da investigación e innovación, co obxectivo de que o alumnado saia formado nas últimas tendencias e que contribúa a definir o turismo do futuro.

- No eido marítimo-pesqueiro, crearase unha **plataforma dixital pola que acceder á programación dos cursos de formación planificados polos portos e centros de ensino regrado**, con disposición da información sobre os mesmos.   

## MELLORAR A COMPETITIVIDADE DOS NOSOS SECTORES PRODUTIVOS TRADICIONAIS

As actividades económicas agrícolas, pesqueiras ou de servizos tradicionalmente desenvolvidos en Galicia necesitan o apoio público para facilitar a súa implantación e crecemento. Son sectores con futuro, pero requiren de reformas e actuacións específicas que lles permitan gañar competitividade e mellorar a súa produtividade, logrando na vindeira década superar os avances en crecemento, produción, exportación ou investimento acadados nos últimos anos.

Para isto propoñemos, con carácter xeral:

- **Creación da Oficina "Investir en Galicia"**, que, no ámbito autonómico e no local, teña por obxectivo fundamental a atracción de investimentos a través da simplificación e axilización de todos os procedementos administrativos involucrados na creación de empresas e aprobación de proxectos de inversión; así como a identificación dos límites que para dita simplificación e axilización supón a lexislación española e comunitaria, a fin de fundamentar as propostas de modificación que sexan oportunas.



Esta oficina actuará como un portelo único que ofrezca asesoramento áxil, integral e con valor engadido, a cargo de profesionais especializados, para captar iniciativas empresariais prioritarias para o futuro, ben pola súa dimensión, ben polo seu carácter innovador e potencial de crecemento.

Prestará servizos ás empresas de validación e orientación de proxectos; xestión de todos os trámites e axudas autonómicas; acompañamento nos referidos a outras administracións; localización de solo empresarial; e selección e formación de persoas traballadoras.

- Creación dun **fondo de investimento público-privado co obxectivo de servir de panca de investimento** en forma de capital nas medianas e grandes empresas galegas.
- Posta en funcionamento do **censo do solo empresarial de Galicia** que

ten como finalidade coñecer o espazo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma.



Esta información actualizada permitirá realizar unha toma eficiente de decisións co fin de incrementar a modernización e competitividade das zonas industriais, atraer investimentos, captar novas empresas e favorecer a creación de emprego e o equilibrio territorial.

- **Mellora das condicións das novas adxudicacións de parcelas de solo empresarial** realizadas polo sector público autonómico:
  - o No caso das parcelas adxudicadas en dereito de superficie, ampliando de un ata tres os anos de carencia para iniciar o pagamento do canon e incrementando de 6 a 8 anos o prazo no que estes adxudicatarios poden adquirir a parcela cun prezo bonificado. Tamén se aumentará de 10 a 12 anos o período no que os adxudicatarios en dereito de superficie poden adquirir a parcela co desconto do 40% das cantidades abonadas en concepto de canon neses anos.
  - o No caso de parcelas adxudicadas en réxime de compravenda, ampliando de 1 a 6 meses o prazo para o pagamento da parcela desde a notificación da adxudicación.
- Creación de facilidades para a implantación de grandes iniciativas empresariais, a través da **posibilidade de que a adxudicación do solo empresarial poida levar consigo a posta a disposición dos traballadores da empresa de vivendas en alugueiro a prezos moderados** a través da formalización dos oportunos convenios entre Xunta, concello e empresa, no caso de instalarse en ámbitos rurais e con dinámicas demográficas negativas. Estas vivendas provirían principalmente da recuperación e rehabilitación de inmobles existentes pero, de xeito extraordinario e por causas motivadas, poderían executarse vivendas novas.
- Para axudar á empresa galega a afrontar a nova situación do comercio internacional e manter os datos de exportacións récord acadados nos últimos anos, renovaremos a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega cun novo documento plurianual que dea continuidade para o seguinte período ao plan programa "Galicia Exporta" e busque o **fomento das exportacións fora da Unión Europea para diversificar**

**os mercados nos que operan as nosas empresas. Así mesmo, darase prioridade ao desenvolvemento e implementación de plans de internacionalización dixital debido ao novo contexto.**

- **Defensa das industrias electrointensivas**, reclamando ao Goberno central a aprobación inmediata dun Estatuto que permita a este sector competir no mercado internacional contando cun prezo estable no seu principal factor da estrutura de custos, que é o da electricidade. Acadada esta condición necesaria para a súa viabilidade, defende-rase a continuidade da industria do aluminio primario na comarca da Mariña con implicación directa da Xunta a través da procura de fondos europeos relacionados co Pacto Verde Europeo e coa recuperación post-COVID, así como dun préstamo participativo que tería por obxecto garantir investimento para darlle continuidade á produción de aluminio primario en Galicia.
- **Internacionalización da marca "Galicia" a través do Camiño de Santiago e os seus valores**, non só nos eidos turístico e cultural, senón de forma transversal en múltiples ámbitos: economía, negocios, lingua, educación, tecnoloxía, etc.
- Mellora das posibilidades de internacionalización dos produtos galegos a través dunha **Estratexia das infraestruturas da loxística** en Galicia, que consiga a cohesión territorial de Galicia e a mellora das conexións co exterior desde o punto de vista dos servizos loxísticos.

Esta Estratexia implicará unha análise, avaliación e planificación das necesidades das actuais infraestruturas lineais e de transporte de mercadorías, así como das necesidades para o futuro. Nela terán un papel protagonista o Corredor Atlántico Noroeste de Mercadorías e as conexións cos portos da fachada atlántica e das plataformas loxísticas como a PLISAN de Salvaterra ou o Porto Seco de Monforte.

A estratexia buscará sinerxías coas actuacións e programacións efectuadas e propostas polas CCAA limítrofes e as Rexións Centro e Norte de Portugal, así como as do Goberno Central, permitindo unha mellor situación para acceder a alianzas económicas da Unión Europea como o Mecanismo Conectar Europa.

No marco da estratexia elaborárase a planificación necesaria para o desenvolvemento das áreas de descanso e aseo necesarias para os transportistas de mercadorías, cuxa esencialidade quedou patente na crise da COVID-19.

- **Desenvolvemento da Estratexia de Economía Social Galega**, continuando coa implementación de programas e o apoio e consolidación das empresas deste colectivo, con medidas como:
  - Creación da **marca "ES Galicia"** (Economía Social de Galicia), co obxectivo de promover unha maior visibilidade do sector e a súa contribución en termos económicos e de emprego de calidade, especialmente no medio rural.
  - **Lanzamento do Bono "ES Galicia"**, unha axuda para apoiar a consolidación e crecemento das entidades de economía social e facilitar que leven a cabo accións para captar talento, mellorar as súas capacidades e a intercooperación.
  - Para o desenvolvemento do sector impulsarase o **Consello Galego da Economía Social**, constituído no ano 2019 ao abeiro da Lei de Economía Social de Galicia como espazo de diálogo, coordinación e colaboración entre os axentes e a Administración Autonómica.

Fomentarase tamén a realización de estudos do impacto socioeconómico das empresas de economía social galegas, así como da análise de nichos de mercado de futuro.

- **Actualizarase a normativa aplicable ás entidades de economía social e os procedementos administrativos** de cara a súa simplificación e adaptación aos cambios que teñen transformado a súa realidade, con especial atención ás cooperativas, sociedades laborais e empresas de inserción.
  - **Revisarase a Rede Eusumo como ferramenta de asesoramento na creación de empresas de economía social**, poñendo o foco na identificación e promoción de oportunidades para o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais neste sector.
- **Reforzaremos o selo Galicia Calidade**, que distingue aqueles produtos e servizos de calidade contrastada elaborados en Galicia ou cuxa materia prima ou deseño son de orixe galega, e que representa a aposta da Xunta pola innovación, a sustentabilidade e a competitividade nos mercados internacionais máis esixentes.
    - Nese sentido, impulsaremos que **Galicia Calidade funcione como marca paraugas de todos os produtos que reflexan a excelencia**








**do sector primario galego.** Desenvolveremos unha estratexia de promoción transversal dos diferentes sectores produtivos do noso agro e do noso mar que comprenderá os produtos con denominación de orixe, indicación xeográfica protexida ou distintivo de artesanía alimentaria; os derivados das razas gandeiras autóctonas; os distinguidos polas marcas "Galega 100%" e "PescadeRías"; ou aqueles que cumpran requisitos de excelencia en produción ou transformación.

- Utilizarase tecnoloxía Blockchain para a trazabilidade alimentaria, como mecanismo automático de garantía da marca Galicia Calidade, facilitando mecanismos dixitais de seguimento dende o produtor ao consumidor. Definirase unha estratexia de posicionamento do produto galego na rede e nas canles de vendas online.





## O MEDIO RURAL

- En consonancia e dando continuidade ás medidas tomadas no plan de reactivación post-COVID, darase un **pulo ás medidas relacionadas coa comercialización do produto agroalimentario**, tales como a potenciación de Mercaproximidade como canle alternativa de comercialización en grandes superficies e hostalería ou o impulso de plataformas dixitais de venda, así como:

- O deseño dun **plan de internacionalización das empresas agroalimentarias galegas** e dunha guía explicativa dos trámites para axudar aos produtores. 
- O apoio á participación dos produtores agroalimentarios nos procesos de transformación e comercialización das súas propias producións, especialmente a través de empresas de base cooperativa. 
- **A promoción da creación de organizacións de produtores para a comercialización conxunta** de distintas producións agroalimentarias, aumentando a súa capacidade negociadora e o seu atractivo comercial fronte ás empresas de distribución. 

Para elo, implementaranse axudas para a súa constitución a través do actual Plan de Desenvolvemento Rural, modificaranse os requisitos mínimos autonómicos para a súa formación e solicitarase do Goberno de España a modificación no mesmo sentido da lexislación estatal do sector lácteo.

Incentivaranse estes proxectos de investimento compartido ou en cooperación a través do aumento das intensidade das axudas para os seus investimentos.

- Facilidades para o financiamento público dos procesos de fusión-adquisición de empresas no sector agroalimentario e para proxectos cooperativos que asocien a un conxunto significativo de produtores. 
- Desenvolvemento do recentemente aprobado decreto regulador da artesanía alimentaria coa aprobación de normas técnicas dos diferentes produtos alimentarios en diálogo co sector. 
- Apoio aos investimentos de transformación e comercialización dos produtos agrarios de calidade diferenciada, avanzando nos

procesos de desenvolvemento das Indicacións Xeográficas Protexidas “Pan Galego” e “Vaca galega/ boi galego” e traballaremos na creación dunha figura de diferenciación do aceite galego.

- Abordaremos a tramitación dunha **nova Lei de Calidade Alimentaria**, para dar cobertura ao gran crecemento no sector galego da calidade diferenciada e reforzar o sistema galego de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Esta lei adaptará a lexislación do ano 2005 aos cambios das normativas estatais e comunitarias nos últimos anos, especialmente no eido dos viños, alimentos e bebidas espirituosas; e adecuará a regulación do funcionamento dos consellos reguladores.
- Impulsaremos a aprobación da **Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia**, que regulará o catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal e as ferramentas de mobilización de terra e superficies en estado de abandono, cumprindo as recomendacións da Comisión Especial non permanente de estudo e análise de reformas da política forestal.
  - Facilitará a investigación da propiedade rústica galega en mans de ilocalizables e descoñecidos, coa finalidade da mobilización produtiva e de recuperación da actividade nas zonas de maior abandono, garantindo sempre a seguridade xurídica e a rendibilidade económica tanto para os propietarios como para os destinatarios da terra.
  - Esta lei permitirá recuperar preto de 10.000 hectáreas ao ano usando ferramentas como os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, as agrupacións de xestión conxunta ou as permutas de especial interese agrario.
  - En particular, configurarase unha rede de aldeas modelo para o apoio mutuo destes proxectos; impulsarase a sinatura de convenios voluntarios por parte das persoas propietarias con empresas que, a cambio dun prezo que asegure a rendibilidade dos produtores, compren os produtos destas aldeas; e tamén traballarase conxuntamente cos destinatarios para a promoción conxunta da súa produción.
  - Respecto aos polígonos agroforestais, a partir da entrada en vigor da lei promoveranse proxectos piloto dedicados a reordenación de áreas de vacún, a recuperación de áreas abandonadas para



produccións hortícolas, a recuperación de viñedos en abandono en cada unha das denominacións de orixe ou a recuperación de zonas de concentración parcelaria en estado de abandono para a produción de gandería extensiva.

- Favorecerase a **colaboración e apoio do asociacionismo forestal** para facilitar os procesos de comercialización conxunta de produtos ou xestionar servizos de forestación e silvicultura conxuntos, así como fomentar a interconexión entre as asociacións do eido agropecuario e forestal. Incentivarase calquera figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa (comunidade de bens, sociedades civís, cooperativas, sociedades agrarias, sociedades anónimas ou as actuais SOFOR) que promovan iniciativas de xestión conxunta sustentable e diversificada do monte.
- Continuaremos **apostando pola reestruturación parcelaria como instrumento destinado a mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias galegas**, desenvolvendo a Lei de mellora da estrutura territorial de Galicia (METAGA), que garante o rexistro gratuito das fincas resultantes, sempre co obxectivo de axilizar os procedementos de reestruturación e mellorar a súa eficiencia para rendibilizar as explotacións actuais e facilitar a incorporación de mozos no rural galego.

Nesta lexislatura entregaremos os títulos das concentracións parcelarias actualmente abertas e decretaremos novas zonas de concentración alí onde haxa un interese agro gandeiro ou forestal que as demande.

- **Reforzaremos a estrutura da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como eixo central no proceso de recuperación e posta en valor da terra agraria**, potenciando o papel do Banco de Terras como instrumento de mediación nos arrendamentos, cesións ou alleamentos de fincas rústicas para a súa posta en valor.
  - Crearase un Banco de Explotacións para facilitar a posta en contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais que abandonan a actividade e persoas interesada na incorporación á mesma.
  - Esta axencia será tamén a competente para tramitar os procede-



mentos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica de titularidade incerta e para impulsar proxectos e estratexia de desenvolvemento rural, en coordinación coas oficinas agrarias comarcais, cos distritos forestais e cos grupos de desenvolvemento rural.

- Apoiaremos, acompañaremos e titorizaremos o desenvolvemento de proxectos produtivos no rural galego mediante o **reforzamento da estrutura territorial da Consellería do Medio Rural, cun Plan integral de modernización das oficinas agrarias comarcais e os distritos forestais.**

- Neste plan potenciaremos a súa faceta de asesoramento técnico centralizado, melloraremos a formación do seu persoal, renovaremos o parque móbil e as zonas de atención ao público, facilitaremos a súa accesibilidade, xeneralizaremos os sistemas de cita previa e procuraremos a súa coordinación cos grupos de desenvolvemento rural galegos.
- **Crearase unha oficina agraria móbil** que evite longos desprazamentos dos usuarios máis afastados das oficinas convencionais.
- Seguiranse a implantar protocolos para o escenario post-COVID19 e todas as medidas hixiénico-sanitarias pertinentes para converter estas oficinas nunha zona de máxima seguridade.
- Desenvolverase un Plan de dixitalización destas oficinas agrarias, establecendo mecanismos para a simplificación administrativa, potenciando a tramitación electrónica, facilitando o asesoramento no uso das canles dixitais e permitindo o acceso a un Plan de capacitación dixital especializado para os sectores primarios.

- Impulsaremos a mellora dos **controis sanitarios da produción agroforestal**, desenvolvendo:

- Na sanidade animal: mantemento do impulso e apoio ás AD SG (Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras), posta en marcha dun programa pioneiro en España de certificación oficial de Diarrea Vírica Bovina no gando vacún e reforzo da formación en materia de bioseguridade das explotacións para mellorar o seu status sanitario, con especial atención á formación sobre a peste porcina africana.

En colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), desenvolverase un sistema de control en relación á existencia de aflatoxinas no leite, que permita ademais monitorizar a existencia doutras enfermidades emerxentes, mantendo a seguridade alimentaria dun produto que é esencial na nosa economía rural.

- Na sanidade vexetal: fusión dos órganos con competencias na materia para crear unha unidade específica de identificación, control e erradicación de enfermidades e pragas de corentena dotada dos medios suficientes.
- Desenvolveremos o **plan de formación continua do agro galego** para o período 2020-2024, buscando acadar unha formación de carácter profesional axeitada aos requirimentos das nosas explotacións, promover a inserción laboral da mocidade no agro galego e acadar unha xestión máis eficiente, produtiva e sustentable das explotacións de agricultura, gandaría, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira.



A formación estará adaptada ao escenario de seguridade e hixiénico-sanitario post-COVID19. Serán impartidas neste plan as medidas de sensibilización, implantación de protocolos, riscos laborais derivados da pandemia e todas as disposicións de prevención e de seguridade necesarias.

- Co apoio das universidades galegas e das organizacións representativas dos axentes do sector primario, **desenvolveremos o Plan Estratéxico de Galicia para a PAC 2021-2027**, no que continuaremos apoiando as medidas desenvolvidas nos períodos anteriores e promoveremos novas medidas que dean resposta ás necesidades específicas do agro galego.



Este plan apostará por un novo modelo de pagos directos que manteña o nivel global de apoio á renda dos nosos agricultores, pero que mellore a equidade no reparto das axudas por orientacións produtivas, estratos de tamaño e territorios. Dentro do plan estratéxico incluiremos estratexias sectoriais de desenvolvemento dos nosos principais sectores produtivos como a:

- Estratexia do **sector lácteo**: co fortalecemento do asociacionismo e da capacidade de industrialización en Galicia; co fomento da remuda xeracional; co avance na sustenta-

bilidade da produción; co reforzo do apoio ao control leiteiro e o programa de mellora xenética da raza frisona; e coa creación dun observatorio dos custos da produción leiteira.

- Estratexia do **sector cárnico**: co incremento dos censos de razas autóctonas e a súa valorización como produción diferenciada; a potenciación dos programas de mellora e fomento da raza Rubia Galega; a determinación de protocolos de ceba do gando vacún; a configuración dun manual de boas prácticas na alimentación do porco celta; ou o desenvolvemento dun servizo de matadoiro móbil para o sacrificio de ovellas e cabras, que reduza custos ás explotacións e asegure a trazabilidade.
- Estratexia de dinamización das **comarcas vitivinícolas**: defendendo a prevalencia das variedades de "Vitis vinifera" dentro da Organización Común de Mercados do viño (OCM); apoiando a contratación de traballadores temporais en épocas de máxima demanda; simplificando os trámites das bodegas a través dunha xanela única; actualizando e mellorando os sistemas de identificación de parcelas do rexistro vitícola; e desenvolvendo unha norma que permita recuperar os dereitos de plantación de viñedos que se declaren abandonados para impulsar novas plantacións, mediante a aplicación das figuras contempladas na futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria.
- Medidas de apoio a outros sectores como:
  - o **apícola**, con asistencia técnica, mellora da comercialización e loita contra enfermidades, pragas e a vespa velutina
  - o sector produtor de **oliva e aceite**, con apoio para novas plantacións, mellores infraestruturas e coa identificación das variedades autóctonas galegas
  - o **sector hortofrutícola**, co desenvolvemento dun selo específico de produtos da horta de proximidade
  - e a **agricultura ecolóxica**, consolidando o seu récord de facturación dos últimos anos e fortalecendo a súa promoción e posicionamento internacional.

- Seguiremos apoiando a **modernización das explotacións** mediante as distintas liñas de axuda que tan bos resultados deron nos últimos anos a través da PAC, para o que esixiremos o mantemento dos importes e obxectivos do período actual.

A través destes fondos apostaremos polas incorporacións de mozos á actividade agraria vinculadas a unha formación especializada que garanta o relevo xeracional; polo impulso da sucesión de explotacións a persoas alleas; polos plans de mellora; polas axudas ás instalacións e maquinaria; e polo apoio á modernización ambiental das explotacións, dende todos os puntos de vista: eficiencia enerxética, aplicación respectuosa de xurros e fertilizantes, redución da pegada de carbono, redución da emisión de gases contaminantes, etc...



- Demandaremos ao Goberno central unha **reforma en profundidade da lexislación da cadea alimentaria** para garantir prezos que cubran os custos de produción e defenderemos a fixación dos prezos de referencia dende cada autonomía.



- Continuaremos coas **achegas económicas dirixidas á prevención e á compensación polos danos que causan as especies cinxéticas como o xabaril ou o lobo nas explotacións agrarias**, como expresión do forte compromiso deste goberno co fondo de corresponsabilidade creado e posto en marcha mediante a Lei de caza do ano 2013.



- **Apoiaremos o regadío**, coa modernización das infraestruturas de rega de comunidades declaradas de interese xeral, o apoio ás comunidades que teñan en marcha o proxecto de regadío para acadar a declaración de interese xeral, e co apoio á creación de novos regadíos vinculados a proxectos singulares de explotación agraria.

En particular, impulsarase a **limpeza das canles de regadío da zona da Limia**. A pesares de que as competencias de limpeza son estatais, proporemos un acordo marco de colaboración entre concellos, Estado, Xunta e regantes para iniciar neste ano 2020 actuacións concretas de limpeza nestas canles de rega básicas para a actividade agraria da zona.



- Desenvolveremos o **plan de pastoreo dos montes**, co triplo obxectivo de mellorar a produtividade da gandaría (diminuindo os custos de ali-



mentación), da silvicultura (aumentando a multifuncionalidade das terras forestais, especialmente dos montes en man común) e de actuar como mecanismo de limpeza do monte e prevención dos lumes. O primeiro plan ten xa identificadas preto de 2.000 hectáreas e prevese ir incrementando a superficie a medida que se valoren novas actuacións noutros montes.

- Desenvolveremos o **status de silvicultor activo** para diferenciar ás persoas propietarias forestais que invisten e xestionan activamente as súas propiedades daquelas que manteñen unha actitude absentista ou de abandono.
  - o Ser silvicultor activo esixirá aplicar de forma efectiva os instrumentos de ordenación forestal e manter o monte nun nivel de combustibilidade reducido e baixo criterios de xestión forestal certificados.
  - o A cambio, facilitarase o acceso prioritario ás axudas vinculadas ao sector forestal e as medidas que requiran unha xestión sustentable de montes en situación de abandono ou terras agroforestais infrautilizadas, e solicitarase do Goberno de España a aplicación a este colectivo de incentivos fiscais e reducións impositivas.
  
- Desenvolveremos un **Programa estratéxico do castiñeiro** nas 10.000 hectáreas desta especie novas e nas 5.000 hectáreas de souto tradicional recuperadas cuxa plantación se apoiará ao longo da lexislatura. Impulsarase a produción de árbores de calidade xenética contrastada e desenvolveranse liñas de axuda para a forestación e reforestación con castiñeiros e a recuperación dos souts tradicionais, aumentando a competitividade das empresas de produción, comercialización e transformación. Manterase, ademais, o esforzo orzamentario nas medidas de loita contra enfermidades e pragas do castiñeiro.



## O MAR

- Avanzaremos na dotación de **sostibilidade e competitividade da frota de artes menores**:
  - Fomentando a incorporación de xente nova ao sector, adecuando as axudas para a compra de barcos e mellorando a organización do sector cara a unha ordenación e xestión sostible de recursos e explotación económica.
  - Mellorando a xestión dos recursos, atendendo a unha mellora na distribución de cotas e a adecuación da ordenación do sector mediante a reformulación do sistema de permex e a axilización do sistema de alternancia.
  
- Desenvolveremos **proxectos de certificación da sostibilidade da actividade pesqueira** como sistema de acreditación de cara aos mercados, afondando na diferenciación dos produtos e na valorización da calidade dos mesmos.
  
- Levaremos adiante o **Plan de Acción da Pesca Artesanal-Artes Menores de Galicia 2030**, co obxectivo de desenvolver un proceso de diagnose e deseñar o mesmo co sector.
  - Este plan conformarase atendendo a aspectos como a investigación e coñecemento; a mellora do sector; a conservación do medio e a eficiencia da frota; a comercialización e procesado dos seus produtos; os aspectos económicos e sociais; a diversificación de actividades; o patrimonio cultural marítimo-pesqueiro; e a promoción, difusión e imaxe dos seus produtos.
  - De xeito especial, daráselle atención á avaliación das pesquerías e á gobernanza e xestión pesqueira, outorgando un papel preponderante á consecución dunha mellor aplicación da obriga de desembarque de todas as capturas e á consecución dunha asignación e xestión de cotas máis acaídas para esta frota.
  
- **Actualizaremos o Atlas da Baixura de Galicia**, coa incorporación da base de datos de 2018 e a conformación de fichas por especies e artes de pesca.
  
- Apostaremos pola **ampliación da actividade marisqueira** reforzada na sostibilidade e na rendibilidade:






- Avanzando na mellora das labores de semicultivo e traballando para reforzar a capacidade de subministro de semente, alén de continuar mellorando o estado das augas das zonas de produción.
  - Aumentando a potencialidade económica gracias a unha progresiva diferenciación dos produtos do marisqueo e a unha adecuación das canles de comercialización.
  - Continuando coa liña de sostibilidade social gracias a unha nova flexibilización dos sistemas de autogoberno de permex e do reforzo das prestacións sociais que levan aparelladas.
- Levaremos adiante o **Plan de Acción do Marisqueo Galicia 2030**, co obxectivo de garantir a explotación sostible e conservación dos recursos marisqueiros, integrando aspectos biolóxicos, sociais, de emprego, económicos e medioambientais.




Este plan estará orientado a unha xestión sostible e á conservación dos recursos; á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños; ao desenvolvemento socioeconómico e do emprego; e ao apoio á comercialización dos produtos e á gobernanza.

- Demandaremos do Goberno de España os cambios que permitan facilitar a **adecuación das potencias propulsoras para o marisqueo e a extracción de recursos específicos coma o percebe**
- **Extensión do programa "Primare: lonxas 4.0"**, que permite a automatización dos procedementos e as poxas en liña nas diferentes rulas galegas.
- Posta en marcha dunha **plataforma virtual para os produtos do mar** que permita xerar concentracións de oferta e aumentos de demanda, fortalecendo a diversificación da mesma e a ampliación da venda on-line.
- Elaboraremos o **Libro Verde do Conxelado de Galicia**, coa recepción de achegas por parte das empresas e sindicatos, e a aprobación posterior no Consello Galego de Pesca.
- Reforzaremos a complementación e **diversificación da economía costeira**:



- Traballando nunha actuación redobrada de atención ao patrimonio marítimo-pesqueiro, conxuntando e integrando a labor que se ven realizando co gallo de que este patrimonio sexa posto en valor e sirva de elemento de atracción turística e cultural.
  - Continuando coa liña de traballo que nos achegan as estratexias locais participativas, simplificando os procedementos e tramitacións para desenvolver proxectos e auspiciando a promoción dos mesmos polo sector pesqueiro.
  - Poñendo en marcha unha rede de asesoramento nas zonas costeiras dirixida a prestar apoio na formulación de proxectos, realización de solicitudes de axuda e axilización de execucións e xustificacións en cuestións relacionadas cos apoios dos fondos europeos marítimo-pesqueiros.
- Continuaremos coa liña de **rodaxe e lanzamento de vídeos e accións promocionais que redunden nun mellor coñecemento do sector marítimo-pesqueiro** desde o punto de vista social, con especial referencia ao reforzo da autoestima dos traballadores do sector.  
  - Avanzaremos no proceso de **simplificación da normativa en materia marítimo-pesqueira** para dotar ao sector dun marco xurídico integral e de doada comprensión e consulta. 
  - Artellamento dun **protocolo de coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado destinados á loita contra o furtivismo** e integración da labor dos gardapescas na actuación planificada neste eido.

## O COMERCIO

- Desenvolvemento das medidas implantadas con motivo da reactivación post-COVID, como as axudas para a adaptación de locais e sistemas de venda online; a plataforma de autoavaliación “Comercio Seguro” para garantir o cumprimento dos requisitos sanitarios; a creación dunha plataforma compartida que sirva de central de compras para o pequeno comercio; ou a organización de feiras dixitais.
- **Potenciación do sector comercial galego coa implantación do “Comercio 360”**, poñendo a disposición das persoas comerciantes ferramentas para chegar aos clientes por todas as canles e medios de comunicación posibles. Para isto, seguirase impulsando a dixitalización e os novos formatos de venda, así como a mellora da imaxe física e dixital e o emprego das últimas tendencias de marketing de última xeración. 
- Desenvolvemento dunha **plataforma de aprendizaxe personalizada** para impulsar a profesionalización e mellora da competitividade do comercio local de Galicia, e que poidan formarse nos diferentes ámbitos do seu negocio.
- **Impulso da economía circular e do comercio sostible**, e as sinerxías con outros sectores como o turístico, o cultural, o educativo, o industrial, o agrario ou o pesqueiro, desenvolvendo novas actividades innovadoras que enriquezan a experiencia de compra (turismo de compras, visitas guiadas, accións didácticas, rutas gastronómicas e artesanais, rutas históricas, coñecemento da trazabilidade dun produto, vinculación do comercio coa natureza, etc.). 
- Impulso das **mesas locais de comercio** para garantir a participación das persoas comerciantes e as asociacións nas decisións que afectan ao comercio local e á dinamización e desenvolvemento da actividade comercial.
- **Mellora da imaxe dos mercados populares e promoción das feiras tradicionais**. Posta en marcha de axudas e potenciación da aplicación móbil que informa da súa realización e localización ao longo do ano, complementándose con servizos e sistemas de comunicación para os clientes. 
- **Reformulación dos recintos feirais** adecuando as infraestruturas destes espazos ao novo contexto sanitario, coordinando a súa actividade para optimizar a súa labor de impulso da actividade comercial e empresarial galega, e impulsando a compatibilidade con usos deportivos.

- **Actualizarase a lexislación reguladora da artesanía de Galicia** (do ano 1992) e darase continuidade ás medidas de consolidación da marca "Artesanía de Galicia" nos diferentes mercados para a promoción do produto artesán galego.

## O TURISMO

- Galicia deberá desenvolver e consolidar o seu modelo turístico propio, baseado na calidade e na sustentabilidade. Un **modelo de turismo de autor** acompañado dunha revolución tecnolóxica no sector.
- Continuarase, por tanto, co desenvolvemento das medidas de seguridade sanitaria e formación expostas no eixo dedicado á recuperación trala pandemia, así como coas medidas de dixitalización do turismo desenvolvidas no primeiro apartado deste eixo.
- Deseño da Estratexia TUR21, un **novo plan integral de turismo 2020-2030** que manteña a aposta pola calidade e a profesionalización, pero facendo especial fincapé en garantir o futuro sustentable do modelo, impulsando os recursos endóxeos e coidando o medio ambiente.



Esta Estratexia será unha folia de ruta transversal na que implantaremos criterios de economía circular na cadea de valor das empresas do sector turístico e promoveremos pautas de consumo responsable entre os turistas. Impulsaremos medidas contra o cambio climático, sensibilizaremos aos grupos de interese das empresas do sector e defenderemos unha oferta de emprego turístico de calidade.

- Desenvolvemento de novos **decretos reguladores das actividades turísticas (como os de turismo rural ou turismo activo) que creen incentivos para as empresas que cumpran os obxectivos de desenvolvemento sostible** da Axenda 2030 e os fomenten a través da súa responsabilidade social empresarial.
- Reforzaremos o peso do turismo interno, do que fan os propios galegos en Galicia, no modelo turístico. **Daremos continuidade a iniciativas como Elixé Galicia**, que propón estadías na Comunidade fóra de tempada alta especialmente para colectivos como mozos, familias e persoas maiores.
- **Programa de Impulso de novos produtos turísticos** que active fórmulas adaptadas ao territorio no novo contexto de recuperación.



Colaborarase coas entidades xestoras dos xeodestinos na creación de paquetes/productos turísticos co obxectivo de potenciar a recuperación do tecido turístico a nivel local e o impulso do turismo rural. Os xeodestinos téñense constituído xa como axentes

clave na promoción turística a escala supramunicipal e como polo de desenvolvemento do sector nas súas áreas de implantación.

- Apostaremos pola **calidade turística e polo turismo de autor**:
  - Coa creación dunha nova denominación “**Rutas Q de calidade**” que premien as rutas turísticas e os itinerarios de maior calidade, como xa sucede coas Q para establecementos turísticos nos que Galicia é punteira. Comezaremos implantando as rutas Q gastronómicas e vitivinícolas
  - Impulsando axudas para os restaurantes que, seguindo un manual de boas prácticas, se comprometan a empregar nunha **porcentaxe mínima produtos con denominación de orixe e indicación xeográfica protexida galega**, dando prioridade aos que empreguen produto local.
  - Afondando no modelo de **slow turismo** (pausado e sustentable), implantando medidas sostibles en coordinación coa Axenda 2030.
  - Apostando pola **formación de calidade para impulsar a profesionalización do sector**, dando protagonismo ao CSHG como centro formativo de referencia e polo de innovación turística.
  
- Apostaremos pola **diversificación turística centrada en actividades sustentables**:
  - Impulsando estratexias de captación de **turismo deportivo**, nomeadamente o turismo náutico, xunto coas autoridades portuarias, con paquetes turísticos ligados tamén á vela e outros deportes náuticos.
  - Darase continuidade aos proxectos europeos sobre o **turismo de mergullo**, desde un punto de vista de reforzo da sustentabilidade e do coidado dos océanos.
  - Estratexia de promoción de Galicia como destino dun **turismo de raíces** para terceiras e cuartas xeracións.
  - **Plan de impulso turístico para os núcleos urbanos**, dinamizando pequenas vilas e facendo un aproveitamento sustentable dun recurso fundamental como é o patrimonio, a través da promoción dunha rede de núcleos que destaquen polos seus valores e atractivos e sobre os que se desenvolverán proxectos específicos de









- rehabilitacións física e funcional da man dos axentes locais.
- Apostando decididamente polos **programas de turismo rural**, que garanten unha oferta sostible e desestacionalizada que axuda a potenciar os sectores primarios e a combater a despoboación.
  - Creación da **Ruta dos Faros** para aproveitar estes tesouros patrimoniais ocultos localizados en paisaxes únicas da costa, dinamizando o seu entorno e xerando actividades hostaleiras.
  - Impulso do **turismo de congresos** a través de liñas de axudas que xa están a ter un notable éxito na nosa comunidade.
  - Promovendo o **turismo de saúde**, en colaboración coa Asociación de Balnearios de Galicia, a través dun novo ciclo superior de Técnico Superior en Termalismo e Benestar que aumente a calidade ao sector e levando a cabo investimentos como a piscina flotante de Laidas en Cenlle ou os novos accesos a Cabreiroá en Verín, así como a colaboración na posta en marcha dun Gran Hotel Balneario en Ourense.
- Desenvolverase a Lei de regulación **do aproveitamento lúdico das augas termais** de Galicia, aprobada en 2019 de xeito consensuado co sector para dar resposta a unha demanda social e empresarial. Este marco normativo impulsará nos vindeiros anos o desenvolvemento turístico e económico da Comunidade galega sobre a base dun aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos naturais.

## UNHA DÉCADA XACOBEEA

Despois de once anos sen Xacobeo, na próxima década Galicia vivirá tres. Máis de 5.000 días que conforman unha década Xacobeaa que supón unha oportunidade única para a proxección exterior de Galicia.

- Poremos en marcha o **Programa Camiño Sustentable** para o Xacobeo 2021 pero con vocación de estendelo durante a próxima década. Nel implicarase aos grandes patrocinadores e a toda a sociedade civil no coidado dos camiños a través de medidas de redución de plásticos, eficiencia enerxética, uso de recursos locais e, por suposto, seguridade sanitaria. 
- **Internacionalización da marca Galicia a través do Camiño de Santiago e os seus valores.** Elaboraremos unha estratexia que aproveite o recoñecemento mundial do Camiño para asociar os mellores valores xacobeos á nosa imaxe global, non só nos eidos turístico e cultural, senón de forma transversal en múltiples ámbitos: economía, negocios, lingua, educación, tecnoloxía, etc.
- Desenvolvemento prioritario nos trazados do Camiño de Santiago do Plan para a **mellora da conectividade móbil** en zonas rurais, sendo zonas de grande afluencia de visitantes, nas que as garantías de seguridade e a garantía da accesibilidade dos servizos dixitais para os peregrinos son un tema de vital importancia. 
- Implantación na Rede Pública de Albergues de Peregrinos dun **novo sistema telemático de xestión** mediante o cal optimizarase o seu funcionamento e as decisións dos peregrinos. 
- Un novo **Plan de embelecemento dos Camiños** abrirá liñas de axudas para particulares con propiedades sitas nos camiños para o mantemento e conservación óptima do seu patrimonio e formulará actuacións de embelecemento en colaboración entre todas as administracións que teñan titularidade nos diferentes tramos. 
- **Completaranse os proxectos de mellora e integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa chegada a Compostela** xa iniciados no Camiño Francés no monte do Gozo e Concheiros, no Camiño Inglés no Polígono do Tambre e no Camiño Portugués en Conxo.
- **Aprobación dun Plan Estratéxico da década xacobeaa 2021-2032:** tendo en conta que na próxima década viviremos tres Anos Santos, o obxectivo deste plan vai máis alá de servir de marco para a celebración destes xacobeos, senón crear unha estratexia concreta e planificada sobre a

Galicia que queremos e como podemos impulsar a nosa cultura, o noso turismo e estender a marca Galicia en todo o mundo.

- Dado o éxito do cumprimento do Plan Director do Camiño, formularemos un **novo Plan Director do Camiño de Santiago 2021-2031** que parta da base do xa conseguido en materia de sinalización, promoción e mantemento das rutas e formule novos retos para os novos Xacobeos desta década.
- Completaremos o avance efectuado nos últimos anos ata completar o 100% dos Camiños a través do **Plan de delimitación e ordenación territorial das rutas xacobeas**.
- Redactaremos un **plan de actuacións nos bens de interese cultural (BICs) do Camiño**, concreto e temporalizado ante o absoluto desinterese do actual Goberno central polo seu financiamento.
- Formularase unha **Estratexia de apoio ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago**, creando instrumentos de apoio a estas entidades como piares que son da promoción destas rutas no mundo.
- **Dinamización das marcas Comercio no Camiño e Mercados no Camiño**, establecendo colaboracións con operadores loxísticos para incrementar as vendas no Camiño, así como desenvolver accións de dinamización.
- Desenvolvemento dun **Plan de Promoción dos Camiños de Santiago a percorrer polo mar**, para que se promova a chegada de peregrinos a través dos peiraos galegos executando unha liña de melloras dos atraques, puntos de amarre, abrigos e fondeadoiros, alén de promover a mellora dos servizos prestados aos buques en tránsito que poidan resaltar a capacidade dos peiraos para acoller peregrinos.
- Creación dun **grupo policial específico dentro da Policía Autonómica para atención e auxilio ao peregrino e ás rutas xacobeas**, controlando o fluxo de visitantes e reforzando a seguridade nos albergues e no camiño.
  - o Implantarase e desenvolverase pola dita unidade policial, en coordinación co departamento responsable de Igualdade, un programa específico para a prevención e control da violencia sexual. Neste marco, realizarase unha campaña de concienciación con indicacións básicas para a convivencia no Camiño e incidirase na seguridade daquelas peregrinas que fan o camiño en solitario.

- Para acometer con éxito estas tarefas, sen desatender as outras que exerce este corpo policial (protección de menores, protección do medio ambiente, loita contra os lumes forestais, as asumidas en 2010 sobre control do furtivismo e as asumidas en 2016 sobre protección de vítimas de violencia de xénero), é imprescindible que o Ministerio do Interior incremente as prazas de axentes de Policía destinados a esta unidade ata non menos de 500.
  - Do mesmo xeito, solicitarase colaboración ao Ministerio do Interior e ao Concello de Santiago para instalar unha comisaría para atención ao peregrino nesta cidade, destinada a atender ao turista estranxeiro que fora vítima de calquera delito, a través dun equipo de expertos policiais e informadores intérpretes no seu propio idioma.
- Elaborarase un **informe de impacto de xénero do Camiño de Santiago, de cara ao Xacobeo 2021**, que permita analizar o impacto para as mulleres da economía que xera o Camiño e que detecte as necesidades de medidas ou servizos de conciliación que poderían ofertarse nos Camiños.
  - **Posta en marcha dun Plan de voluntariado para o Xacobeo** dirixido tanto á mocidade como á xente maior, co obxectivo de aproveitar o seu potencial e axudar, entre outras funcións, a xestionar os fluxos turísticos para garantir o cumprimento das medidas de protección sanitaria.
  - Aproveitamento do tirón dos Anos Santos para o **lanzamento de novos paquetes turísticos post-Xacobeo**. Poñeremos en marcha unha programación-ponte que xunte os tres xacobeos, desenvolvendo iniciativas culturais e turísticas que abrangan toda a década Xacobeana e maximicen os beneficios dos Anos Santos.

## EIXO III

**GAÑAR O FUTURO: O RETO DA  
COHESIÓN SOCIAL: SANIDADE  
PÚBLICA, DEMOGRAFÍA E  
IGUALDADE**

A sociedade galega é unha sociedade cohesionada e solidaria. O foi historicamente. E volveuno a demostrar na gran recesión económica de 2008–2014: os indicadores que miden a desigualdade ou a pobreza amosan unha sociedade máis igualitaria e con menor número medio de familias en situación de pobreza que o conxunto de España, e mesmo que a media do conxunto da Unión Europea; e incluso algunha melloría con relación á situación previa ao ano 2009. Isto é así por razóns históricas, sociais e mesmo culturais, pero tamén porque a través da acción política os gobernos do Partido Popular de Galicia e a sociedade galega foron quen de adaptar e reforzar os servizos públicos que manteñen e impulsan a cohesión social.

Diante das graves consecuencias sociais e económicas que está a xerar a pandemia da Covid-19, a sociedade galega vai a demostrar, unha vez máis, que é unha sociedade solidaria. O demostrou durante o pico da pandemia; o segue a demostrar na actualidade; e o demostrará cando estea superada.

Porque máis aló do curto prazo, queremos continuar promovendo a cohesión social desde o Goberno autonómico ao longo de toda a lexislatura. Porque queremos unha sociedade que lle dea igualdade de oportunidades a todas as persoas, con independencia da súa orixe ou residencia, para poder desenvolver un proxecto vital e laboral propio; e tamén queremos unha sociedade solidaria que proporcione medios e recursos a quen pola súa idade, saúde ou circunstancias vitais precisa do apoio do conxunto da sociedade. Como sociedade cohesionada, debemos de ser capaces de dar oportunidades para a creación de riqueza, pero á vez de redistribuír recursos a favor daqueles que o precisan. E uns servizos sociais e sanitarios de calidade son o primeiro factor de redistribución da riqueza e de cohesión social.

Por iso, en primeiro lugar, reforzaremos a sanidade pública; que acaba de dar unha excelente mostra da súa capacidade de afrontar situacións extremas, grazas aos magníficos profesionais cos que conta. A sanidade pública é o pilar central do noso sistema de benestar, e fixemos grandes esforzos durante a anterior crise económica para mellorar as súas infraestruturas e manter e mesmo incrementar o persoal sanitario público pese as restricións á reposición das plantillas que o goberno central decretou como consecuencia da caída dos ingresos públicos. Agora toca, pese a nova crise que vén, seguir investindo no noso sistema sanitario público para mellorar a súa calidade asistencial, mellorando os servizos aos pacientes, e reforzándoo para os retos sanitarios do presente e dun futuro cada vez máis esixente nos campos da investigación, a prevención, a atención e a curación.

Para poder manter a cohesión social da nosa sociedade debemos encarar a crise demográfica. A excelente nova de estar na histórica cifra dos 83,4

anos de esperanza media de vida, que reflicte o bo funcionamento do noso sistema de benestar e da sanidade pública en particular, vai acompañada do enorme reto de afrontar a crise demográfica, porque se non o facemos perigará a sustentabilidade do noso sistema de benestar. Afrontaremos a crise demográfica con medidas de apoio ás familias que desexan ter fillos pero atopan dificultades para elo; e tamén apoiaremos o retorno dos galegos residentes no exterior e a inmigración, e facilitaremos a vida das persoas que viven nas zonas máis despoboadas e melloraremos os servizos dirixidos á atención dos nosos maiores.

Unha sociedade cohesionada esixe, en terceiro lugar, garantir a igualdade de oportunidades, eliminando todas as formas de discriminación, moi particularmente as que sofren as mulleres en xeral e, sobre todo a que se manifesta a través da execrable persistencia entre nós da violencia machista. Esixe traballar para garantir o exercicio do dereito a unha vivenda digna por todos. E tamén traballar para favorecer a autonomía e independencia das persoas con discapacidade. Finalmente, fomentaremos a tolerancia e o compromiso cos menores, as persoas LTGBI, as familias en risco de exclusión social ou as persoas sen fogar. Coa mesma finalidade: que todos vivamos nunha sociedade máis cohesionada e solidaria.

# PREVIR RISCOS E COIDAR A SAÚDE: COMPROMETIDOS COA SANIDADE PÚBLICA E A PROTECCIÓN NO CONSUMO E NO ENTORNO LABORAL

A sanidade pública de Galicia é o pilar fundamental do noso sistema de benestar. Á súa mellora dedicamos os nosos maiores esforzos para optimizala durante á crise económica. Queremos seguir investindo no noso sistema sanitario público para mellorar a súa calidade asistencial, situando sempre en primeiro lugar aos pacientes e reforzándoo para os retos sanitarios do presente e do futuro, cada vez máis esixentes nos campos da investigación, a prevención, a atención e a sanación.

Os procesos globalizadores e a moderna sociedade de consumo, coas súas vantaxes, son tamén susceptibles de xerar novos riscos tanto para a saúde como para o estilo de vida das persoas: novas enfermidades, adiccións, trastornos, sedentarismo, estafas... O Goberno galego da próxima década debe desenvolver todo un abano de medidas de protección da cidadanía ante estas ameazas.

## PREVENCIÓN: ADICCIÓNS, REDUCCIÓN DO SEDENTARISMO E BOAS PRÁCTICAS ALIMENTARIAS, VACINAS E PROGRAMAS DE DETECCIÓN PRECOZ E SAÚDE LABORAL.

- **Avance con cautela e prudencia cara a saída da situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da COVID-19**, apelando á responsabilidade cidadá e social no cumprimento das medidas de prevención e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias galegas para os distintos sectores de actividade.
- Impulso da prevención da saúde da mocidade coa **renovación da normativa en materia de prevención do consumo de alcohol e incorporando lexislación sobre a prevención do consumo de tabaco.**
- **Actualización dos programas de prevención de condutas aditivas**, co foco no xogo patolóxico, ben sexan as apostas, o xogo por internet ou a adicción aos videoxogos.





- Programa específico de ocio en idades comprendidas entre os 12 e os 16 para previr as condutas aditivas, fundamentalmente o alcoholismo e a ludopatía.



- **Para a loita contra a ludopatía**, especialmente entre os menores de idade, impulsaremos a aprobación definitiva da nova Lei do Xogo de Galicia, cuxa tramitación xa comezou na lexislatura 2016-2020, e que levará aparellada a constitución dun Observatorio Galego de Xogos de Galicia e a elaboración dun protocolo de menores en materia de xogo.

Incrementaranse tamén as campañas informativas e formativas, en colaboración coas asociacións que tratan os problemas derivados da adicción ao xogo, nos centros escolares e á poboación en xeral sobre os riscos do uso abusivo da actividade do xogo.

Formarase tamén aos corpos e forzas de seguridade en funcións de control e inspección do xogo, e asinarase un convenio co Goberno central para a total coordinación dos rexistros estatais e autonómico de "prohibidos": as persoas con adicción ao xogo que se inscriben voluntariamente para que non se lles permita acceder a locais de xogo.



- **Extensión de programas de redución do sedentarismo e alimentación saudable**, tales como cardioescolas, implicando a todos os axentes: alumnado, persoal docente e non docente, concellos e familias.



- Seguiremos **estendendo os programas de redución do sedentarismo e fomentando o acceso á práctica físico-deportiva**. Continuaremos aquí coa especial atención á poboación infantil, implicando ás entidades e organizacións do entorno, principalmente ás agrupacións deportivas escolares, clubs, escolas deportivas municipais e centros educativos.



- Potenciaremos o **programa DAFIS** (seleccionado pola Oficina Europea da Organización Mundial da Saúde como mellor exemplo de boas prácticas en España para a promoción da actividade física no ámbito escolar), ampliando os centros e o alumnado participante.



- Nesta aposta pola xeneralización da práctica de actividade física e deportiva, **traballaremos polo seu incremento no horario lectivo escolar**, xunto a outras medidas como a apertura de centros e instalacións deportivas.



- Avanzaremos nos **modelos de prescrición e planificación do exercicio**

## físico cos profesionais cualificados da sanidade e da actividade física e do deporte.

Solicitaremos do Goberno do Estado unha **regulación do exercicio das profesións da actividade física e do deporte** que garanta unha práctica segura, homoxénea e universal en todo o territorio.

- Seguiremos **achegando á cidadanía os recursos existentes para a práctica deportiva** e de actividade física saudable, investindo na dotación de recursos e instalacións accesibles, seguras e sostibles, tanto na procura da xeneralización da práctica como fomentando modelos que garantan a versatilidade dos recursos e instalacións existentes, cunha dobre visión de plurifuncionalidade e especialidade das mesmas, segundo respondan á xeneralización da práctica deportiva ou ao alto rendemento.










Nese sentido, incluíranse como proxectos subvencionables nas axudas a concellos para infraestruturas municipais os de creación de zonas ou instalacións, e a implantación de medidas que incrementen a seguridade e accesibilidade das mesmas, co obxectivo de fomentar a práctica de actividade física e deportiva entre os distintos segmentos da poboación, e especialmente a das mulleres.



Completaranse, asemade infraestruturas dedicadas á actividade física como o novo complexo deportivo e lúdico no que se instalará o parque acuático da comarca de Ourense.

- **Posta en marcha do proxecto "Xanela Aberta á Familia"** para a promoción da saúde e prevención da enfermidade, que abarcará as etapas pre-concepcionais, o embarazo, a infancia e a adolescencia.
- Mellora da alimentación saudable a través do **programa de compra pública responsable no sector da alimentación**, que achegue produtos agroalimentarios de proximidade aos comedores de centros públicos como hospitais, residencias, centros de día ou centros educativos mediante a activación de cláusulas contractuais que valoren criterios como o fomento do emprego local ou a proximidade do produto vinculada á redución da pegada de carbono.



- Reformularemos e actualizaremos as **campañas de consumo de peixe entre os nenos e nenas**, coa introdución de novas imaxes e accións, así como o redeseño de iniciativas das campañas e complementación de materiais de traballo nas aulas. 
- Crearase, en colaboración coas asociacións, un **selo para distinguir os establecementos hostaleiros máis concienciados coas necesidades específicas da poboación celíaca**, de xeito que Galicia sexa a comunidade con máis opcións 100% libres de glute.
- Impulso de novos **servizos de atención sociosanitaria ás persoas novas que sofren trastornos da alimentación**. 
- **Actualización permanente do calendario vacinal**, coa incorporación de novas vacinas de acordo coas evidencias científicas consensuadas e co desenvolvemento de sistemas de alertas para a detección das persoas que non completaron o seu calendario.   

- Desenvolvemento da **Lei de ordenación farmacéutica**, aprobada en 2019 sen ningún voto en contra no Parlamento e co consenso do sector, para completar a renovación da normativa coa concreción daqueles aspectos que a Lei determinou que foran detallados a través do correspondente regulamento. 
- **Potenciación dos programas de detección precoz** de enfermidades:   

  - o Renovando a tecnoloxía do programa de cribado de cancro de mama
  - o Impulsando o programa de cancro colorrectal, unha vez remata a súa extensión a toda Galicia, para acadar maiores taxas de participación
  - o Estendendo progresivamente a toda Galicia o novo programa de cribado do cancro de cérvix, que comezou como programa piloto en Lugo o ano pasado
  - o Incorporando novos cribados de acordo coas evidencias científicas aceptadas polos expertos en saúde pública e acordadas pola Comisión de Saúde Pública, como o de cancro de pulmón ou os de determinadas enfermidades raras.
- **Afanzaremos Galicia como unha comunidade cardioprotexida**, aumentando o número de desfibriladores automáticos situados en lugares de gran concorrencia e instalacións nas que se desenvolvan acti-

vidades recreativas; ao tempo que se impulsa a formación a toda a poboación e, especialmente, da poboación escolar.

- No que respecta á saúde laboral:

- Continuaremos avanzando no traballo integral de prevención de riscos laborais que ten desenvolvido nos últimos anos o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), coa participación activa dos axentes sociais, e que ten permitido que hoxe teñamos en Galicia un 25% menos accidentes de traballo que hai unha década, sendo o 98% leves.

Ante o novo escenario xerado pola COVID-19, o ISSGA seguirá a **actualizar de forma permanente os protocolos de prevención laboral** para fomentar as medidas necesarias na industria e o comercio para continuar coa súa actividade.

Aprobarase a **Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo** e seguiranse a promover accións de difusión, asesoramento, seguimento e control para unha mellor e eficaz xestión dos riscos laborais no tecido empresarial galego e a continua redución da sinistralidade.

- No **sector do mar**, traballaremos sobre a mellora da habitabilidade e seguridade dos barcos e na renovación da frota como condicións de mellora das condicións laborais imprescindibles para garantir o relevo xeracional neste sector.



## ATENCIÓN SANITARIA

- Posta en marcha do **Plan Estratégico de Saúde Mental de Galicia 2020-2024**, que dea continuidade aos avances dos últimos 10 anos nos que se crearon novas unidades de rehabilitación, unidades de saúde infanto-juvenil e unidades de psiquiatría; e se incrementaron as prazas públicas existentes en pisos protexidos, centros de rehabilitación específicos e residencias para persoas aqueixadas de trastorno mental severo.

Este Plan Estratégico terá unha dotación de máis de 80 millóns de euros en 4 anos, destinando parte destes recursos á incorporación de 229 novos profesionais. As súas liñas estratéxicas principais serán a participación do paciente nos seus cuidados e a promoción da súa autonomía; a integración da persoa na contorna comunitaria, apoiándoa no seu proceso de recuperación; a gobernanza e coordinación entre os diferentes sectores implicados na atención ás persoas con problemas de saúde mental; e o desenvolvemento de programas de prevención e atención precoz, poñendo o foco na infancia e nos colectivos sometidos a experiencias traumáticas; así como o establecemento de innovacións organizativas e fomento da investigación orientada a atender os problemas de saúde mental na etapa post-COVID.

- Posta en marcha do **Plan Galego de Oncoloxía**, que suporá un avance para a abordaxe integral dos pacientes e terá como medidas prioritarias axilizar o itinerario de visitas clínicas e acelerar o diagnóstico e o inicio do tratamento. **Incluiranse terapias avanzadas, poñendo en marcha un Centro de Terapia CAR-T en Galicia** e elaborando una estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada para que os galegos poidan beneficiarse deste tipo de tratamentos dunha forma máis próxima.
- Desenvolveremos a **Estratexia de Humanización da sanidade galega** co despregue en todos os centros sanitarios galegos de medidas como:
  - a apertura da UCI pediátrica e a de neonatos para os proxenitores durante as 24 horas do día
  - os bancos de leite materno,
  - as salas de lactancia



- os pictogramas para a orientación das persoas con trastorno do espectro autista
- os baños para pacientes ostomizados.

Ademais, este Plan deseñará unha vestimenta que sexa máis respectuosa coa intimidade e o pudor das persoas hospitalizadas, ao tempo que permita a funcionalidade axeitada.

Tamén traballará para que as persoas acompañantes conten con lugares onde gardar as pertenzas durante a estancia coa persoa enferma ou onde poder cargar os seus dispositivos electrónicos.

- **Manteremos a tendencia dos resultados en transplantes** que colocan a Galicia por riba da media nacional en taxa de doazón a través da sensibilización, a formación e o impulso do programa de doazón en asistolia.
- Traballaremos para **garantir a seguridade do paciente e a calidade asistencial**, protocolizando a abordaxe da dor en nenos e adultos e diminuíndo as resistencias aos antibióticos.
- **Melloraremos o diagnóstico dos pacientes con enfermidades raras** a través da creación de unidades funcionais multidisciplinares que proporcionen atención especializada, garantindo uns tempos máximos para as consultas e probas, formando aos profesionais de atención primaria e hospitalaria e utilizando a tecnoloxía e a intelixencia artificial para axudar aos nosos profesionais no diagnóstico.
- Elaboraremos tamén un **Plan galego de eliminación da Hepatite C** no que, a través dun grupo de traballo formado por profesionais de diferentes áreas de actuación e asociacións de pacientes, se determinen as necesidades e recomendacións específicas e necesarias para lograr a erradicación desta doenza.



## ATENCIÓN PRIMARIA

- **Culminaremos as medidas previstas no Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021**, coa execución do orzamento de máis de 100 millóns de euros cos que foi dotado este Plan. O obxectivo é asumir a denominada Cuádrupla Meta (mellores resultados en saúde e poboacionais; satisfacción do paciente e dos profesionais; máis eficiencia e sostibilidade do sistema sanitario; e mellorar a satisfacción dos profesionais) e unha atención sanitaria baseada en valor, con medidas como:
  - **Creación de equipos de atención primaria multidisciplinares**, nos que se definan novos roles, cunha visión sociosanitaria. A redistribución de funcións permitirá mellorar o acceso a unha atención integral, segura e racionalizar as vías de atención.
  - **Desenvolvemento de Plans locais de saúde**, que permitirán adaptar o marco estratéxico aos requerimentos de cada territorio e definirán a relación entre atención primaria, hospitalaria, servizos sociais e a comunidade, convertendo á Atención Primaria na rede de vixilancia activa para evitar a expansión epidémica da COVID-19 en conxunción con todos os axentes sanitarios e sociosanitarios, así como de calquera outra epidemia que poida xurdir no futuro.
  - Mellora da calidade e experiencia dos pacientes, co obxectivo de **transformar un modelo reactivo nun proactivo**, de maneira que o sistema sanitario se anticipe ás necesidades das persoas, incorporando os factores persoais e sociais na definición das mesmas.
  - **Identificación proactiva dos pacientes en situación de cronicidade** para evitar a progresión da súa situación cara a estadios máis complexos.
  - **Implantación da acción comunitaria como unha actividade normalizada nos centros de saúde**, identificando todos os activos comunitarios dispoñibles e dando visibilidade aos recursos, ás capacidades e ás habilidades de que dispón a comunidade.
  - **Potenciación da teleasistencia e telemonitorización no ámbito domiciliario, nas residencias de maiores e de discapacidade ou no centro de saúde**, para evitarlle aos pacientes desprazamentos innecesarios e mellora da atención domiciliaria en atención primaria, proporcionando aos profesionais os recursos necesarios.
  - Optimización da **coordinación e comunicación entre profesionais, mediante a potenciación da E-interconsulta** entre atención pri-



maria e atención hospitalaria e a designación de profesionais de referencia.

- **Mellora das condicións profesionais e salariais do persoal**, creando máis prazas, fundamentalmente nas categorías deficitarias, e xerando un marco profesional estable.
- Mantemento do **compromiso de continuar con ofertas periódicas de emprego público nas categorías específicas de atención primaria**.
- Reforzo con novas cotas de familia daqueles dispositivos cunha elevada carga asistencial.
- Continuación da **implantación progresiva da categoría de enfermería familiar e comunitaria e de enfermería especialista en pediatría**, mediante a dotación de novas prazas.
- **Potenciación da presenza doutras categorías profesionais en atención primaria**, cuxo papel resulta tamén fundamental no desenvolvemento da atención á cronicidade e o envellecemento da poboación, como son a de fisioterapeuta e a de traballo social. Identifícase tamén a necesidade de incrementar prazas de farmacia de atención primaria, e de enfermería na especialidade obstétrico-xinecolóxica.
- **Fomento da formación e a investigación en atención primaria** para dispoñer de profesionais coas habilidades/competencia/capacidade idóneas para dar adecuada resposta aos cambios que a organización e a sociedade necesitan, potenciando a investigación relacionada con novas patoloxías tales como a COVID-19 ou outras enfermidades.
- Construción, reforma ou ampliación de centros de saúde, desenvolvendo proxectos como os centros integrais de saúde (CIS) de Lugo, Lalín e Vigo, así como novos e modernos centros como o de Moaña. Mellora do equipamento en base ás necesidades detectadas polos xefes de servizo e/ou coordinadores de servizo de atención primaria.



## ATENCIÓN HOSPITALARIA

- Culminación da **implantación da Hospitalización a domicilio como eixo fundamental para aumentar a capacidade asistencial** dos hospitais e dar un maior e mellor servizo ós pacientes sen necesidade de desprazamento.



- **Aumentaremos a superficie asistencial hospitalaria**, con:

- máis salas e postos de urxencias
- máis consultas e gabinetes
- máis quirófanos e salas de técnicas
- máis camas e máis postos de hospital de día

en toda a rede hospitalaria de Galicia, fundamentalmente con grandes obras e investimentos nos hospitais públicos de:

- Ferrol, coa execución da primeira fase do Plan Directo, que supón a remodelación dos hospitais Naval e Arquitecto Marcide e a construción de dous novos edificios anexos ao último, incrementando nun 54% a superficie hospitalaria actual
- A Coruña, desenvolvendo o proxecto construtivo do novo CHUAC, que duplicará a actual superficie con máis de 200.000 metros cadrados para contar cun 108% máis de postos en urxencias, cun 49% máis de consultas, cun 30% máis de quirófanos; cun 15% máis de camas, das que o 55% serán individuais; e cun 90% máis de postos de hospital de día.
- Santiago, cunha reforma que afectará a 30.000 metros cadrados, cunha nova edificación na zona do heliporto á que se sumará outra na de consultas externas, co obxectivo de ampliar as áreas cirúrxica e de urxencias.
- Ourense, cunha renovación completa en cuxa primeira fase incluírase un novo edificio de hospitalización e a reforma do Materno-Infantil.
- Pontevedra, coa execución do proxecto do Gran Montecelo, en cuxa primeira fase construírase un novo edificio hospitalario no que se centralizarán servizos como a área de urxencias, a unidade de coidados intensivos, a hospitalización con ingreso e as especialidades de maior complexidade e que continuará coa reforma da actual edificación, ata ampliar incrementar nun 50% a actual superficie.



- Fortaleceremos a **carteira de servizos dos hospitais comarcais** a través da potenciación dos hospitais de día e das unidades de hospitalización a domicilio (HADO) en cada un deles, así como de obras de mellora tales como a construción da segunda fase da ampliación do Hospital da Mariña.





Para facilitar a **cobertura dos postos nos hospitais comarcais**, na mesa sectorial xa se incorporou unha puntuación no baremo de méritos para aqueles profesionais que exercen ou exerceron nos comarcais. Nos vindeiros anos negociaranse medidas como a posibilidade de aumentar a puntuación no caso de especialidades médicas de especial dificultade de cobertura e outros incentivos na carreira profesional.

- Continuaremos a **dar prioridade aos tempos de agarda nos hospitais**:
  - o Establecendo os tempos de agarda en función da gravidade dos pacientes.
  - o Garantindo uns tempos máximos para una cirurxía, consulta ou probas para pacientes con enfermidades graves.
  - o Aumentando as vías rápidas para derivación áxil dos pacientes con sospeita de cancro ao hospital.
  - o **Incrementando o número de patoloxías incluídas no decreto de garantías de tempos máximos**, que facilitou atención cirúrxica en menos de 60 días e consultas e probas en menos de 45 a preto de 90.000 persoas en dous anos, sen necesidade de derivacións a centros privados ou concertados.
  - o Regulando os prazos máximos de intervención dos pacientes con patoloxías fora do decreto de tempos máximos que descartan as intervencións cirúrxicas en centros concertados.
- Garantiremos a **calidade da atención urgente nos hospitais** aumentando as tecnoloxías e a informatización dos servizos de urxencias que permitan a trazabilidade dos pacientes.



## PROTECCIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS

- Impulsaremos **medidas que faciliten a acción colectiva das persoas consumidoras**, especialmente daqueles máis vulnerables, ante prácticas abusivas xeneralizadas.
- Reforzaremos a concienciación e formación das persoas consumidoras en relación co exercicio dos seus dereitos, a través da **Escola Galega de Consumo**.
- Desenvolveremos un **procedemento de arbitraje dixital de consumo** para axilizar a resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas e evitar desprazamentos. 
- Posta en marcha dun **Plan de Inspección Comercial Dixital**, tanto desde o punto de vista comercial como do consumidor, para garantir a igualdade de condicións do mercado físico e dixital e o correcto funcionamento dos diferentes canles de venda. 
- **Creación dun Rexistro de Axentes Inmobiliarios de Galicia** coa finalidade de fomentar a calidade dos servizos que prestan os axentes inmobiliarios, incrementar a transparencia do mercado inmobiliario e garantir a protección das persoas consumidoras e usuarias.
- Avanzaremos na protección dos dereitos da cidadanía mediante unha **modificación da Lei galega de colexios profesionais**, para permitir á Administración galega perseguir e sancionar a aqueles que cometan intrusismo profesional e que poñan por tanto en risco a saúde ou a integridade dos seus clientes.
- Aprobarase o regulamento de **desenvolvemento da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia**, que detalle os requisitos e características das festas e verbenas populares, das atraccións de feira, as condicións técnicas dos espectáculos, a venda de entradas, as condicións de admisión, as condicións de seguridade, con especial referencia ás medidas de carácter sanitario, así como as funcións de inspección e control dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Ademais, porase en marcha o Rexistro autonómico de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como de establecementos abertos ao público de Galicia.

# A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA COMO CLAVE PARA A COHESIÓN

A Galicia da vindeira década aborda o reto demográfico como o tema central para a súa cohesión social, dada a súa dobre dimensión:

- A dimensión interxeracional, na que a evolución demográfica demanda novos sistemas de atención ás persoas maiores ou máis apoio á xuventude na transición á etapa adulta, e reclama incentivos e facilidades para que as familias poidan ter descendencia, ao tempo que se facilita a chegada de nova poboación que equilibre a pirámide demográfica do país.
- A dimensión territorial, que implica que os poderes públicos deben reforzar os servizos de proximidade para evitar o baleirado de grandes áreas do territorio, nomeadamente no rural.

Para desenvolver estas dúas dimensións:

- Aprobaremos a **primeira Lei de impulso demográfico** que ve a luz en España, o que colocará a Galicia como pioneira entre as comunidades autónomas, e proporemos adaptar o seu texto ás novas circunstancias sociais e económicas xurdidas trala crise da COVID-19. Esta lei, que xa foi tramitada durante a lexislatura 2016-2020 e incorporou achegas dos axentes sociais, tanto no Observatorio Galego da Dinamización Demográfica como tralo informe emitido polo Consello Económico e Social, servirá de marco para as iniciativas demográficas que o Goberno galego, as demais administracións públicas e os axentes privados deberán seguir levando a cabo nesta década.



## APOIO ÁS FAMILIAS QUE QUEREN TER FILLOS

Para facilitar os proxectos familiares de todas as persoas, propoñemos:

- **Avanzar cara á universalización da educación infantil, estendendo tamén aos primeiros fillos a gratuidade que arrancou en 2020 para os segundos fillos e sucesivos**, e reclamando para iso a colaboración económica do Goberno central.
- **Plan de apoio ás familias numerosas**, con facilidades para a conciliación, o acceso á vivenda, vantaxes na mobilidade e beneficios fiscais



para estes fogares.

- Aprobación dun **Plan de apoio ás familias monoparentais**, con medidas que respondan ás necesidades específicas destes fogares.
- **Reforzo da rede de escolas infantís, para que Galicia sexa a finais da próxima lexislatura a comunidade líder a nivel nacional en cobertura de prazas públicas**, duplicando as recomendacións da Unión Europea, que sitúa a ratio de cobertura nun 33%. Galicia estaba en 2009 no 20% e hoxe no 44%, ademais de **consolidar as casas-niño** que están á disposición de todos os concellos pequenos.
- **Ampliación dos horarios das escolas infantís de 0 a 3 anos** nas principais cidades galegas, manténdoas abertas de oito da mañá a oito da tarde.
- Colaboración coas administracións locais para **estender os servizos de atención a madrugadores e as ludotecas**, para mellorar as opcións de conciliación á disposición das familias.
- **Aumento da rede de Puntos de Encontro Familiar** para achegar este servizo ás familias do medio rural, así como ampliación do seu horario para responder ás necesidades de conciliación das persoas usuarias.
- **Ampliación dos programas de ocio educativo e tempo libre para ofrecer recursos de ocio saudable**, responsable e de calidade á xente moza, favorecendo así tamén a conciliación familiar.
- **Desenvolvemento de actividades de conciliación nos albergues xuvenís fóra do período estival.**
- Apoio económico para a **instalación de ata 100 servizos de conciliación en empresas galegas** para atender con flexibilidade as necesidades do seu persoal.
- Desenvolvemento do **programa "PEME Flexible"** para impulsar que as empresas de 50 a 250 traballadores adopten medidas en favor de racionalizar os horarios.
- Ampliación das **políticas específicas de fomento da conciliación para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomas**, mantendo as axudas destinadas a apoiar a estas persoas na contratación dun novo empregado por un ano, unha vez rematado o seu período de descanso por nacemento, e na cobertura dos servizos da escola infantil.
- Incremento dos **programas de compensacións salariais para acollerse a unha redución de xornada por motivos de conciliación** no caso de nais e pais con fillos menores de idade.



- Ampliación das **posibilidades de conciliación do persoal da Xunta de Galicia**. Froito da experiencia adquirida durante o estado de alarma, no que se xeneralizou o emprego do teletraballo para máis de 12.000 persoas empregadas públicas, continuaremos mellorando a organización administrativa facilitando fórmulas de conciliación laboral (tanto de flexibilidade horaria como de adaptación de quenda e extensión do teletraballo).





O acceso á flexibilidade horaria incorporará novos supostos, como a condición de vítima de violencia de xénero; o coidado de fillos/as ou menores en acollemento de 12 a 18 anos; o coidado de fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente; ou o coidado de persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade. Pola súa banda, ampliarase a definición de postos de traballo susceptibles de ser desenvolto en réxime de teletraballo e a implantación de ferramentas informáticas para levalos a cabo.



## FACILITAR O RETORNO E A CHEGADA DE NOVOS RESIDENTES

O saldo migratorio en Galicia nestes anos de goberno do PPdeG é neta-mente positivo. Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, desde 2009 en Galicia entraron procedentes doutras comunidades autónomas 3.532 persoas máis das que saíron, mentres que procedentes do estranxeiro foron 44.078 máis as que viñeron que as que marcharon cara outros países. O dato é positivo tamén entre a xente nova: neses anos viñeron a vivir a Galicia 26.697 persoas menores de 30 anos máis das que saíron.

Pero estes datos non son suficientes para frear o noso problema demográfico e, por iso, para facilitar a chegada de novos habitantes a Galicia, especialmente o retorno de galegos residentes no exterior e dos seus descendentes, propoñemos:

- Mellora das Oficinas de asesoramento e seguimento do retorno, creadas no ano 2019 nas catro provincias galegas, a través da inclusión dun **servizo de apoio á tradución de documentos oficiais de estados estranxeiros**, permitindo reducir as barreiras nos trámites administrativos. 
- **Eliminación de barreiras burocráticas para o retorno**, coa demanda ao Goberno de España da flexibilización dos trámites para obter permisos de residencia ou traballo, así como para homologar títulos universitarios ou permisos de condución. 
- Dar continuidade á liña de axudas instaurada en 2019 para as familias que retornen con fillos menores de idade ou que aínda estean a estudar, mantendo a discriminación positiva para aquelas familias que se asenten nunha zona rural. 
- O desenvolvemento dun **programa de acceso directo a unha vivenda habitual** para poñer a disposición das persoas retornadas, resolvendo así un dos principais obstáculos que se atopan para decidirse a iniciar un novo proxecto de vida en Galicia. 
- **Ampliación ata as 1.000 prazas da convocatoria de Bolsas de Mocidade Exterior**, combinando as xa existentes para cursar mestrados ou FP cun novo programa destinado a cursar estudos de bacharelato que, ademais de cubrir o importe de desprazamento e estancia co importe da bolsa, poñerá a disposición das persoas bolseiras o operativo necesario para buscar e seleccionar as opcións de estancia, así como para apoio e acompañamento na súa vida académica e nos desprazamentos.
- Creación de **módulos de formación específicos** para acceso ao emprego, autoemprego ou creación de empresas para as persoas retornadas;

e continuación das **axudas específicas para o autoemprego e emprendemento** das persoas retornadas; así como a extensión da prioridade para este colectivo nas axudas nestas materias convocadas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

- **Prioridade para as persoas retornadas no acceso á formación que se desenvolverá nos Centros de Formación Profesional da Xunta para o emprego**, e que estarán especializados nos sectores produtivos con máis demanda de man de obra nos seus respectivos territorios.
- Desenvolvemento do Portal Retorna en internet a través de portais específicos como **"Retorna Emprendedor"**, no que se dea a coñecer aos potenciais retornados unha lista de negocios ou empresas en proceso de transmisión por xubilación dos propietarios, para poder optar a darlles continuidade. Tamén con portais específicos como o **"Retorna Dixital"**, centrado nas ofertas de traballo específicas para perfís profesionais deste sector e que podería ampliarse a outros sectores con demandas específicas de perfís profesionais.
- Colaboración coas asociacións de empresarios galegos no exterior para desenvolver accións divulgativas e formativas que incentiven o retorno investidor en Galicia.
- Ampliación das medidas que incrementan os incentivos ás empresas por contratación de longa duración ou indefinida no caso de que a persoa contratada sexa emigrante retornada.
- Moitos galegos que residen no exterior investiron parte do diñeiro que gañaron durante a súa vida en construír a súa vivenda en Galicia, o seu fogar. Por este motivo **instaremos ao Goberno central a que, no relativo á vivenda, exima de tributación no IRNR (Imposto sobre a renda dos non residentes) aos emigrantes que manteñan unha vivenda en Galicia.**





## DOTAR AO RURAL DE SERVIZOS DE CALIDADE














Para dotar ao rural de oportunidades e servizos de calidade que permitan a fixación de poboación, propoñemos:

- Apostar pola **diversificación da economía rural cara a actividades non agrarias**, aínda que si podan e deban estar relacionadas. A través dos proxectos dinamizadores e da posta en práctica do enfoque “abaixo arriba” do programa Leader en colaboración cos grupos de desenvolvemento rural (GDR), apoiaranse actuacións que incentiven a creación de emprego e o emprendemento, sobre todo xuvenil, no rural.

Nese sentido, concentrarase a actuación no sector da transformación de produtos de calidade a pequena escala, a xeración de economía rural a través da cultura e do turismo e a economía verde.

- **Mellora das dotacións existentes de infraestruturas básicas de comunicación viaria** e valorización do patrimonio material e inmaterial a través de actuacións de desenvolvemento rural en colaboración coas entidades locais, mediante convenios encadrados nos plans anuais de infraestruturas rurais ou cos plans marco de mellora de camiños.
- **Modernizar e ampliar os servizos de transporte público no rural**, estendendo ao conxunto do territorio os beneficios da Tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia e da Tarxeta Xente Nova. A través do Plan de Transporte Público de Galicia, estenderanse as novas modalidades de transporte compartido e baixo demanda.
- **Impulso do programa de impostos cero no rural** no que se refire aos impostos autonómicos, ao tempo que presentaremos ao Goberno central propostas de melloras fiscais nos tributos estatais que faciliten a mobilización da terra produtiva e acaden beneficios fiscais para a actividade agraria, gandeira e forestal e o asentamento de poboación no rural.
- Creación da guía **“Galicia rural chea de vida”**, como unha campaña contra a Galicia baleira na que se aglutinen as oportunidades que o turismo ofrece ao rural.
- **Apoio ao comercio rural** e ao produto galego, co impulso de novas iniciativas e experiencias que permitan coñecer a historia e a forma de produción do produto local, establecendo puntos específicos de venda do mesmo.



- **Plan para a mellora da conectividade móbil en zonas rurais.** En colaboración cos concellos galegos, estableceranse os mecanismos para garantir a axeitada cobertura en mobilidade en todo o territorio, dando resposta a esta demanda en zonas cunha deficiente cobertura e sen previsión de mellora por parte dos operadores. Tamén se establecerán os mecanismos de cooperación entre administracións para por en marcha un programa de axudas ou bonos ás familias con menos recursos co obxectivo de garantir o seu acceso a tecnoloxías, con especial atención aos residentes no rural.  
- **Mellora da cobertura dos servizos sociais nas contornas rurais,** incluíndo tanto a conversión en centros de servizos sociais de antigos centros escolares hoxe en desuso como o lanzamento de solucións innovadoras para facilitar o acceso a servizos sociais nestas zonas. 
- **Extensión á totalidade dos concellos de Galicia do programa de autobús de coidados porta a porta,** adaptado ás máis estritas condicións sanitarias. Trátase dun programa xa iniciado nesta lexislatura en 20 concellos e que ofrece servizos móbiles de atención a maiores, como revisións de optometría, podoloxía ou estimulación da memoria, aos que se engadirán novos servizos na vindeira lexislatura.   
- Fortalecemento da **carteira de servizos dos hospitais comarcais,** a través da potenciación dos hospitais de día e das unidades de hospitalización a domicilio (HADO) en cada un deles.
- Desenvolvemento dun **Plan estratéxico de escola rural,** que traballe no modelo desta escola para a próxima década, baseado na suficiencia de recursos e na sustentabilidade demográfica, fixando os criterios mínimos pedagóxicos e socializantes para unha oferta educativa que garanta a igualdade do ensino rural co do medio urbano.   
- **Formación universitaria no rural galego,** facilitando a impartición no rural de formación que acredite cun diploma de estudos universitarios básicos a todo o alumnado que supere un determinado número de créditos dun título oficial de grao. O recoñecemento destes estudos superados mellorará a empregabilidade destas persoas.  
- Impulsaremos a innovación no rural a través das **Casas de Innovación en Lugo e Ourense,** espazos abertos e participativos para toda a sociedade, xestionadas e dinamizadas por unha entidade especializada en colaboración cos axentes do ecosistema de innovación.  
- Convocarase unha **liña de axudas para particulares que sexan auto-**

**promotores de vivendas en núcleos rurais** de concellos con saldo demográfico negativo, de xeito que se incentive o asentamento permanente de familias en inmobles que, en moitos casos, se atopan en situación de abandono tras ser transmitidos a novas xeracións por herdanzas ou doazóns.















- Deseño e implantación dun **novo modelo específico e sostible de saneamento no rural** en colaboración con concellos e comunidades de usuarios. Avanzarase en sistemas pequenos de depuración de xestión natural e por sistemas de filtros verdes para a autodepuración.
- Establecemento de **incentivos na política de solo empresarial para facilitar a implantación de grandes iniciativas empresariais en ámbitos rurais e con dinámicas demográficas negativas**, a través da posibilidade de que a adxudicación do solo empresarial poida levar consigo a formalización dos oportunos convenios entre Xunta, concello e empresa orientados a facilitar a posta a disposición dos traballadores da empresa de vivendas en alugueiro a prezos moderados. Estas vivendas provirían principalmente da recuperación e rehabilitación de inmobles existentes pero tamén, de xeito extraordinario e por causas motivadas, poderían executarse vivendas novas.
- Poremos en marcha o **Plan "Galicia en Local"** para colaborar cos concellos á hora de afrontar retos como o cambio climático, o cambio demográfico ou a diversificación de fluxos turísticos. Priorizarase o financiamento de proxectos con obxectivos de dinamización demográfica e sustentabilidade ambiental, ou de proxectos de prestación de servizos locais naqueles concellos máis despoboados, ao tempo que se reforza o peso de factores como o avellentamento ou o despoboamento no reparto do Fondo de Cooperación Local.



## ADAPTAR OS SERVIZOS PÚBLICOS ÁS NECESIDADES DOS MAIORES

A galega é unha sociedade que sempre coidou e respectou aos seus maiores. A recente pandemia da COVID-19, que puxo a estas persoas nunha situación especialmente vulnerable, obríganos a reflexionar sobre o xeito de adaptar os servizos públicos ás necesidades dos nosos maiores no actual contexto, e para iso propoñemos:

- **Elaboración, no primeiro semestre da lexislatura, dun protocolo de relación entre residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade e a rede sanitaria pública**, tendo en conta a realidade social de Galicia, de xeito que se perfeccionen os mecanismos de resposta ante calquera emerxencia e se garanta a atención social normalizada, contemplando como elementos centrais:
  - o O reforzo da **permeabilidade entre as residencias, a atención primaria e a atención hospitalaria**, para garantir un seguimento médico constante e de primeira calidade para todas as persoas residentes.
  - o A potenciación da **implantación nas residencias dos sistemas de teleasistencia e telemonitorización** que evitan desprazamentos aos pacientes.
  - o A posta en marcha dun Plan de **formación permanente para os traballadores dos centros de servizos sociais** de Galicia.
  - o **A elaboración dun Plan de renovación e apoio tecnolóxico** dos centros residenciais para maiores e persoas con discapacidade en Galicia.
- Finalizar e abrir, na primeira metade da lexislatura, as sete residencias proxectadas e financiadas coa colaboración da Fundación Amancio Ortega, que suporán a dotación de 900 prazas, así como continuar traballando na creación de novas prazas nas zonas con maior demanda detectada co **horizonte de acadar no conxunto da lexislatura preto de 2.000 novas prazas públicas de atención ás persoas maiores.** 
- **Avanzar para que o 100% das persoas con dependencia recoñecida dispoñan de máis prestacións e máis servizos** e continuar reivindicando que o Goberno central cumpra co cofinanciamento fixado pola Lei de dependencia, para poder elevar as contías que se están a percibir. 

- **Impulso da apertura de casas do maior naqueles concellos galegos que non contan cun centro de día**, para lograr que o 100% do territorio galego conte con servizos de conciliación específicos para o coidado das persoas maiores. 
- Aprobación nos primeiros meses da lexislatura da **Estratexia de atención á soidade non desexada**, centrada:
  - o Na identificación temperá desta situación a través dos profesionais sanitarios e sociais e a colaboración da veciñanza;
  - o E no reforzo da atención ás persoas que a sofren, potenciando a teleasistencia avanzada, a través de instrumentos de apoio como a plataforma de autocoidados Asiste, e o papel dos coidadores
- Desenvolvemento da regulación do **"cohousing"**, vivendas intercomunitarias con garantías de accesibilidade e servizo compartido que promoven a autonomía persoal das persoas maiores.   

- Desenvolvemento da Estratexia de Cronicidade, aprobada no ano 2018, a través de medidas como a **creación de equipos de soporte da atención domiciliaria (ESAD) nas zonas rurais máis envellecidas** que, xunto coa extensión dos sistemas de teleasistencia como Telea, permitan prestar de forma proactiva atención a domicilio a persoas con enfermidades crónicas. Priorizarase a entrega de medicación hospitalaria, a rehabilitación de pacientes crónicos e a potenciación dos coidados paliativos ao final da vida.   
  

- Reforzo das liñas de **voluntariado** orientadas ao eido social e, especialmente, ao acompañamento das persoas maiores.   

- Aprobación dun **Plan específico de protección civil para casos de persoas perdidas ou desaparecidas**, que permita mellorar a coordinación entre os distintos equipos de emerxencias e os servizos sociais ou sanitarios que poidan estar ao cargo de dispositivos de xeolocalización no caso de persoas maiores ou dependentes, así como homoxeneizar os procedementos e o uso de medios tecnolóxicos como os drons.   


# A GALICIA DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Os esforzos polo progreso económico e social de Galicia na vindeira década deben estar baseados noutro factor: a igualdade. A Galicia da vindeira década debe ser unha Galicia igualitaria, onde as oportunidades sexan aproveitadas por toda a poboación e ninguén quede atrás.

## UNHA SOCIEDADE MÁIS INCLUSIVA

O avance social, económico e dos servizos públicos debe realizarse sempre incorporando medidas axeitadas para que as persoas con discapacidade e/ou necesidades educativas especiais poidan, desde a súa autonomía e independencia, incorporarse a este progreso durante toda a súa vida. Para isto propoñemos:

- **Adaptación e ampliación da Estratexia EDUINCLUSIÓN para o período 2020-2030**, dirixida tanto a docentes como a familias e na que se enmarcan varios protocolos de atención educativa ao alumnado. Unha aposta por seguir os parámetros marcados pola Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible e a Declaración de Incheon, que permita estender o modelo de enriquecemento curricular como referencia de escola inclusiva.
- Extensión e **desenvolvemento normativo da atención temperá**, para que as nenas e nenos con trastornos no desenvolvemento ou risco de padecerlos dispoñan dunha atención acorde ás súas necesidades. Tamén se traballará na **posta en marcha de servizos de atención post-temperá**.
- **Aprobación do decreto regulador do concerto social**, xa en tramitación e que permitirá contratar con maior axilidade e flexibilidade prazas en entidades sociais de atención á discapacidade, de inclusión social e outras áreas.
- Aprobación dun plan de **reforzo dos equipos de valoración da dependencia e da discapacidade** co obxectivo de reducir ao mínimo os tempos de acceso a este recoñecemento.
- Reforzo dos **programas de actividades de lecer destinados a persoas con discapacidade**.
- **Continuación dos programas de Emprego Inclusivo**, dirixidos moi especialmente a fomentar as oportunidades laborais das persoas con



discapacidade, a través dos programas “Galicia Emprega” e de cooperación con entidades sen ánimo de lucro ou as axudas a Centros Especiais de Emprego, que teñen conseguido que Galicia acadara o récord de persoas con discapacidade ocupadas da súa historia. Para avanzar neste fomento do emprego inclusivo, na próxima lexislatura **estenderase o programa pioneiro de formación dual específico para este colectivo que se iniciou este último ano.**

- **Convocatoria de ata 200 novas prazas de emprego público reservadas para persoas con discapacidade intelectual**, o que permitirá a Galicia seguir liderando o proceso de integración destas persoas e conseguir unha administración autonómica inclusiva. Facilitarase a perfecta integración deste colectivo como empregados públicos en igualdade de condicións, dotándonos de mecanismos de acompañamento e acollida en todos os organismos públicos galegos.
- **Daremos continuidade ás liñas de actuación en materia de turismo accesible cun programa específico** con liñas de axuda para que o sector realice actuacións de accesibilidade nas súas infraestruturas hostaleiras, así como con actuacións públicas para fomentar a eliminación de barreiras e facer máis accesibles os monumentos, museos e espazos naturais.





## UNHA SOCIEDADE MÁIS TOLERANTE E ACOLLEDORA


O avance social debe correr parello ao fomento de actitudes tolerantes que permitan eliminar os discursos de odio e loitar contra a discriminación das minorías. Para elo, impulsaremos a tolerancia e o compromiso social na escola e na mocidade, e tamén medidas específicas para colectivos como os menores tutelados, as familias en risco de exclusión social ou as persoas sen fogar. Para iso propoñemos:

- **Actualización ás novas realidades da Estratexia de Convivencia nas Aulas- EDUCONVIVES**, a través da renovación dos plans de convivencia de centro e incorporando unha liña de actuación en relación coa resposta a pandemias para asegurar bo clima de convivencia nas aulas (relacionado con accións doutros departamentos en canto a distancia social, hixiene, etc).
- **Redefinición dos espazos educativos comúns dende as perspectivas da igualdade e a inclusión**, para trasladar as ensinanzas de convivencia e tolerancia nas aulas aos tempos de recreo.
- Aprobación dun **novo plan de loita contra o acoso escolar** dentro do obxectivo de converter os centros en espazos de convivencia, reforzando os protocolos de convivencia e as ferramentas de detección de acoso e de seguimento individualizado do alumno.
- Aprobarase unha **Lei autonómica de infancia e adolescencia**. Porase en marcha o Consello de participación infantil e adolescente, de xeito que rapaces e rapazas poidan transmitir directamente á Xunta de Galicia as súas experiencias e ideas.
- Instauración de premios que recoñezan o **compromiso e esforzo das persoas e entidades que desenvolven actividades de voluntariado**.
- Creación dun **selo social inclusivo** para destacar e recoñecer a aquelas empresas que destaquen na inclusión laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Lanzamento por parte da administración autonómica de **campañas de concienciación específicas que loiten contra os discursos de odio cara ás persoas en situación de pobreza ou exclusión social** e combatan os prexuízos e estereotipos que alimentan a aporofobia.
- Loita pola **igualdade de trato das persoas LGTBI**, así como remate das situacións de discriminación contra este colectivo, continuando co desenvolvemento da lexislación na materia e con medidas como:





- Promoción, a través do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, a elaboración dun **estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTBI** e no que se garantan a confidencialidade e a privacidade dos datos das persoas, para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas.
  - Incorporación á sanidade pública galega dun **protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero** co fin de avanzar na atención sanitaria e a erradicación de calquera forma de discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero. 
  - Desenvolvemento do traballo dentro da **cooperación internacional** que afecta a mulleres, nenas, nenos, poboación LGTBI e indíxenas, dende a óptica dos dereitos humanos e de xénero.
- **Poñer en marcha programas de reforzo para familias con menores a cargo en situación de vulnerabilidade e para nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda pola Administración autonómica**, mediante unha intervención personalizada e un traballo coas familias para dotalas das ferramentas precisas co obxectivo de mellorar o rendemento escolar e fomentar a estabilidade persoal e familiar dos alumnos e alumnas. 
  - Creación de **centros de día itinerantes para os nenos, nenas e adolescentes que estean en situación de risco ou protección**, para o desenvolvemento integral dos nosos nenos e nenas e mellorar o ambiente familiar. 
  - Elaboración e implantación dun **instrumento técnico para a valoración das situacións de risco e desamparo**, que protocolice as actuacións dos equipos técnicos de menores de toda Galicia. 
  - Identificaranse e responderase ás situacións que afrontan as **familias acolledoras de menores**, un colectivo que merece toda a consideración e respecto, en colaboración coas entidades que as representan

Traballarase para que máis menores tutelados estean en **acollemento familiar**, opción prioritaria fronte ao acollemento residencial, e divulgarase o acollemento familiar para incrementar o número de familias acolledoras. 



- **Fomento dos programas específicos de transición á vida adulta** para as nenas, nenos e adolescentes que saen do sistema de centros de protección e medidas xudiciais da Xunta.
- Continuidade das medidas non extraordinarias iniciadas na etapa de recuperación trala pandemia da COVID-19 como a actualización e ampliación da Axenda Social Única, a ampliación e flexibilización das Axudas de Inclusión Social e o reforzo do Xantar na Casa.
- Aprobación da nova Estratexia galega de inclusión social 2021-2027, cun documento para abordar a **situación específica da poboación xitana**. No seu marco, introducíranse medidas para mellorar as condicións de residencia e combater o fenómeno da infravivenda, ao tempo que se fomenta a participación social e a inclusión económica e laboral, favorecendo a contratación das persoas máis vulnerables e perceptoras de rendas mínimas.
- Posta en marcha, en desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia, de **programas de prevención da exclusión nas zonas de intervención social especial**, que estarán orientados a mellorar as condicións residenciais e de vida das persoas que residen en barrios nos que concorren factores de marxinación.
- Desenvolvemento das medidas incluídas no Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023, aprobado o pasado ano e dotado con 73 millóns de euros, incidindo na **posta en marcha de programas de acompañamento específico ás mulleres sen fogar**, comezando polas sete grandes cidades.

Promoverase tamén o desenvolvemento de **proxectos innovadores de inclusión residencial** con fórmulas complementarias ás previstas no Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia.

- Deseño, de acordo co previsto na Lei de Servizos Sociais, do **Plan Estratégico de Servizos Sociais de Galicia**, que nos permita responder ás necesidades sociais presentes e anticiparnos ás emerxentes cun horizonte de seis anos.

## FACILITAR O ACCESO Á VIVENDA

Avanzaremos nas medidas iniciadas durante os últimos anos para aumentar a igualdade de oportunidades no acceso a unhas condicións vitais dignas, nomeadamente no que respecta á vivenda:

- Crearase un **programa de alugueiro con opción a compra para facilitar a emancipación das persoas menores de 35 anos**, con axudas de ata 6.000 euros para a persoa propietaria e de 13.000 euros para a arrendadora.
- **Fomentarase o aluguer das vivendas baleiras con novos incentivos aos propietarios**, a través de axudas de ata 6.000 euros a cambio da cesión en réxime de usufruto e xestión do alugueiro por parte da administración durante un prazo de 10 anos, nos que se garantirá ás persoas propietarias unha renda mensual cando a vivenda estea ocupada e un seguro de reparación de danos.
- Porase en marcha a **rehabilitación de preto de 3.000 vivendas a través da declaración de novas áreas REXURBE** que se creen ao abeiro da Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana aprobada no ano 2019.
- Crearanse **programas de fomento da compra de vivenda protexida de nova construción ou produto de rehabilitación**, outorgando unha axuda de ata 20.000 euros para estas compras por parte de unidades familiares con ingresos inferiores a 4,5 veces o IPREM. Deste xeito, facilitarase o acceso á vivenda en propiedade a través da saída ao mercado de vivenda protexida, ben sexa de nova construción ou produto da rehabilitación, preferentemente nas áreas Rexurbe.
- Implantarase de xeito definitivo a **vivenda pública concertada**, que permitirá a promoción de vivenda pública coa participación dos concellos e doutros promotores públicos ou privados.
- Continuarase poñendo a disposición de promotores e cooperativas solo público en condicións favorables para a construción de **vivenda protexida**.
- Convocarase unha **liña de axudas para particulares que sexan autopromotores de vivendas en núcleos rurais** de concellos con saldo demográfico negativo, de xeito que se incentive o asentamento permanente de familias en inmobles que, en moitos casos, se atopan en situación de abandono tras ser transmitidos a novas xeracións por herdanzas ou doazóns.






- **Creación dun Rexistro de Axentes Inmobiliarios de Galicia** coa finalidade de fomentar a calidade dos servizos que prestan os axentes inmobiliarios, incrementar a transparencia do mercado inmobiliario e garantir a protección das persoas consumidoras e usuarias.

## IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un obxectivo irrenunciábel e fundamental para a construción dunha sociedade realmente igualitaria. Para isto propoñemos:

- **Creación de catro Centros de Información ás Mulleres de titularidade autonómica**, un por provincia e localizados en inmobles propios da administración autonómica, que sirvan de coordinadores dos centros municipais, impartan formación para o persoal destes centros e cheguen ás mulleres que non teñen acceso a un CIM próximo. Estes centros reforzarán a atención e permitirán un control máis efectivo dos casos, pois estarán coordinados con todos os departamentos administrativos e municipais de cada provincia e co 112 e a Policía Autonómica. Ao tempo, fomentárase a creación de novos centros de información á muller municipais nos concellos rurais.
- Faremos un seguimento e avaliación do impacto dos obxectivos e medidas do I Plan de actuacións para **a igualdade dos centros educativos de Galicia 2016-2020** e, en función dos resultados desta avaliación, orientaremos a elaboración dun II Plan neste sentido, promovendo a inclusión de novas accións encamiñadas a seguir avanzando na prevención do machismo nas novas xeracións.
- Impulsárase, en desenvolvemento dos acordos acadados no marco do Diálogo Social, un **novo distintivo autonómico que dea un recoñecemento social ás empresas que desenvolvan unha cultura da igualdade efectiva** e estimule o compromiso empresarial neste eido, valorando as medidas implantadas en materia de promoción profesional e representatividade das mulleres, loita contra a fenda salarial, protocolos contra o acoso e impulso da conciliación e a corresponsabilidade.
- Poremos en marcha un **programa de fomento das habilidades de liderado feminino**, como a oratoria ou o debate, que reforsen a autoestima das mulleres e combatan a autoexclusión que certos estudos detectan nas mulleres con formación como un factor, complementario a outros como o da falta de corresponsabilidade nas familias, á hora de postularse para a promoción laboral e o liderado de proxectos.
- A través de programas específicos, seguiremos colaborando e fomentando **a creación e consolidación de novas empresas lideradas por mulleres**, así como o asesoramento necesario orientado ao mantemento e promoción da competitividade.



- Respecto ao papel da muller no mercado laboral, seguiremos impulsando o **Programa "Emprega en Feminino"**, que ten permitido que neste momento Galicia teña máis de 490.000 mulleres afiliadas á Seguridade Social, e desenvolveremos o acordo acadado no marco do Diálogo Social para o fomento de medidas en materia de igualdade laboral a través do asesoramento, a identificación de boas prácticas, a formación e ferramentas de apoio.
- **Aprobación do III Programa Galego de Muller e Ciencia**, co obxectivo de pechar a fenda de xénero nos ámbitos científico e tecnolóxico, centrándose especialmente nas nenas e mozas. Inclúe accións específicas para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), así como para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores, para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos en todos os ámbitos económicos e profesionais, especialmente onde a día de hoxe son menos visibles. 
- Traballaremos para que se recoñeza á muller o seu lugar no **ámbito do mar**, promovendo melloras nas prestacións sociais, tales como coeficientes redutores para a xubilación ou o recoñecemento de enfermidades de mariscadoras e redeiras. 
- Impulsaremos un **decreto que regule a carreira investigadora en Galicia**, que deberá contemplar medidas específicas para evitar discriminacións por razón de xénero.
- Avanzaremos en actuacións que fortalezan a **práctica deportiva feminina** en todos os niveis e o papel e a visibilidade da muller no deporte, mediante accións que removan os obstáculos aínda existentes e que respondan tamén á especial referencia do deporte como ferramenta de educación en valores como o respecto, a igualdade ou a aceptación e valoración da diferenza.
- En colaboración coas administracións locais, crearase un **Banco de Boas Prácticas en Igualdade** que recolla e difunda aquelas iniciativas exitosas en materia de igualdade postas en marcha por entidades públicas e privadas tanto dentro como fora de Galicia.
- Crearemos un **Plan de Igualdade na Sanidade Pública Galega** no que contemplaremos especialmente a formación en igualdade dos e das profesionais. 

## LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA E APOIO ÁS MULLERES QUE A PADECEN

A violencia de xénero constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade da nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes contra a dignidade persoal, a integridade e os dereitos fundamentais das persoas, como son a liberdade, a igualdade e a vida. Para combatela propoñemos:

- Promover a **aprobación dun Pacto Galego contra a violencia de xénero**, fomentando a participación de todas as organizacións políticas con representación no Parlamento de Galicia
- Manter vixente o Plan de reforzo de atención ás vítimas de violencia de xénero, coincidindo co confinamento das mulleres xunto co seu agresor e as posteriores fases de desescalada e **elaborar o II Plan de reforzo e atención**, en colaboración coas profesionais dos CIMs (82 centros en Galicia) ante a volta á nova normalidade.
- Fomentar os **Plans de Formación** a todos os profesionais no territorio de maneira online, se non fose posible de forma presencial, en materia de igualdade, violencia de xénero, violencia sexual, diversidade sexual e novas formas de violencia machista.
- Continuar priorizando os **programas de inserción laboral como mellor método de recuperación da independencia das vítimas de violencia de xénero**. Tralo programa con entidades sen ánimo de lucro iniciado en 2016 e o programa con entidades locais iniciado en 2019, crearemos novos programas coa implicación de máis institucións, tanto públicas como privadas, e poremos en marcha novos mecanismos para facilitar o acceso destas mulleres ao emprego, como medidas de apoio ao transporte que lles proporcionen unha maior autonomía, ademais de poñer en marcha xunto coas entidades locais unha **liña de apoio á conciliación para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que acaden un contrato laboral no seu concello**.
- Establecer axudas e recursos especiais que permitan o **acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro para vítimas de violencia de xénero**, os seus fillos e fillas, para as persoas orfas menores de trinta anos, así como as vítimas de trata e explotación sexual.
- Ampliación e mellora da rede de casas de acollida e elaboración dunha **nova normativa para actualizar e modernizar a Rede Galega de Casas de Acollida e Pisos Tutelados**, que regule a acreditación e funcionamento tanto destas casas como dos centros de emerxencia de segundo nivel.



- Garantir a **atención psicolóxica suficiente e continuada que favoreza o empoderamento de todas as mulleres vítimas de violencia de xénero**, especialmente dos colectivos máis vulnerables, mulleres con discapacidade, ou vítimas de trata sexual.
- Crear **grupos de apoio dirixidos ás mulleres vítimas de violencia de xénero** nas que poñamos en contacto a mulleres que fosen usuarias da rede galega de apoio ás vítimas e teñan superado a súa situación coas actuais usuarias dos recursos desta rede, nun espazo social de seguridade complementario aos programas de asistencia psicolóxica que reforce a autoestima de todas as participantes.
- Priorizar a adecuación dos Xulgados de Violencia sobre a muller e xulgados especializados, con dependencias que impidan o contacto e a confrontación entre a vítima e o agresor, dotándoos dos medios audiovisuais axeitados co fin de evitar a vitimización secundaria; e **deseñaremos un Plan de acompañamento xudicial personalizado á vítima**, dende o momento previo á interposición da denuncia e durante todo o procedemento, que irá acompañado de medidas de formación obrigatoria especializada a todos os axentes implicados das diferentes administracións na asistencia ás vítimas e aos seus fillos e fillas.
- **Revisar o Protocolo no ámbito dos xulgados competentes en violencia de xénero** para facer máis accesible a información sobre o itinerario e procedemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, asegurando o coñecemento efectivo do recorrido xudicial, dende o momento no que se interpón a denuncia ata o final do proceso.
- Traballar particularmente na **prevención e atención á violencia machista nas mulleres maiores de 65 anos** a través de campañas específicas, dando continuidade á liña comezada en 2019, e á busca de novas canles de acceso a elas.
- **Editar guías e protocolos de actuación para o tratamento e abordaxe da violencia de xénero, e máis concretamente no ámbito da violencia sexual**. Poremos en marcha medidas de sensibilización e prevención destinadas á poboación en xeral e, especialmente, a máis moza, continuando coas campañas "Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual" e cos plans de formación á poboación moza no ámbito afectivo sexual.
- Adoptar un **protocolo específico para a prevención do acoso sexual na Xunta** de Galicia, independente do protocolo sobre acoso laboral que se puxo en marcha no ano 2016.



- **Construír un edificio propio para albergar a sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)**, dotándoo de novos e avanzados medios técnicos e científicos e potenciando a súa labor como centro de referencia da Medicina Forense e de atención ás vítimas de agresións sexuais.
- Desenvolver e ampliar o marco legal contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, priorizando a **elaboración dun Plan galego contra a trata e a explotación sexual**, ao tempo que incrementaremos os recursos de acollida para vítimas de trata.

## EIXO IV

GAÑAR O FUTURO: O RETO  
DUNHA GALICIA ECOLÓXICA,  
SUSTENTABLE E ORDENADA

Galicia enfróntase, ao igual que toda a humanidade, ao reto da conservación e sustentabilidade do seu medio ambiente, nun entorno no que as evidencias científicas demostran os crecentes efectos do cambio climático e tamén suxiren que o deterioro medioambiental pode agravar os efectos de pandemias como a da COVID-19.

Facer o posible para frear o cambio climático, avanzar no aproveitamento racional e sostible dos recursos, e ordenar o territorio protexendo a natureza e a paisaxe son prioridades políticas para o PPdeG.

Loitar contra o cambio climático obriga a actuar en todos os eidos: na redución das emisións que provocan o efecto invernadoiro; pero tamén traballar nunha transición enerxética xusta, mudar os modelos de mobilidade para facelos máis sostibles, e reformar as infraestruturas e edificacións públicas para facelos máis sustentables medioambientalmente. A todo isto, engádese a urxencia de preservar e racionalizar os recursos hídricos para paliar os efectos das inundacións e dos períodos de seca; e coidar os nosos bosques loitando contra a lacra dos lumes forestais de última xeración.

Promover a sustentabilidade do medio ambiente implica impulsar a economía circular; xestionar os residuos xerados pola actividade humana de forma correcta e conforme á normativa vixente; introducir criterios de racionalidade e eficiencia no ciclo integral da auga; e incentivar a bioeconomía circular, aproveitando os nosos valiosos recursos naturais de maneira sostible.

Ordenar o territorio protexendo o medio ambiente e a paisaxe leva aparelado culminar a reforma dos instrumentos normativos que regulan o asentamento humano sobre o territorio e colaborar coas administracións locais para a súa efectiva execución; racionalizar as infraestruturas viarias; a elaboración dunha estratexia de infraestrutura verde e desenvolver una planificación sostible no eido forestal.




En definitiva: propoñémonos traballar transversalmente, e desde todos os departamentos da Administración, por unha Galicia máis verde, máis sustentable e máis ordenada, que contribúa a frear os efectos do cambio climático.

# PREPARARNOS ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

Na próxima década, Galicia enfrontarase a unha mudanza da súa climatología derivada do fenómeno global do cambio climático. Ante iso, a Xunta deberá tomar medidas tanto para reducir as emisións contaminantes, e mitigar por tanto as causas do cambio climático, como para paliar os efectos que o dito cambio xa está a manifestar.

## REDUCIR AS EMISIÓNS

Para reducir as emisións de CO<sub>2</sub>, propoñemos:

- **Desenvolvemento da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050** aprobada o pasado ano. Farémolo a través das 170 medidas específicas identificadas na súa primeira fase, o Plan Rexional Integrado 2019-2023. 
- Aproveitar a nova Política Agraria Común para **abordar no sector primario medidas de adaptación e mitigación dos efectos do cambio climático**, fomentando o desenvolvemento de mecanismos para mellorar a captación de carbono polos solos agrícolas e para a nutrición sustentable destes solos.   

- Desenvolver unha **Axenda Galega de Transición Xusta** para que Galicia siga a ser punteira en enerxía renovable:
  - o Hoxe Galicia xa ten o **67%** da súa potencia eléctrica instalada baseada en fontes renovables (fronte ao **38%** da media española), pero debemos ir máis alá: propoñémonos alcanzar **máis de 14.500 megavatios de potencia instalada de enerxías renovables en 2030, cunha gran aposta pola enerxía eólica**, que a achegará aos 8.500 megavatios de potencia instalada; acompañada doutras fontes, tamén renovables, como a hidráulica reversible, a solar térmica, a xeotermia, a aerotermia ou o biogás. Esta aposta permitirá que o **100 por cento da enerxía eléctrica consumida en Galicia sexa de orixe renovable**.
  - o Centraremos os esforzos no ámbito da **I+D+i no eido enerxético**, moi especialmente nun combustible alternativo denominado **hidróxeno verde**, identificado como clave no futuro da transición enerxética e considerado como un dos proxectos tractores para a

recuperación económica post-COVID.

O hidróxeno verde servirá para impulsar a descarbonización da economía galega na medida que pode ser utilizado como combustible en múltiples procesos industriais e no transporte, e tamén pola súa utilidade na creación dun marco de almacenamento e aproveitamento de enerxías renovables. Así pois, impulsarase a creación en Galicia da cadea de valor industrial asociada a esta nova tecnoloxía coa fin de ser un referente nacional e internacional na economía circular e verde.

- Manteremos os **ciclos combinados**, como tecnoloxía de respaldo ás enerxías renovables. Esta potencia achegará garantías á subministración eléctrica.
  - Seguiremos **impulsando o autoconsumo** polos aforros que permite e pola súa contribución ao medio ambiente, ao apostar polas enerxías limpas que reducen as emisións de CO<sub>2</sub>, prestando unha especial atención ás zonas rurais.
  - **Plan de actuación para a reordenación dos aproveitamentos hidroeléctricos**, ante a previsible tramitación de nove expedientes de caducidade dos prazos concesionais, buscando unha xestión máis eficiente na conservación e explotación da rede hidrográfica.
  - Prestarase atención prioritaria ás zonas máis afectadas pola transición enerxética. Particularmente, poremos en marcha os instrumentos necesarios para a **creación dunha Oficina Industrial en As Pontes e Cerceda**, que axude a mellorar a competitividade das empresas xa asentadas e atraer novos proxectos empresariais á comarca.
- Desenvolveremos os **Plans de aforro e eficiencia enerxética** contemplados na nova lexislación galega en materia de enerxía aprobada en 2017.
- Estes plans poñerán o foco nos fogares e familias, dando continuidade ao **Bono Social Eléctrico** para garantir a subministración aos consumidores máis vulnerables, e desenvolvendo **plans específicos** orientados a facilitar a **renovación de equipamentos** por outros máis eficientes desde o punto de vista enerxético.
  - Tamén en autónomos e nas pequenas e medianas empresas, con axudas de aforro e eficiencia enerxética, así como para a insta-



lacións de biomasa, xeotermia, aerotermia, solar térmica e solar fotovoltaica.

## MOBILIDADE SOSTIBLE

Para mudar cara un modelo de mobilidade e transporte máis sostible promoveremos:

- Creación dunha **Estratexia de implantación do vehículo eléctrico**, que incorporará a compra paulatina de vehículos públicos, campañas de concienciación, cargadores eléctricos de subministro e un sistema integral de apoio.
  - o Continuarase cos **programas de renovación de vehículos por outros máis eficientes e o apoio a vehículos alternativos**, co obxectivo de conseguir 200.000 vehículos híbridos ou eléctricos circulando no horizonte de 2030 (ao redor do 10% sobre o total), así como os dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética nun 40%.
  - o **Renovación verde do parque móbil** da Administración Autonómica, substituíndo os vehículos de máis de 10 anos de antigüidade por vehículos de baixas ou nulas emisións de dióxido de carbono, que se unirán aos preto de 30 vehículos eléctricos incorporados nos últimos anos.
  
- Desenvolvemento dos aspectos medioambientais da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia, elaborando **un estudo de redución do impacto medioambiental do transporte na denominada "última milla"**, o tramo final que percorren os produtos desde o último punto de distribución ata o lugar de entrega.
  
- **Ampliación do transporte de residuos por tren** a todos os supostos nos que sexa posible, seguindo na liña que xa permitiu aumentalo do 25% ao 55% desde 2009. Nos casos nos que non sexa factible evitar o transporte por estrada, minimizarase o seu impacto ambiental mediante o emprego de combustibles verdes.
  
- Elaboración dunha **Estratexia integral para unha mobilidade sostible, segura, intelixente e intermodal**, que se formule no contexto da Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, e que fortaleza a competitividade de Galicia mediante infraestruturas e servizos que apuntalen o atractivo do territorio galego como destino seguro para o desenvolvemento empresarial, a actividade económica e o mantemento do emprego. As principais liñas de actuación serán:
  - o **Área de Transporte única e segura**, para adaptar os sistemas de xestión do transporte público aos novos patróns e necesidades



de mobilidade dos seus habitantes.

Unha vez que o novo Plan de Transporte Público de Galicia iniciado nesta lexislatura está estendendo á totalidade do territorio os beneficios das Tarxetas de Transporte Metropolitano e da Tarxeta Xente Nova, na vindeira lexislatura cómpre dar o seguinte paso coa **creación dunha Tarxeta Galega de Transportes que sexa medio de pago universal en todos os medios de transporte público de Galicia** (autobús urbano, interurbano, taxi ou tren) e que integre as bonificacións e liñas de desconto e potencie a igualdade de oportunidades na mobilidade.

O uso desta tarxeta suporá ademais evitar pagar en efectivo, aumentando a seguridade sanitaria.

- **Plan de modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia**, a través do avance no Plan e-mobility para facilitar servizos dixitais a transportistas e viaxeiros.

A plataforma de transporte de Galicia, tanto na web como no móbil, consolidarase como canle de acceso en tempo real ás rutas dispoñibles e aos tempos de agarda, facilitará a solicitude online de transporte a demanda e potenciará o uso dunha tarxeta virtual de transporte promovendo o pago a través do móbil ou o acceso a bonificacións especiais en base ao perfil do viaxeiro.

- Desenvolvemento dunha **estratexia multimodal para a mobilidade de persoas e mercadorías**, na que as infraestruturas estean desenvolvidas de acordo coas cadeas de loxística e os servizos de transporte, fomentando as sinerxías da mobilidade das persoas coa das mercadorías.
- Unha vez iniciadas as obras das estacións intermodais de Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo, adxudicado o proxecto en Lugo e pendentes do acordo institucional en A Coruña e Ferrol, na vindeira lexislatura seguiremos fomentando o transporte público a través dun **Plan de intermodalidade comarcal** que irase desenvolvendo en función da evolución dos recursos públicos trala pandemia da COVID-19 co obxectivo de integrar autobús e ferrocarril



en cabeceiras comarcais como Vilagarcía, Carballiño, Monforte, Ribadavia ou O Barco.

- Implementación dun **sistema dixital de xestión de información das estradas** de cara á Estrada 4.0, que aumente a transparencia e aplique técnicas de intelixencia artificial para analizar e realizar diagnose de todos os datos recadados. Este sistema servirá de base para a planificación da evolución tecnolóxica das estradas e a preparación para a chegada dos vehículos eléctricos, autónomos e conectados.
- **Plan Director de Estradas deseñado para unha mobilidade intelixente.**

Despois de aumentar nun 67% (209 novos quilómetros) as vías autonómicas de altas prestacións libres de peaxe en Galicia, nos vindeiros anos buscarase seguir ampliando e mellorando esta rede de vías de alta capacidade, no contexto dunha análise do cambio substancial da mobilidade como consecuencia da COVID-19 e en base a estudos de big-data.

Ademais, incluíranse cuestións como a adaptación das estradas para o vehículo autónomo, en especial no que se refire á comunicación estrada-vehículo; a determinación de puntos de recarga para vehículos eléctricos; ou a planificación de sendas peonís e ciclistas de interese autonómico.

- O desenvolvemento de novas infraestruturas viarias estará condicionado pola recuperación do nivel de ingresos públicos previos á crise da COVID-19, así como polas necesidades de investimento xeradas pola propia pandemia. En consecuencia, manteremos as prioridades do PPdeG:
  - **Completar os eixos de alta capacidade en desenvolvemento** como as VAC Tui-A Guarda e Costa Norte, a prolongación da autovía da Costa da Morte, a autovía AG-59 A Ramallosa-A Estrada e as conversións en autovía da VAC Brión Noia e do eixo Nade-la-Sarria-Monforte.
  - **Proxectar grandes actuacións transformadoras nas cidades galegas a través da integración urbana de infraestruturas** viarias que están hoxe a supoñer barreiras para a mobilidade, a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida ou o desenvolvemento



mento urbano, condicionando o crecemento das cidades ou separando barrios.

Proporase a sinatura de acordos institucionais de financiamento conxunto e igualitario entre goberno municipal ou Deputación, Xunta e Administración Xeral do Estado que contemplan un concurso de ideas para a elaboración dos proxectos, a execución das obras e a cesión final da titularidade da infraestrutura ao goberno local correspondente.

- Elaboración e desenvolvemento do **Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021-2025**, un novo chanzo trala redución do 44% das vítimas mortais nas nosas estradas desde 2009.

Este novo plan, que terá en consideración as conclusións da Comisión sobre seguridade viaria creada no Parlamento de Galicia, avanzará cara o "obxectivo cero" en relación ás vítimas mortais nas estradas galegas e adaptarase ás novas directivas europeas sobre seguridade de infraestruturas viarias, incidindo especialmente nos usuarios vulnerables como peóns (especialmente escolares e maiores), ciclistas e motociclistas.

O Plan integrará accións de sensibilización contra a delincuencia viaria e os factores de risco; a implantación de contornas escolares seguras; a creación de sistemas para evitar os atropelos de animais; a mellora das paradas de autobús; a atención das rutas ciclistas protexidas; a eliminación dos obstáculos nas marxes das estradas; ou instalación de barreiras con sistemas de protección de motoristas cando non sexa isto posible.

- Desenvolverase de xeito específico un **Plan de mellora da seguridade viaria das paradas de autobús**, facilitando a posibilidade de que o vehículo se aparte da estrada, optimizando a accesibilidade e as condicións de cruce, mellorando e unificando os refuxios nas estradas da rede autonómica, e xerando guías técnicas para a súa aplicación polo resto de administracións titulares de vías, tendo especialmente en conta o escenario xerado pola COVID-19, que obriga a manter as distancias sociais.
- Incorporaremos **novas medidas sobre bonificacións nas peaxes** das autoestradas de titularidade autonómica para as familias numerosas, que



complementarán ás implantadas nos últimos anos por criterios como tramo horario ou frecuencia de uso.



No referente ás peaxes das autoestradas estatais, seguiremos traballando para eliminar as subas extraordinarias previstas e autorizadas polo Goberno central durante 20 anos e solicitaremos a aplicación de, cando menos, descontos análogos aos das autoestradas autonómicas.

## ACTUACIÓN TRANSVERSAIS E DE COOPERACIÓN PARA AVANZAR NA SUSTENTABILIDADE

- **Novo Plan de infraestruturas educativas para o período 2021-2025**, que, adoptando un enfoque medioambiental, permita a súa modernización e adaptación ás novas realidades.
- Plan de renovación de instalacións e equipamento dos **centros sanitarios de atención primaria** enfocado na implantación de medidas de sustentabilidade e eficiencia enerxética.
- **Obras de aumento da eficiencia enerxética nos edificios administrativos da Xunta** para reducir consumo enerxético e emisión de gases contaminantes á atmosfera.
- Os esforzos na mitigación contra o cambio climático deben ser compartidos entre todas as administracións, e por iso crearemos unha **liña de axuda para apoiar aos concellos adheridos ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía** na elaboración dos seus propios plans de acción para o clima e a enerxía sustentable que lles permitan cumprir os compromisos deste programa europeo.
- Poremos en marcha o **Plan Galicia en Local** para colaborar cos concellos á hora de afrontar retos como o cambio climático, o cambio demográfico ou a diversificación de fluxos turísticos. Priorizarase o financiamento de proxectos con obxectivos de dinamización demográfica e sustentabilidade ambiental, ou de proxectos de prestación de servizos locais naqueles concellos máis despoboados.



## COMBATER OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO: A AUGA

- Unha vez en vigor a nova Lei para garantir o abastecemento en situacións de seca, e dentro do marco da rigorosa planificación que se está a levar a cabo, cómpre que o goberno galego desenvolva unha **actuación integral que afronte os retos derivados do cambio climático en materia de augas, con varias liñas de traballo. Referímonos aos novos Plan Hidrolóxico 2021-2027, Plan de Seca e Plan de Xestión do risco de inundacións da Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa.**

Ademais, no ámbito da colaboración cos concellos, seguirá-se traballando na elaboración de plans de seca, na redución das perdas nas redes de abastecemento, na adopción de medidas urbanísticas eficaces para mellorar a xestión dos recursos hídricos, no desenvolvemento de máis plans específicos de xestión do risco de inundación nos concellos cun maior risco, ou na redacción de plans de protección civil fronte ás inundacións.

E co obxectivo de identificar as zonas e informar á cidadanía do posible risco dunha enchenta, implantarase un **Plan de Sinalización das zonas inundables.**

- Tralos avances nesta lexislatura na consolidación dos equipos profesionais de conservación das concas fluviais e na homologación dos protocolos de limpeza dos leitos a través da instrución aprobada en 2019, nos vindeiros anos avanzaremos cara unha **profesionalización da conservación dos ríos** a través dun incremento da estrutura dos equipos de actuación para centrarse na protección das reservas naturais fluviais e das áreas cun maior risco de inundación, así como na recuperación do bosque de ribeira.
- Incorporaranse as novas tecnoloxías á xestión da conca hidrográfica coa **implantación dunha plataforma dixital dos ríos de Galicia-Costa** que se sume á planificación hidrolóxica e á información recollida por Augas de Galicia, facilitando a través da intelixencia artificial a toma de decisións e a capacidade de resposta ante eventualidades.
- Desenvolverase o **proxecto InnovaAugas**, en colaboración con universidades e centros tecnolóxicos galegos, utilizando ferramentas de compra pública innovadora e intelixencia artificial para afrontar os desafíos do desenvolvemento sostible e da xestión intelixente dos recursos hídricos, co obxectivo de utilizar o volume de datos e a capacidade de computación de Augas de Galicia para prestar servizos á cidadanía.



## COMBATER OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO: O LUME

- Impulsaremos unha **nova Lei de prevención e extinción de incendios forestais**, que será elaborada mediante un proceso participativo co persoal do Servizo de Prevención de Incendios, a universidade, o Centro de Investigación de Incendios de Lourizán e os diferentes sectores representados no Consello Forestal.
  - A nova norma potenciará o traballo de prevención estratéxica centrada en aspectos como a súa integración na ordenación do territorio, o fomento das devasas fronte ao lume ou o incremento do tamaño das franxas de protección en determinadas áreas, así como a avaliación do comportamento pasado dos lumes nas zonas de máxima incidencia para anticiparse ao seu desenvolvemento futuro.
  - Ao tempo, recollerá aquelas recomendacións do Ditame da Comisión Especial non permanente de estudo e análise de reformas da Política Forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, creada no Parlamento galego no ano 2018, que sexan de aplicación no seu ámbito.
  - Tamén incluírá as medidas recollidas no informe emitido polo grupo de expertos designados polo Parlamento, consonte ás recomendacións do ditame, sobre a configuración do servizo de prevención e extinción.
- Potenciaremos a **configuración do Servizo galego de prevención e extinción de incendios forestais como un servizo público único, profesionalizado e versátil**.
  - Crearase un plan específico para este servizo onde se estruturará a formación, a investigación, o calendario, os obxectivos e a mellora continua no traballo de prevención constante. Converteremos o antigo hospital de Toén en Ourense nun **Centro Integral para a Loita contra o Lume** de referencia na materia, no que se conte cos maiores especialistas no comportamento e análise dos lumes forestais para dar formación aos bombeiros forestais, concienciar á sociedade civil a través da educación medioambiental e desenvolver análise e investigación.
  - Desenvolveremos, coa colaboración das universidades galegas, un **plan de medios materiais** (equipamento, instalacións, puntos

de encontro, oficinas de distrito, puntos de vixilancia fixa, etc...), que defina as necesidades estratéxicas nun marco temporal de cinco anos para dotación e adquisición.

- En particular, **potenciaranse os medios aéreos** rematando nas 13 bases de helicópteros existentes os traballos de acondicionamento e actuación seguindo as normativas aeronáuticas; engadindo ás dúas bases de avións de carga en terra xa existentes novas bases temporais ou alternativas con capacidade de carga de auga para mellorar o ámbito de actuación dos avións lixeiros; e poñendo en marcha unha base de avións anfibios na zona de Verín, de uso compartido con Portugal e na que poidan operar tamén avionetas de carga en terra e helicópteros de vixilancia e extinción.
- Reforzaremos a investigación dos lumes forestais nas súas facetas policial e forestal a través dun **novo proxecto de potenciación das Brigadas de Investigación de Incendios Forestais nos distritos**, establecendo e estudando Zonas de Especial Vixilancia, analizando as épocas de perigo, facendo seguimento das parroquias de alta actividade incendiaria e incrementando o número de detencións, o número de lumes investigados e o seguimento dos usos posteriores das zonas queimadas.
    - Dentro desta potenciación, apostaremos pola dotación das últimas tecnoloxías, como os vehículos aéreos non tripulados, co apoio dos proxectos de investigación que se están a desenvolver no polo aeronáutico de Rozas.
    - Seguirase reforzando a Rede de videovixilancia forestal de Galicia, dotándoa de novos avances tecnolóxicos a través da sensorización do territorio e a aplicación de técnicas de análise de datos e imaxes, incorporando técnicas de intelixencia artificial que permitan a definición de modelos predictivos no territorio.
  - Renovaremos o convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e coa Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) para a **protección das aldeas fronte aos lumes forestais**, que xa conta na actualidade con máis dun 80% de concellos integrados.
    - Este convenio contempla un apoio que permitirá que todos os concellos adheridos dispoñan dun Plan municipal de defensa contra incendios forestais, dun visor público de consulta e dun-



ha aplicación denominada XESBÍO, que fai posible a xestión de tódalas parcelas incluídas nas faixas secundarias con historiais específicos por parcela, a tramitación masiva de documentos e informes e a captación en tempo real de informes de campo.

- O convenio implica tamén o financiamento anual de actuacións preventivas de xestión de biomasa nunhas 20.000 hectáreas cada ano, estratexicamente repartidas de acordo co risco potencial de incendios.
  - Da análise dos resultados ata o 2022 desenvolveranse novas liñas apoiando as actuais. Esta actuación preventiva centrarase nas faixas secundarias en base aos plans municipais preventivos.
  - Ao tempo, continuarase coa colaboración cos concellos para a adquisición de tractores para labores de prevención e para o financiamento das brigadas municipais, que verán potenciado o seu papel dentro das liñas marcadas polo informe de expertos designados polo Parlamento de Galicia.
- **Actualización dos Plans de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Distrito Forestal**, incluíndo a rede de faixas primarias e secundarias e en base á evolución dos últimos anos, analizando as posibles variacións de concellos con zona de alto risco. Localizaranse as zonas abandonadas para abordalas desde unha xestión preventiva como perímetros de alto risco.

Anualmente cada distrito elaborará un plan integral preventivo que inclúa as actuacións propias en montes de xestión pública, os perímetros de alto risco de incendios forestais e o seguimento dos incumprimentos preventivos en zonas de risco, así como as accións de educación ambiental.







- **Novo Plan de educación ambiental en prevención de lumes forestais**, con accións destinadas tanto á poboación xeral e aos xestores públicos como ás persoas usuarias do monte, con liñas específicas para montes veciñais en man común, outros propietarios forestais, gandeiros, cazadores, produtores de mel e outras asociacións deportivas e de actividades na natureza.





## GALICIA, ESPAZO SOSTIBLE

O efecto da vida humana no medio ambiente non se limita ao clima, tamén aos residuos que a nosa actividade económica e social xera. Nos próximos 10 anos, Galicia debe adaptarse a un paradigma de consumo baseado no mellor aproveitamento dos recursos. Para iso propoñemos:

- No marco da recentemente aprobada Estratexia de Economía Circular de Galicia, impulsárase en todos os eidos da cadea produtiva o modelo de economía circular a través de **axudas directas ás empresas que desenvolvan iniciativas de prevención de residuos ou de preparación para a reutilización**.  
- **Posta en marcha de liñas de axuda específicas para o fomento das empresas e deseñadores que aposten polo ecodeseño**, é dicir, as melloras nos deseños dos produtos que permitan facelos máis fáciles de reparar, máis duradeiros e máis sinxelos de reciclar. Ao tempo, fomentárase a formación en ecodeseño na educación secundaria e na formación profesional.  
- Aprobación final da **nova Lei de Residuos e Solos contaminados**, xa tramitada nesta lexislatura, que contemplará a xeralización do “quinto contedor” para a materia orgánica e, en consecuencia, a posta en marcha de **tres novas plantas públicas de compostaxe de biorresiduos domésticos** nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, que complementen á de Sogama en Cerceda, así como outras, actuais e futuras, para dar debido cumprimento aos obxectivos de reciclaxe definidos pola Unión Europea. Ao tempo, convocaranse axudas para as administracións locais ou iniciativas privadas que desenvolvan plantas deste tipo.  
- Promoveremos a redacción dunha **Lei de xestión das dexestións gandeiras**, co obxecto de aportar sustentabilidade ao sector gandeiro, solucionar medioambientalmente áreas de alta sensibilidade e xerar un novo modelo altamente comprometido, respectuoso co medio ambiente, eficiente e transparente.

Deste xeito, seremos unha rexión modélica e pioneira en estratexia medioambiental a nivel comunitario, xa que Galicia será a primeira comunidade autónoma en implantar un Sistema integral de xestión, protexendo o medio ambiente, reducindo a pegada de carbono, descontaminando os solos e os acuíferos e, sobre todo,

blindando os sectores do leite, da carne e dos produtos agroalimentarios galegos.

- Crearase o **Ecobono de transporte**, implantando nos principais nodos de transporte de viaxeiros máquinas de “reverse vending” que incentiven a reciclaxe de envases a través da súa bonificación con descontos ou viaxes en transporte público da Xunta de Galicia.
- A construción de 45 novas depuradoras nos últimos 10 anos ten duplicado a capacidade de saneamento de Galicia e mellorado nun 10% a calidade das masas de auga das rías. Sen embargo, existe un déficit de mantemento nas infraestruturas xestionadas polos concellos. Para solucionalo, promoveremos un **modelo de xestión do ciclo integral da auga sostible e eficiente** baixo un instrumento público, integral, con solvencia técnica, que aproveite as economías de escala e contemple tarifas igualitarias e homoxéneas.
- Unha vez completadas ou en vías de finalización as infraestruturas de saneamento nas áreas urbanas e grandes núcleos de poboación, cómpre avanzar cara o deseño e implantación dun **novo modelo específico e sostible de saneamento no rural**. Así, en colaboración con concellos e comunidades de usuarios, avanzaráse en sistemas pequenos de depuración de xestión natural e por sistemas de filtros verdes para a autodepuración.
- Garantiremos unha mellor **calidade das augas mariñas** e un máis avanzado sistema de control e loita contra a contaminación:
  - Avanzando no investimento en materia de saneamento naquelas zonas de marisqueo e acuicultura onde se poida mellorar a calidade das augas e a capacidade de comercialización dos produtos obtidos.
  - Garantindo un **sistema de salvamento marítimo, loita contra a contaminación e vixilancia pesqueira mellor dotado** e máis sostible economicamente, así como máis coordinado con outros corpos de fins e cometidos semellantes, como SASEMAR, para o que se procederá a renovar e adecuar os convenios vixentes coa Administración Xeral do Estado, de xeito que se avance na coordinación de medios e se mellore o financiamento desta competencia compartida.
  - Artellando un **Plan de loita contra o lixo mariño**, que integre todas as medidas e iniciativas levadas a cabo neste ámbito de ac-



tuación e contemple medidas de concienciación, coñecemento e loita directa contra o lixo presente no medio mariño, con especial dedicación aos plásticos e microplásticos.

- **Actualizando o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental** da Comunidade galega, mediante a adecuación ás novas normativas xurdidas e mellorando a integración dos medios e protocolos conforme á experiencia acadada nos últimos anos.
- Poñendo en marcha unha **plataforma dixital para integrar a información subministrada pola rede de observadores do medio mariño galego**, organizando xornadas para dar a coñecer este proxecto aos distintos sectores implicados.
- Aposta pola rehabilitación de vivendas en lugar da nova construción, declarando e **poñendo en marcha a rehabilitación de preto de 3.000 vivendas a través da declaración de novas áreas REXURBE** que se creen ao abeiro da Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana aprobada no ano 2019.

Ademais, farase o desenvolvemento regulamentario desta lei, no que será de especial importancia o **modelo de plan especial de protección** que servirá de guía para a redacción destes plans, de xeito que se unifiquen criterios para todo o territorio de Galicia.

- Para acadar un parque de vivendas máis sostible e accesible, promoverase a elaboración dunha **guía de vivendas intelixentes e convocarase unha liña de axudas para acadalas**, entendendo por vivenda intelixente aquela con automatización dos servizos enerxéticos, instalacións eficientes e que faciliten os desprazamentos dos residentes con criterios de mobilidade sostible. Tamén se contemplarán como criterios de vivenda intelixente aquelas que faciliten os mecanismos domóticos que axuden ao establecemento de instrumentos de vixilancia e alertas de persoas que viven soas.
- Elaboración dun **Plan específico para toda Galicia de desamiantado dos centros educativos**.
- Incrementaranse e ampliaranse os **programas de axudas e subvencións ás actuacións de rehabilitación que teñan por obxecto a protección**








**fronte ao gas radón nas edificacións de uso residencial** existentes e se intensificarán as tarefas divulgativas.

- Posta en marcha dun **Plan para minimizar a presenza de gas radón nos edificios administrativos da Xunta**.
- Promoción da **construción e rehabilitación con madeiras locais no eido público e no privado**, mediante:
  - O desenvolvemento dun **plan de axudas** para incentivar a construción e rehabilitación privada, tanto de vivendas individuais, como de naves industriais e comerciais.
  - A promoción da construción de **32 centros públicos**.
  - E o desenvolvemento dun **Programa de Deseño Biofílico**, para promover o uso da madeira en espazos públicos.
- Impulsaremos a **bioeconomía circular**, como unha panca para atraer investimentos industriais a Galicia, fomentar a economía circular e baixa en carbono, e promover e impulsar a innovación
  - Fomentaremos o emprego da madeira na fabricación de produtos téxtiles para uso sanitario ou alimentario.
  - Apoiaremos a innovación para substituír o emprego do plástico pola madeira na fabricación de produtos, reducindo os materiais non sustentables en sectores estratéxicos da economía galega, como o sector da automoción.
  - Axudaremos no desenvolvemento de novos materiais con funcionalidades innovadoras, como o deseño de embalaxes e puntos de venda en madeira.
  - Consolidaremos o papel da xestión forestal do monte galego como pilar fundamental da bioeconomía, fomentando un uso da madeira de xeito construtivo e sustentable e conservando e mellorando os recursos xenéticos forestais, garantindo así os investimentos da PAC para o monte.

Neste liña, desenvolveranse un Programa de fomento de xestión activa de masas de frondosas autóctonas, con apoio ás que estean incluídas no rexistro administrativo de masas consolidadas; un Programa estratéxico do castiñeiro; a ordenación do uso sociorrecreativo en montes periurbanos; e o control e seguimento do estado sanitario das masas forestais.




- Avanzarase no obxectivo de mellorar a sustentabilidade ambiental dos nosos parques empresariais coa posta en marcha dunha **liña de axudas para crear eco-parques industriais**, con colaboración das empresas entre si e coa comunidade local para o mellor desempeño ambiental a través da xestión conxunta, así como para potenciar o desenvolvemento e adaptación de proxectos de simbiose industrial de modelo circular en polígonos xa existentes.   

- Aproveitamento da Estratexia TUR21 para **implantar criterios de economía circular na cadea de valor das empresas do sector turístico** e para promover pautas de consumo responsable entre os turistas. Afondarase no modelo de slow turismo (pausado e sustentable), implantando medidas sostibles en coordinación coa Axenda 2030.
- **Avanzar cara a administración autonómica 100% sostible** a través da promoción de prácticas máis responsables co uso da enerxía e da auga, así como accións de compra pública con criterios verdes como a eliminación do plástico dun só uso, a esixencia de material de oficina reciclado e respectuoso co medio ambiente, ou o fomento da utilización de materiais reciclados na contratación de obras públicas. 



# GALICIA VERDE, TERRITORIO VERTEBRADO E PROTEXIDO

Ademais de coidar o medio ambiente reducindo o dano que a nosa actividade social e produtiva poida producir nel, o desenvolvemento da Galicia dos próximos 10 anos debe acadar un modelo de vertebración respectuoso co entorno natural, tanto no que respecta ao desenvolvemento de todo tipo de infraestruturas públicas como no que ten que ver coa planificación de usos do solo.

Debemos medrar e ser máis competitivos, pero sempre compaxinando estes avances coa necesidade de crear contornas máis habitables e respectando a paisaxe, a natureza, a flora e a fauna que nos rodean e fan de Galicia un lugar único.

Para isto propoñemos:

- **Aprobación final da Lei de Ordenación do Territorio**, xa tramitada na lexislatura 2016-2020, para completar a renovación do marco normativo que dirixirá o crecemento de Galicia na próxima década. A nova lei simplificará administrativamente a actual normativa, así como o número de instrumentos de ordenación do territorio. 
- Como continuación do proxecto "Primare", porase en marcha a **plataforma "Galicia Territorio Intelixente"**, que consolidará cunha base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos. Será un instrumento estratéxico para a definición das políticas públicas, a vixilancia territorial e o desenvolvemento das estratexias de sostibilidade ambiental.  
- Posta en marcha da **Plataforma Urbanística Dixital de Galicia**, que facilitará a participación cidadá nos procedementos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico, ao dar acceso público e ordenado a toda a documentación destes proxectos.

Esta plataforma posibilitará a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico a través da mesma, onde se colgarán os informes sectoriais dos tres niveis de administración e as alegacións dos particulares, incrementando tanto a transparencia do procedemento como a súa axilidade.  

- **Elaboración e aprobación por parte da Xunta de 37 Plans Básicos Municipais** para conseguir dotar dun instrumento de ordenación urbanística a todos aqueles concellos de menos de 5.000 habitantes que nin contan con planeamento nin o teñen en tramitación.
- **Facilitaremos que máis doutros 30 concellos poidan contar nos vindeiros catro anos con planeamento urbanístico**, o que suporía que en Galicia un total de 70 concellos teñan novo planeamento urbanístico nos próximos anos e superar en 2024 os 175 concellos con planeamento urbanístico propio acorde coa Lei do Solo.
- Para avanzar na loita contra o feísmo e no coidado da paisaxe, porase en marcha unha **liña de axudas específica para a finalización de construcións inacabadas** por parte de propietarios sen recursos económicos suficientes, logrando así, por exemplo, que se adapten á guía de cores e materiais.
- Aprobación dunha **Lei de Arquitectura de Galicia**, que cree un marco xurídico axeitado para garantir a calidade arquitectónica e urbanística e a integración na paisaxe das edificacións da nosa comunidade.
- Elaboración dunha Guía de Boas Prácticas de Intervención en Sistemas Praia-Duna que estableza as **directrices para a integración paisaxística e homoxeneidade estética dos chamados "chiringuitos" nas praias**, asegurando a súa compatibilidade cos criterios marcados polo decreto regulador das competencias autonómica no Dominio Público Marítimo-Terrestre aprobado en 2019. No caso dos establecementos xa existentes, apoiaranse economicamente as reformas e melloras necesarias para a súa adaptación.
- Elaboración dun **Libro branco da integración paisaxística das infraestruturas de Galicia** como documento que propoña uns criterios únicos de deseño de infraestruturas (desde estradas e autovías ata rotondas, marquesiñas ou pasarelas peonís) para manter a coherencia paisaxística entre a infraestrutura e a zona na que se implanta, ao tempo que dea certa uniformidade ás infraestruturas galegas, tendo en conta o simbolismo e singularidade propias de Galicia e fomentando os materiais autóctonos e de produción próxima.
- Redactaremos unha **planificación global de execución das dragaxes, melloras de abrigos e instalacións nos portos autonómicos** conforme ás necesidades detectadas e o desenvolvemento progresivo en base a unha tramitación conxunta e paralela.



Aprobaremos, ademais, o **regulamento de explotación e policía dos portos e das instalacións marítimas** para completar o seu desenvolvemento normativo.

- Desenvolvemento da **Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia**, tramitada durante a lexislatura 2016–2020. A finalidade desta estratexia é a creación dunha rede de espazos naturais e seminaturais planificados estratexicamente para ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos.






Trátase, en definitiva, de levar a cabo unha ordenación integral do territorio desde o punto de vista ambiental para asegurar a provisión de servizos de regulación (biodiversidade, adaptación e mitigación do cambio climático, fertilidade do solo, regulación hídrica, calidade do aire, control de inundacións e erosións, etc); servizos de abastecemento (produción e seguridade alimentaria, abastecemento de auga e enerxía, etc); e servizos culturais (ocio, benestar, saúde, paisaxe, etc). Esta estratexia terá tamén desenvolvementos específicos nas sete cidades galegas.

- Trala aprobación da nova Lei de Patrimonio Natural de Galicia e dos Plans Reitores de Uso e Xestión do Parque Natural Illas Atlánticas e de tres dos seis parques naturais galegos, aprobaranse os PRUX restantes (Complexo Dunar de Corrubedo, Baixa Limia-Serra do Xurés e Fragas do Eume) e utilizarase a Rede de Parques Naturais de Galicia para **promocionar os valores naturais do conxunto dos parques** a través de campamentos urbanos e excursións guiadas entre nenos e nenas.

Ademais, apoiarase a **fixación de poboación** no territorio dos parques naturais e a implantación de **iniciativas empresariais** ligadas á súa posta en valor. Para iso, potenciaranse os parques naturais como valor de desenvolvemento económico e dinamizador das economías locais do seu entorno destacando as singularidades de cada un.

- Unha vez creada nesta lexislatura a Rede Galega de Reservas da Biosfera, elaborárase un **plan de promoción conxunto para as 6 reservas existentes na nosa comunidade**, fomentando experiencias turísticas complementarias como a creación dun pasaporte que fomente a visita a todas estas reservas ou a posta en marcha de axudas para a implantación empresarial de iniciativas ligadas a estas experiencias turísticas sostibles.



- Unha vez xa declarado en abril de 2019 o primeiro xeoparque mundial da Unesco en Galicia, o Xeoparque Montañas do Courel, contribuiremos á súa promoción, conservación e difusión, así como ao **impulso de novos xeoparques en Galicia**, que sirvan para protexer o noso patrimonio xeolóxico a través dunha estratexia de desenvolvemento territorial sostible. 
- Aproveitar a nova Política Agraria Común e o seu futuro Plan Estratéxico para contribuír á **protección da biodiversidade e da conservación dos hábitats e das paisaxes**. 
- Desenvolveremos unha **estratexia para preservar e recuperar o bosque de ribeira** en colaboración con todos os axentes implicados (demarcacións hidrográficas, concellos e particulares), así como para a conservación das reservas naturais fluviais recollidas na planificación hidrolóxica. 
- Fomentaremos a **planificación e xestión sostible no eido forestal** a través de instrumentos como a aprobación da revisión do Plan Forestal de Galicia, un documento base desta planificación estratéxica; e a posta en marcha dun Inventario Forestal Continuo de Galicia a través do convenio de colaboración xa asinado na lexislatura 2016-2020 coas universidades galegas.
  - Para avanzar no rigor e transparencia da política forestal, utilizaranse os datos deste inventario como sistema de apoio á toma de decisións, mentres que o cumprimento do Plan Forestal será avaliado periodicamente polo Consello Forestal e o Parlamento de Galicia.
  - A partir dos obxectivos sinalados no Plan Forestal e da información do inventario completaranse nesta lexislatura os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais en Galicia, que deberán ser o referente técnico de ámbito comarcal para a ordenación e xestión dos recursos forestais, e promoverase a redacción e execución dos instrumentos de ordenación da xestión forestal e da súa certificación.   

- Traballaremos na consecución dun **monte certificado, ordenado e con biomasa controlada**, que teña un aproveitamento multifuncional e con biodiversidade, e que sexa rendible económica, social e medioambientalmente. Impulsaremos os aproveitamentos silvopastorís dun sector fundamental para o noso monte como é o da castaña, promovendo as

novas plantacións ao tempo que se incentiva a recuperación dos soutos tradicionais.

Ao longo da lexislatura apoiaremos a plantación de 10.000 novas hectáreas de castiñeiros de froita e recuperaremos 5.000 hectáreas de soutos tradicionais. Reforzaremos a protección das masas de frondosas consolidadas, recuperando usos tradicionais ligados ao pastoreo.

- **Revisaremos a normativa legal sobre montes veciñais en man común**, renovando unha lexislación que data de 1989 baixo criterios como a potenciación das agrupacións e as mancomunidades para a xestión conxunta de comunidades limítrofes, o apoio administrativo á súa boa gobernanza e á redacción dos seus instrumentos de ordenación e xestión forestal, co obxectivo de que todos os montes comunais dispoñan de ditos instrumentos a finais do 2024. A reforma legal contemplará tamén a creación do Consello de Comunidades de Montes Veciñais e a promoción dos seus valores na cultura forestal propia e singular do monte galego.
- Reforzaremos as **liñas de voluntariado orientadas ao eido ambiental**.
- Seguiremos a defender a caza como actividade sustentable e compatible coa defensa do medio ambiente. Nese sentido, aprobaremos o **regulamento da Lei de caza** para desenvolver medidas como a regulación dos instrumentos de planificación (plans de ordenación e plans anuais) do aproveitamento cinexético.
- Aprobación da **Lei de pesca continental de Galicia**, xa tramitada na lexislatura 2016-2020 e que actualizará a norma de 1992 co obxectivo de afrontar os desafíos de futuro neste sector. En desenvolvemento desta lei, poranse en marcha as primeiras escolas de río dirixidas á mocidade para garantir, en colaboración coas entidades de pesca fluvial, o relevo xeracional nesta actividade.
- Para contribuír ao cumprimento da Lei galega de protección e benestar dos animais de compañía, que entrou en vigor en 2018, darase **apoio económico aos concellos para a creación de novos centros de recollida e atención a animais abandonados** que poidan ser xestionados de xeito mancomunado entre varias localidades, optimizando os recursos e creando unha rede coordinada entre estes centros.
  - o Así mesmo, continuaremos coas liñas implementadas durante esta lexislatura para apoiar a esterilización e identificación dos



- animais aloxados nestes centros, como ferramentas fundamentais de loita fronte ao abandono.
- Tamén se porán en marcha novas liñas específicas destinadas a axudar ás asociacións para a defensa e a protección destes animais, que precisan de novos apoios para paliar a vulnerabilidade derivada de situacións como a crise sanitaria orixinada pola COVID-19.
  - Ademais, aprobarase o desenvolvemento regulamentario desta lei, que incluírá aspectos como a concreción das mínimas atencións hixiénico sanitarias que deben ser esixidas para obter un certo estándar de bo trato animal, definirá polo miúdo as obrigas das persoas donas ou posuidoras dos animais e homoxeneizará e facilitará os trámites de adopción e acollemento destes animais.
- Tendo en contra a cada vez máis frecuente detección de casos problemáticos en relación á situación de desamparo de animais de produción e de resolucións xudiciais que trasladan á Administración Autonómica a responsabilidade de facerse cargo dos animais afectados, **crearemos un centro de recollida de animais de produción abandonados ou que foran obxecto de maltrato animal**, avanzando na liña de apoio ao benestar animal que está contemplada como obxectivo específico na nova PAC.



## EIXO V

**GAÑAR O FUTURO:** O RETO DA  
GOBERNANZA E A ESTABILIDADE  
NUN MUNDO GLOBALIZADO.  
GALICIA EN ESPAÑA, EN EUROPA  
E NO MUNDO

A década que iniciamos en 2020 está a traer, a todas as sociedades desenvolvidas, moitos e fondos cambios económicos, sociais e políticos. Por unha banda, a globalización continúa a empequeñecer o mundo e a crear oportunidades de desenvolvemento e expansión do benestar. Pero, por outra, emerxen movementos que explotan a incerteza que acompaña a todo cambio e algunhas das súas consecuencias, por exemplo no ámbito da identidade ou no da redistribución. As dificultades que as actuais institucións políticas teñen para paliar algunhas das consecuencias negativas que toda transformación provoca está sendo aproveitado en moitos países por movementos políticos antisistema e forzas políticas de tendencia antidemocrática e antiliberal, o que á súa vez incrementa as incertezas, a inestabilidade e a dificultade para afrontar con solvencia os retos aos que se enfrenta a nosa sociedade. As drásticas medidas limitadoras de dereitos e liberdades adoptadas en moitos países con motivo da pandemia da COVID-19 acentúan estes perigos.

Galicia afronta este momento de fondos cambios políticos con institucións propias, exercendo o autogoberno no marco da mellor Constitución da nosa historia, e integrada na Unión Europea. O Estatuto, a Constitución e os Tratados da Unión Europea permitíronnos convivir democraticamente; mellorar de xeito significativo o noso benestar; defender os nosos intereses, tanto en España como na Unión Europea; e afondar na nosa identidade e proxectala no resto de España e do mundo. O recente exemplo da xestión da pandemia da COVID-19 e do esforzo posterior pola recuperación económica e social amosan que o noso marco institucional continúa a ser a mellor garantía para afrontar os retos presentes e futuros da nosa sociedade.

Por iso, o PPdeG está firmemente comprometido na defensa da súa vixencia e no afondamento nos principios que inspiran a Constitución, o Estatuto e a Unión Europea, porque garanten a liberdade, a igualdade, a solidariedade entre as persoas e os territorios, o autogoberno e o respecto ás identidades propias que, como a galega, conforman España. Especialmente no momento político actual, no que algunhas forzas políticas defenden ou apoian o independentismo e a ruptura da nación española; outras formulan a introdución de asimetrías entre comunidades autónomas que poñen en risco a capacidade redistribuidora do sistema constitucional; e outros máis defenden directamente a desaparición do Estado autonómico.

A gobernanza multinivel esixe un esforzo de cooperación leal entre os distintos niveis de goberno, pero tamén de modernización e adaptación da nosa propia Administración. Para elo, impulsaremos novas reformas normativas e optimizaremos as posibilidades das tecnoloxías dixitais para desenvolver unha administración pública autonómica máis eficaz e eficiente, máis trans-

parente e máis dixital, para estar máis próxima aos cidadáns e facilitar as súas iniciativas vitais, profesionais e empresariais.

O mundo avanza cara un modelo de sociedade máis globalizada, na que a construción de identidades culturais ten mudado substancialmente, así como as canles e os xeitos de achegarse á cultura. A Galicia da próxima década necesita de medidas que permitan difundir e preservar a súa identidade e o seu patrimonio neste novo entorno social e tecnolóxico. Por iso, levaremos adiante accións para que Galicia siga sendo, tamén no novo mundo dixital e tal e como a definían os membros da Xeración Nós (cuxo centenario celebramos este ano), unha "célula de universalidade".

# GALICIA, COMUNIDADE AUTÓNOMA LEAL COA CONSTITUCIÓN E O ESTATUTO

A través da Constitución de 1978, España constituíuse nun Estado que actúa a través da súa Administración Xeral, das administracións autonómicas e dos poderes locais, require para o seu bo funcionamento o exercicio da lealdade institucional por todos os poderes públicos. Todos os gobernos deben cooperar entre si para acadar o ben común; e ningún goberno pode, no exercicio das súas competencias, tomar decisións unilaterais que prexudiquen o exercicio das súas competencias polos restantes gobernos, do mesmo o de distinto nivel territorial. No noso modelo constitucional, que articula en tres niveis territoriais (o local, autonómico e central) o exercicio das competencias dos poderes públicos, só a cooperación leal entre todos eles garante a consecución dos obxectivos comúns que como sociedade partillamos e a defensa dos valores constitucionais que compartimos.

A crise da COVID-19 puxo en evidencia, unha vez máis, a importancia que ten a cooperación leal entre administracións para impulsar o ben común nun sistema político tan fortemente descentralizado como o noso. Mesmo tras seren establecido un mando único no Goberno de España mediante a declaración do Estado de Alarma convalidada en varias ocasións polo Congreso dos Deputados, a Conferencia de Presidentes convocada en 14 ocasións mostrouse, pese ás circunstancias, como unha útil solución institucional para combater mais eficazmente a epidemia. Unha solución institucional proposta desde Galicia hai tres décadas, e que aínda require de perfeccionamento.

O PPdeG continuará impulsando desde a Xunta, con lealdade institucional, as reformas que melloren os aspectos colaborativos do noso Estado das Autonomías. Porque é bo para todos, pero tamén para poder defender mellor os intereses específicos da nosa Comunidade Autónoma. Con lealdade, participando nos órganos de cooperación institucional existentes, co obxectivo de mellorar as políticas públicas que benefician á cidadanía galega desde todas as administracións, incluídas as institucións europeas.

- **Impulsaremos a continuidade do funcionamento da Conferencia de Presidentes** recuperando, como establece o seu Regulamento, o seu carácter periódico e cunha axenda de traballo consensuada entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, co obxectivo de convertela, máis alá das súas funcións informativas, nun instrumento para a decisión conxunta nas cuestións de interese común.

Entre elas o impulso do traballo do Consello de Política Fiscal e Financeira e das Conferencias Sectoriais e os demais órganos de cooperación existentes.

- Impulsaremos o **funcionamento regular de todos os órganos de cooperación multilateral entre administracións**, para garantir a participación de Galicia nos procesos decisorios do Estado. Defenderemos o principio xurídico da lealdade institucional, de xeito que neles se ponderen e compensen as consecuencias das decisións adoptadas pola Administración Xeral do Estado que afectan a Galicia, particularmente no ámbito financeiro no Consello de Política Fiscal e Financeira; así como nas conferencias sectoriais; porque é nelas onde se deben tratar e solucionar os problemas que afectan a todos os territorios e aos seus gobernos: desde o problema demográfico ao financiamento autonómico; desde a dependencia á educación ou a sanidade.
- No ámbito do poder lexislativo, continuaremos a apoiar aquelas reformas que se dirixan a **potenciar ao Senado como Cámara de representación territorial**.
- Nas cuestións que atinxen especificamente ás relacións entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración Xeral do Estado, **impulsaremos a convocatoria das Comisións Mixta de Transferencias e Bilateral**, segundo as materias a considerar.
- No ámbito da **relación co poder xudicial**, manteremos o diálogo a través das Comisións Mixtas que a Xunta de Galicia mantén coa Fiscalía Superior e co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. En particular, dentro desta última manteremos o criterio de unanimidade á hora de solicitar ao Goberno de España a creación de novos xulgados conforme ás necesidades de carga de traballo e reformas lexislativas, especialmente nos ámbitos social, civil e mercantil.



## REFORZO DO AUTOGOBERNO

### Sistema de financiamento

O sistema de financiamento é a peza chave para achegar os recursos precisos que permitan exercer as competencias da comunidade autónoma e desenvolver as políticas de gasto que materialicen o exercicio do autogoberno con suficiencia. Os ingresos que proveñen do sistema de financiamento supoñen máis do 80% dos recursos orzamentarios anuais, constituíndo a base para a elaboración dos orzamentos de cada ano.

O sistema de financiamento deseñado polo Goberno socialista no 2009 fixo que a nosa comunidade autónoma pasara dun financiamento por habitante axustado a competencias homoxéneas por enriba da media no 2009, onde supoñía un 106% (sobre a media=100), a estar na media no 2017 (último exercicio liquidado). Galicia precisa paliar esta continuada participación decrecente na evolución dinámica do sistema.

Co vixente sistema de financiamento pendente de renovación, o actual Goberno socialista paralizou os traballos que para a súa reforma se estaban a desenvolver de xeito consensuado coa colaboración de expertos e representantes de todas as comunidades autónomas, e asumiu compromisos con distintas forzas nacionalistas minoritarias respecto da reforma. Asemade, estanse a adoptar decisións sobre o reparto dos fondos adicionais para a recuperación trala pandemia da COVID-19 que non seguen o sistema vixente e non agoiran unha boa perspectiva para a negociación da futura reforma.

Diante deste escenario, o PPdeG defenderá:

- Un sistema de financiamento **máis sinxelo, transparente e predicible**, que estableza de xeito claro cales son os recursos cos que poderemos contar cada ano e evite a posibilidade de retención de recursos dos impostos dos galegos, como a acontecida no 2019 co IVE ou coas compensacións por ser unha comunidade cumpridora.
- Un sistema dotado de **máis recursos**, que reflicta o peso real das políticas de gasto competencia das comunidades autónomas no total do gasto público, para facer efectivo o principio de suficiencia.
- Un sistema **equitativo**, que garanta que ningún territorio de España sexa tratado financeiramente de forma máis vantaxosa por razóns alleas aos principios de suficiencia e solidariedade que a Constitución establece.
- Para elo, é preciso que se **ponderen axeitadamente os factores de custo** que fan máis onerosa a prestación de servizos públicos sobre a me-

dia, polo miúdo o avellentamento da poboación e a dispersión territorial da mesma.

- A **igualdade entre comunidades autónomas** tamén esixe analizar os mecanismos establecidos polo Ministerio de Facenda á marxe do sistema de financiamento. Compre pór en valor o rigor na xestión das contas públicas dos gobernos do PPdeG e a súa contribución á estabilidade financeira do país, eliminando as vantaxes recollidas a través de mecanismos financeiros que benefician as comunidades autónomas que máis se desviaron dos obxectivos de déficit. Estas axudas supoñen un auténtico sistema paralelo de financiamento non baseado en ningún criterio obxectivo, agás os déficits acumulados.
- Especialmente, farase unha análise particular dos fondos asignados polo Goberno de España para financiar o custo da pandemia da COVID-19, cunha sistemática que, ata o de agora, adoece de falta de consenso entre as Comunidades Autónomas, empregando unhas variables de reparto diferentes ás consensuadas no sistema de financiamento autonómico e que prexudican a Galicia e a súa boa xestión da crise sanitaria.
- O novo sistema de financiamento debe partir da **eliminación da liquidación do exercicio 2020**. Na medida en que os ingresos tributarios, fortemente impactados polo parón económico derivado da pandemia, xa están a ser financiados con débeda neste exercicio (débeda que conta cunha garantía especial da UE), cómpre aplicar unha medida excepcional no ano 2022 que elimine a liquidación, para non caer no mesmo erro que foi a liquidación do Goberno socialista correspondente a 2008 e 2009, que cargou a Galicia cunha débeda de 2.200 millóns de euros que aínda estamos a pagar, o que comprometería fortemente unhas finanzas autonómicas sostibles.

## TRANSFERENCIA DE NOVAS COMPETENCIAS

O Estado Autonómico, no ámbito competencial, está desenvolvido no substancial, de xeito que as comunidades autónomas de España desenvolven un abano de competencias (sanitarias, educativas, políticas sociais ou xustiza, promoción económica, infraestruturas, entre moitas outras) e unha capacidade legislativa moi superior á que teñen moitos estados en países nominalmente chamados federais. A debilidade parlamentaria do actual Goberno socialista o ten levado, ao igual que con relación ao financiamento, a abrir o debate sobre novas transferencias ás comunidades autónomas, algunhas delas de dubidosa constitucionalidade. A este respecto, desde o PPdeG:

- **Non aceptaremos que Galicia quede en inferioridade de condicións por tratos bilaterais ou asimétricos** que se deriven da dependencia do Goberno de España polos compromisos con forzas que exercen o goberno noutras comunidades autónomas.
- Apoiaremos novos traspasos sempre e cando ditas novas competencias non poñan en risco a viabilidade de políticas estatais que, precisamente por ser exercitadas de forma centralizada, supoñen un gran beneficio para o conxunto dos españois, e para os galegos e galegas en particular. Así, por exemplo, opoñerémonos á descentralización daquelas competencias da Seguridade Social que comprometan a viabilidade das pensións ou introduzan desigualdades entre a cidadanía como consecuencia da aplicación de criterios distintos para o recoñecemento de prestacións dos pensionistas nas distintas comunidades autónomas. Ou, no caso da sanidade, opoñerémonos a desaparición do sistema MIR, exemplo internacional de bo funcionamento na formación do persoal médico grazas a súa xestión centralizada en España.
- **Continuaremos demandando os traspasos que permiten unha mellor prestación dos servizos públicos a través dunha xestión de proximidade dentro do marco constitucional e estatutario**, e que foron avalados polo Parlamento galego. En particular:
  - Acordo sobre museos e bibliotecas estatais
  - Acordo sobre arquivos de titularidade estatal
  - Bolsas e axudas ao estudo
  - Inspección de traballo
  - Servizos meteorolóxicos
  - Ordenación do sector pesqueiro

- Investigación oceanográfica
  - Expedición de titulacións e tarxetas acreditativas da Mariña Mercante.
  - Inspección e vixilancia pesqueira e inspección en materia de seguridade a bordo.
  - Ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre.
  - Competencias de execución e xestión en materia de persoal ao servizo da administración de Xustiza
  - Competencias en materia de reclamacións económico-administrativas
  - Cesión da titularidade dos inmobles da Seguridade Social
  - Sanidade penitenciaria
  - Titularidade das autoestradas AP-9 e AP-53
- Ademais, **reclamaremos a xestión do Ingreso Mínimo Vital para a Comunidade Autónoma de Galicia**, unha vez que o Goberno socialista recoñeceu que a competencia é transferible a algunha Comunidade Autónoma.
- **Negociaremos as condicións da transferencia da titularidade á Comunidade Autónoma de Galicia das estradas AP-53 e AP-9**, acompañadas dos recursos técnicos e administrativos necesarios. En particular, na transferencia da AP-9 defenderase que o Estado continúe a facerse cargo das bonificacións das peaxes que se estean a aplicar no momento do traspaso, así como doutras comprometidas como a liberalización da peaxe Vigo-Redondela e o establecemento de novas bonificacións para vehículos lixeiros e pesados.
- Defenderase tamén, no caso da AP-9, que o Estado asuma pola vía orzamentaria o incremento do 1% anual da peaxe asinado polo goberno socialista de Zapatero e que se executen as actuacións comprometidas para a mellora da funcionalidade e conectividade desta autoestrada (ampliación de Alfonso Molina entre A Coruña e AP-9, Vial 18 de conexión da AP-9 e AC-14, conexión da AP-9 coa A-54 a través do enlace orbital en Santiago e reforma do nó de bombeiros en Pontevedra), así como a execución por parte do Estado ou transferencia do financiamento a Galicia para

a realización das obras que poidan ser necesarias ao longo da vida da concesión (medidas de mitigación do ruído ou ampliacións de capacidade en tramos como a circunvalación de Pontevedra, Teis-Vigo ou Guísamo-A Coruña).

- Dado que o Consello Consultivo de Galicia vén de emitir un dictame no que establece que os acordos entre o Estado e Auda nos que se sustentan as subas extraordinarias de peaxes da AP-9 aprobadas polo Goberno de Zapatero presentan dúbidas de legalidade e agochan un "beneficio fiscal encuberto a favor da concesionaria", reclamaremos que se revisen estes acordos pola súa dubidosa legalidade e que o Estado asuma pola vía orzamentaria o custo pendente de pago das obras de ampliación da autoestrada AP-9 en Santiago e Rande

## AXENDA GALICIA

Se algo ten caracterizado estes dez anos de goberno en Galicia ten sido a lealdade e a responsabilidade coas que se exerceu o autogoberno: desde o respecto ao Estatuto, á Constitución e ao proceso de construción europea; cumprindo con lealdade os compromisos adquiridos con outras administracións e esixindo unha lealdade recíproca sobre os compromisos que estas administracións adquiren con Galicia.

Por elo, o PPdeG comprométese a continuar demandando lealdade ao Goberno de España, impulsando a Axenda Galicia, como fixo no pasado, e con independencia da forza ou forzas políticas que estean a fronte da Administración Xeral.

Esta Axenda recolle cuestións que afectan moi directamente a milleiros de familias galegas, necesidades incrementadas nos últimos meses pola pandemia provocada pola COVID-19 e as súas consecuencias tanto a nivel social como económico, e que requiren de forma urxente solucións desde o Goberno central en colaboración coa Xunta. Trátase de reivindicacións prioritarias sobre as que tamén existe un mandato do Parlamento de Galicia para urxir a súa resolución. Son as seguintes:

- 1- **O pago da débeda pendente con Galicia** no relativo á mensualidade do IVE de 2017 aínda non transferida (200 millóns de euros) e aos incentivos ás comunidades con bo desempeño financeiro (170 millóns de euros).
- 2- **A negociación dun novo sistema de financiamento autonómico** que pondere nunha maior medida cuestións como o envellecemento e a dispersión da poboación, cun efecto directo no custo da prestación dos servizos e, en consecuencia, das necesidades efectivas de gasto.
- 3- **A aprobación dunha Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico**, pendente desde hai anos e que agora deberá ter tamén en conta as consecuencias sociais e económicas da crise da COVID-19 en materias como as necesidades de conciliación ou coidado de maiores.
- 4- **A defensa perante as institucións europeas da non diminución abrupta dos Fondos de Cohesión asignados a Galicia**, así como a defensa dos intereses do noso sector pesqueiro no proceso de saída do Reino Unido da Unión Europea.
- 5- **A realización en Galicia das infraestruturas ferroviarias pendentes**, nomeadamente a finalización do AVE nos prazos comprometidos, así como as súas conexións con Lugo, Ferrol ou Vigo; a mellora do tren

de vía estreita; os investimentos relacionados coa inclusión no trazado do Corredor Atlántico Europeo; as actuacións de intermodalidade nas estacións ferroviarias; a planificación da adaptación do ancho de vía; o reforzo dos servizos de viaxeiros; ou a integración dos servizos ferroviarios co sistema autonómico de transporte metropolitano.

6- **A transferencia á Xunta de Galicia da titularidade da AP-9 e da AP-53**, convenientemente financiadas para asumir os custos das actuacións, obras e rebaixas de peaxes comprometidas nas mesmas.

7- A realización dos **restantes compromisos para atender as necesidades de Galicia en materia de estradas**, particularmente as relacionadas coas autovías Lugo-Santiago, Ourense-Lugo, Vigo-O Porriño, A-8, A-57 ou autovía da Mariña; así como actuacións demandadas noutras estradas como a FE-14, a variante de Pontearreas ou os tramos de concentración de accidentes identificados na rede estatal.

8- **A execución e financiamento das obras hidráulicas de interese xeral do Estado**, incorporando a estas o sistema de abastecemento da cidade de Vigo e da área sur da provincia de Pontevedra, así como a execución dos compromisos na dragaxe da Ría do Burgo e a implicación das confederacións hidrográficas no apoio aos concellos para o exercicio das súas competencias en materia de augas.

9- **Un trato respecto ao financiamento e asunción de débedas contraídas para as autoridades portuarias galegas que sexa igualitario** co acordo que se ten contraído ao respecto da autoridade portuaria valenciana.

10- **A aprobación, á maior brevidade posible, dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que recolla as demandas efectuadas por Galicia**, así como a posta en marcha do resto de medidas necesarias para favorecer un prezo eléctrico estable que permita a continuidade de empresas como Alcoa, Alu-Ibérica ou Ferroatlántica. Así mesmo, presentación dun **Plan Estratégico para o sector do aluminio** no marco do novo fondo europeo Next Generation EU, que permite consolidar a competitividade deste sector esencial ao longo de toda a cadea de valor.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia comprometerase coa factoría da Mariña a través da procura de fondos europeos relacionados co Pacto Verde Europeo e coa recuperación post-COVID, así como dun préstamo participativo que tería por obxecto garantir investimento para darlle continuidade á produción de aluminio primario en Galicia.

- 11- A posta en marcha, a través da integración de Galicia nos correspondentes convenios e plataformas europeas, de **medidas efectivas para garantir unha transición enerxética xusta e ordenada**, que evite o peche acelerado da central térmica das Pontes e busque unha alternativa industrial ao peche da de Meirama; ao tempo que se convoquen novas poxas de renovables que permitan incrementar, aínda máis, a potencia destas enerxías instalada en Galicia.
- 12- A **adopción de medidas que rematen coas incertezas xeradas ao respecto da normativa estatal en materia de Costas** e que garantan a continuidade das concesións ou autorizacións de usos no dominio público-marítimo terrestre.
- 13- O **remate da incerteza respecto ao futuro do sector da automoción** e creación dun marco de diálogo no que se definan novas medidas de apoio en favor da competitividade desta industria clave e o seu estímulo nestes momentos, tras o impacto da COVID-19, cumprindo ademais o compromiso de conectar Vigo coa rede de transporte de 220 kv a través da subestación eléctrica de Balaídos.
- 14- A **consecución de carga de traballo para os estaleiros públicos de Navantia** ata que non comece o corte de chapa para o contrato das fragatas F-110, así como o impulso do estaleiro 4.0 para reforzar a competitividade das instalacións de Navantia Ferrol.



15- A **toma áxil de medidas en relación co sector pesqueiro**, resolven- do as dificultades burocráticas derivadas da aplicación da nova nor- mativa estatal en materia de control de horarios laborais.

16- A busca dun **acordo en materia educativa** que garanta a estabi- lidade e reforce a equidade do sistema, para o que se tome como re- ferente, á vista dos resultados, o modelo educativo galego. Debe darse prioridade á aprobación dun modelo de acceso á profesión docente semellante ao MIR e a coordinación entre as comisións encargadas de elaborar as probas de acceso á universidade, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades no conxunto do Estado.

17- A **adopción de medidas para paliar a escaseza de profesionais na sanidade pública en prazas de difícil cobertura** ou especialidades deficitarias como medicina de familia ou pediatría, comezando polas que xa foran acordadas en abril de 2018 polo Consello Interterritorial.

18- O **incremento da achega da Administración Xeral do Estado no cofinanciamento das prestacións de dependencia** ata chegar a ser equitativa coa que fai a Administración Autonómica, así como o incre- mento da achega estatal para compensar os gastos de transporte en consideración ás particularidades do territorio galego.

19- A necesaria **colaboración económica por parte do Goberno cen- tral para estender a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas**.

20- A toma de **medidas en materia de servizos sociais** que permitan compensar á Administración Autonómica por gastos derivados de ac- tuacións estatais (gastos das entidades que traballan coa discapaci- dade); recuperar fondos comprometidos que foron reducidos no actual exercicio (pobreza infantil, menores estranxeiros non acompañados); incrementar as contías de programas insuficientes para atender a de- manda actual en Galicia (Plan Concertado ou Plan de Desenvolvemento Xitano); e cumprir os compromisos relativos á participación estatal no Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con dis- capacidade.

21- A resposta á demanda conxunta de Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de **creación de tres novos Xulgados do Social: 1 en Lugo, 1 na Coruña e 1 en Vigo**.

22- En materia de seguridade, a **incorporación de novos axentes á Unidade de Policía Adscrita a Galicia** ata completar a súa dotación e

a ampliación das taxas de reposición de efectivos que permitan levar a cabo a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades.

23- A axilización da execución dos **fondos europeos destinados a cumprir os obxectivos de cobertura de banda larga** fixados pola Unión Europea para 2020.

24- O **apoio por parte da Administración Xeral do Estado ás candidaturas galegas a Patrimonio Mundial** (Ribeira Sacra, Cíes-Illas Atlánticas e Ferrol da Ilustración), así como o remate dos compromisos adquiridos con investimentos culturais como o Museo Arqueolóxico de Ourense, a Biblioteca de Vigo ou a estratexia de dotacións culturais e turísticas nos faros galegos.

25- A **aprobación dun plan de investimentos por parte do Goberno de España para o Xacobeo 2021**, que recolla o cumprimento de compromisos por parte da Administración Xeral do Estado en materia de patrimonio cultural, seguridade, promoción turística e delimitación, así como a ampliación do Consello Xacobeo.

# A ADMINISTRACIÓN GALEGA DA PRÓXIMA DÉCADA

Queremos que Galicia siga tendo un goberno previsible, con liñas de traballo coherentes e transparentes e con procesos de avaliación e rendición de contas ante a cidadanía.

Nos últimos anos, os gobernos do PPdeG teñen reformado substancialmente o funcionamento da Administración Autonómica a través de normativa como as leis de organización e funcionamento (2010), disciplina orzamentaria (2011), racionalización (2013), emprego público (2015), garantía da calidade dos servizos (2015), transparencia e bo goberno (2016) ou administración dixital (2019).

O desenvolvemento destas normas e os distintos plans de racionalización de estruturas, reorganización de efectivos, simplificación de trámites e modernización tecnolóxica desenvolvidos de xeito transversal teñen mudado a cultura organizativa da Administración Autonómica e os medios materiais e tecnolóxicos ao seu dispor, o cal permite partir dunha situación de base moito mellor para deseñar unha administración galega para a próxima década máis eficaz e máis dixital.

Para avanzar na cultura da gobernanza solvente e transparente propoñemos para os próximos anos tres grandes actuacións :

## **Primeira: Desenvolver o novo Plan Estratégico 2021-2030.**

Galicia foi pioneira en someter a súa actuación de goberno a un sistema de planificación estratéxica, tendo como resultado situarnos entre as dúas comunidades autónomas que máis progresaron na última década en crecemento da renda per cápita e na converxencia con España.

O obxectivo agora é deseñar a Galicia da vindeira década coa aprobación do Plan Estratégico 2021-2030 antes de que remate o presente ano. Neste plan, que proporcionará ás familias, empresas e administracións información sobre os eixos de actuación da Xunta para a vindeira década, partiremos dunha avaliación do impacto da crise da COVID-19, para a continuación definir, en primeiro termo, as políticas precisas para garantir a protección dos máis desfavorecidos e para acadar a recuperación da actividade económica e do emprego o máis axiña posible; e, en segundo termo, deseñar a dinámica de crecemento en torno a ca-

tro grandes eixes de actuación: dinamización demográfica e benestar, cambio climático, competitividade e cohesión social.

**Segunda: Impulsar a revisión da efectividade das principais políticas de gasto** (as chamadas '*spending reviews*'), coa metodoloxía recomendada pola OCDE e a AIREF, e crear unha **oficina de avaliación dos proxectos**, formada por persoal técnico multidisciplinar, que realice unha avaliación "ex ante" da idoneidade e adecuación da proposta de proxectos de investimento superiores ao millón de euros. Dará resposta a cuestións sobre necesidade, idoneidade, alternativas ou coordinación con outras iniciativas da Administración galega.

O obxectivo é avaliar o valor engadido para os galegos de cada euro de gasto público en relación co seu custo. En escenarios conxunturais como o actual, con altos niveis de débeda e enfrontando un forte *shock* económico, existe máis necesidade que nunca de garantir que os cartos achegados polos galegos a través dos seus tributos son empregados de xeito eficiente.

Para facer que cada euro pagado polos galegos conte, compre seguir a optimizar as políticas de gasto con transparencia e rendendo contas dos resultados acadados, o que contribuirá a aumentar a confianza dos cidadáns na Administración Autonómica.

Para elo, compre impulsar as revisións de gasto ou *spending reviews*, tal e como recomenda a Comisión Europea. En base a elas se avaliarán as principais políticas de gasto para comprobar a súa efectividade e tomar as medidas precisas para mellorar os seus resultados. Estes procedementos son recoñecidos polas administracións máis desenvolvidas como unha ferramenta útil para mellorar a calidade das finanzas públicas, porque implican a identificación dos cambios a aplicar nas actuais políticas públicas de cara a aumentar os beneficios que reportan para a sociedade a través da prestación dos bens e servizos públicos.

España é un dos países máis retrasados na introdución destas melloras na xestión do gasto público (17 estados europeos da área euro xa teñen realizado estes procedementos), mais está a desenvolver a través da Airef actuacións de revisión do gasto que están a proporcionar importantes conclusións sobre diferentes políticas, desde as infraestruturas ás políticas de emprego activo e o gasto en receita farmacéutica.

Galicia non debe ser menos, e debe complementar estes traballos co deseño e desenvolvemento doutros propios máis polo miúdo, para

mellorar os resultados das súas principais políticas de gasto e garantir a sostibilidade e futuro das finanzas públicas galegas.

Para facer posible esta iniciativa, adicionalmente:

- Reforzaremos o papel do Instituto Galego de Estatística no desenvolvemento e implementación de modelos económicos para a simulación ex-ante e a avaliación ex-post do impacto das políticas públicas;
- Reforzaremos a súa capacidade para acceder a datos que, respectando a confidencialidade da información, permitan integralos nos estudos estatísticos públicos de Galicia.



**Terceira: Impulsar a avaliación normativa**, de xeito que periodicamente a Xunta de Galicia, en colaboración co Consello Consultivo, revise a normativa vixente para comprobar cal foi o impacto real da súa entrada en vigor sobre os obxectivos perseguidos e, en función desta análise, se tomen determinacións sobre a necesidade de renovar, reformar, desenvolver, derrogar ou refundir as normas, baixo os principios de eficiencia, simplificación e boa regulación e co resultado de acadar un entorno normativo máis intuitivo e ordenado e de máis sinxela comprensión para o administrado.



## GARANTIR UNHAS CONTAS PÚBLICAS SOSTIBLES

Xunto con estas tres grandes actuacións, comprometémonos a que a administración galega siga funcionando desde os principios de solvencia e sustentabilidade financeira, unha política que permitiu á nosa comunidade afrontar con máis recursos a crise da COVID-19.

Galicia exerceu con responsabilidade a súa autonomía fiscal. Nos últimos anos aprobamos diversas baixadas de impostos que tiveron como finalidade favorecer ás clases medias e baixas, ademais de apoiar a sectores estratéxicos da economía de Galicia, como o agrario, e que ademais contribuíron a unha máis rápida recuperación.

Entre estas baixadas inclúese a rebaixa do IRPF aprobada en 2014, que situou a Galicia entre las comunidades autónomas con menor tributación para as rendas máis baixas; así como a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia en 2016 que practicamente eliminou o Imposto de Sucesións para os familiares directos (coa excepción dos grandes patrimonios) e implantou unha estratexia de Impostos Cero no rural.

Debemos continuar esta senda a través de varias medidas:

- Manter o noso pleno autogoberno como mellor garantía de que as políticas de gasto permitan a familias e empresas superar o impacto derivado da pandemia do coronavirus e volver a unha senda de crecemento sostido converxendo con Europa.

En efecto, o remate acelerado da nosa consolidación fiscal permite ao Goberno galego empregar todo o seu potencial financeiro na atención á crise sociosanitaria primeiro e económica despois, mentres outras autonomías se atopan bloqueadas por falla de liquidez, buscando recursos para pagar os intereses da nova débeda contraída e sen alternativas de dinamización económica.

- A actual conxuntura esixe a aplicación de políticas fiscais expansivas non consolidables de resultado inmediato para, unha vez activados os resortes económicos, volver á estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira.

Por tanto, neste intre, o axeitado é mobilizar de maneira coordinada todos os recursos públicos dos que dispoñan as administracións, dende a UE ata o eido local, que conta con importantes remanentes que se poderían empregar para este fin. **Galicia debe aproveitar a**

**xestión rigorosa das finanzas públicas e o menor endebedamento por habitante para apoiar proxectos económicos estratéxicos para o país.**

- Ao tempo, a responsabilidade e lealdade deben tamén levar á Xunta a ser un goberno que consiga mellorar a situación financeira dos nosos provedores, **consolidando a axilidade no pagamento das facturas nun tempo medio que non supere os 15 días.**
- Garantir unha política fiscal que permita que Galicia siga entre as comunidades autónomas coa menor presión fiscal para os seus cidadáns e empresas; e continuar coa política de rebaixas fiscais selectivas que permitan axudar a quen máis se necesita e dinamizar a economía, a través de medidas como:
  - Mantemento das rebaixas impulsadas no Imposto de Sucesións para que máis do 99,9% dos galegos sigan sen pagar nin un euro por unha herdanza dun familiar directo.
  - Mantemento da rebaixa no IRPF pola que tributan menos por este imposto o 98,5% dos galegos.
  - Mantemento dos incentivos para I+D+i, para enerxías limpas e a "dedución verde".
  - Propiciaremos que os galegos sigan sendo os que menos impostos pagan por comprar unha vivenda habitual no rural e garantiremos que os mozos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade sigan sen pagar nin un euro por adquirir a súa vivenda habitual na zonas menos poboadas.
  - Establecemento de beneficios fiscais para a adquisición por parte dos traballadores por conta allea de equipos tecnolóxicos para o fogar destinados ao teletraballo.
  - Introducción de novos beneficios fiscais para colectivos como as familias numerosas, familias monoparentais e vítimas de violencia de xénero; ou para favorecer a recuperación e posta en valor das terras agroforestais.
- Reforzo das **actuacións de loita contra a fraude que exerce a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).**
  - Continuaremos priorizando os esforzos nos colectivos de non



declarantes e nos grandes patrimonios.

- Dotaremos á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) de novos medios informáticos e efectivos para reforzar as súas tarefas de control
- Reforzaremos a colaboración con outras administracións públicas para mellorar a eficacia da súa xestión recadatoria.
- Facilitaremos que a ATRIGA preste asistencia á xestión dos tributos municipais para poñer a dispor dos concellos a súa experiencia xestora e as fontes de información das que dispón.
- Avanzaremos na subscrición de convenios cos intermedia-rios fiscais para a presentación telemática de documentos.
- Aprobaremos un Código de Boas Prácticas para deseñar actuacións que promovan o cumprimento adecuado das obrigacións tributarias, achegar seguridade xurídica e económica ás operacións, e reducir a litixiosidade.
- Seguirase a fomentar o cumprimento voluntario mediante accións de concienciación e sensibilización, e implantarase un programa de educación cívico-tributaria para lograr que se asimile a responsabilidade fiscal como un valor de conciencia social e a interiorización do respecto polos servizos públicos, que se financian co esforzo de toda a cidadanía.



## AVANZAR NUNHA ADMINISTRACIÓN EFICIENTE E TRANSPARENTE

As políticas de racionalización e eficiencia do sector público foron sinal de identidade dos primeiros mandatos dos gobernos do PPdeG desde 2009, combinadas cunha aposta pola transparencia que se viu intensificada coa aprobación e desenvolvemento a partir de 2015 do Programa de Impulso Democrático. Para seguir avanzando neses camiños, propoñemos

- **Revisión integral da normativa galega en materia de xestión do patrimonio público.** En particular, despois de ter reducido o pago de alugueiros un 60 por cento nos últimos dez anos, seguiremos poñendo en valor o patrimonio da Administración Autonómica para prestar os nosos servizos públicos sempre que sexa posible en inmobles propios.
  - Execución de **obras de mellora en edificios administrativos** para adaptalos á estrutura administrativa e ás necesidades da súa relación coa cidadanía e, ao tempo, incrementar as condicións de confort de cidadanía e persoal público, aumentar a accesibilidade e reducir o seu consumo enerxético e a súa emisión de gases de efecto invernadoiro.
  - En particular, **obras de reforma das oficinas de rexistro da Xunta nas sete grandes cidades** para adaptalas á asunción das novas funcións en materia de asistencia á cidadanía derivadas da nova normativa en materia de boa administración e administración dixital.
- Creación dun **portal específico de participación cidadá** que permita canalizar as demandas, achegas e grao de satisfacción da cidadanía e sociedade civil sobre os servizos e as políticas públicas galegas. Estas achegas permitirán tamén a elaboración de cartas de servizos que reforcen os compromisos da administración, especialmente nos centros de atención directa á cidadanía. 
- **Potenciación do Portal de Transparencia** e Goberno aberto creado a partir de da pioneira Lei de Transparencia de 2016, incorporando novos contidos, mellorando a presentación destes a través de gráficos e infografías e aumentando a accesibilidade para persoas con discapacidade visual ou auditiva. En particular, farase un esforzo por presentar de xeito máis visual a información económico-financeira e por ofrecer un seguimento da execución de obras públicas e infraestruturas. 

Cómpre lembrar que, a pesar da declaración do Estado de alarma, este Portal continuou funcionando nos últimos meses con total

normalidade, actualizando os seus contidos e respondendo ás solicitudes presentadas pola cidadanía, garantindo así a transparencia de todas as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia. Neste sentido, resulta especialmente grave o que está a acontecer noutras administracións públicas coa paralización dos seus portais de transparencia, polo que o noso compromiso máis que nunca é continuar promovendo todas as accións posibles para informar á cidadanía das medidas e decisións que adopta o goberno galego.

- Consolidar o modelo de celebración de **mesas de contratación telemáticas**, facilitando a participación das empresas e garantindo a transparencia por dúas vías:
  - Con mecanismos sinxelos para que as empresas licitadoras (especialmente as pequenas e medianas con menos recursos) de cada expediente poidan seguir intervindo na mesa.
  - E retransmitindo por internet a celebración da mesma para o resto de axentes interesados.
  
- **Fomento da contratación pública socialmente responsable e innovadora:**
  - Desenvolvendo os **compromisos do Diálogo Social sobre cláusulas sociais**, a través da renovación da Guía de contratación pública socialmente responsable aprobada no ano 2015 e de medidas de formación e difusión tanto entre o persoal dos servizos de contratación como entre as empresas.

A nova guía, adaptada á nova lei estatal de contratos de 2017, facilitará introducir criterios de igualdade de xénero, conciliación, condicións laborais, inclusión social ou dereitos das persoas con discapacidade nos distintos elementos dos pregos de contratación: tanto no obxecto do contrato como nos requisitos de solvencia, os criterios de valoración das ofertas ou a esixencia de condicións especiais de execución do contrato.

- **Apostando pola contratación pública innovadora na que Galicia é un referente** con máis de 230 millóns de euros executados, facendo destes contratos unha oportunidade tan-





to para a mellora dos servizos públicos como para o desenvolvemento de proxectos innovadores por parte do tecido empresarial.

- Aprobación dun **programa de integridade institucional para reforzar os mecanismos de control interno da Xunta** e crear outros novos, na liña do diagnóstico para a prevención da corrupción que elaborou o Consello de Contas de Galicia este ano despois de que una lei impulsada polo PPdeG lle atribuíra na pasada lexislatura a este órgano independente competencias en prevención da corrupción. Este programa incluírá a aprobación progresiva de plans de riscos de xestión e manuais de procedemento en ámbitos como a xestión de subvencións, a contratación ou o urbanismo, así como a creación dunha canle de alertas e denuncias de prácticas ilícitas.





## IMPULSAR UNS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS, PERSONALIZADOS E PROACTIVOS, CUNHA ESPECIAL ATENCIÓN Á SAÚDE DIXITAL

Para lograr unha maior eficacia e mellor servizo para o administrado propoñemos:

- Desenvolvemento da nova Lei de administración dixital de Galicia, **culminando a tramitación dixital dos procedementos administrativos**, hoxe xa no 95% grazas ao traballo de reforzo da sede electrónica desde 2010, que permitiu pasar de 70 procedementos electrónicos a 1.536. Ademais, fomentárase a interoperabilidade con outras administracións para evitar á cidadanía ter que presentar varias veces a mesma documentación e potenciaremos a carpeta cidadá para centralizar a información de cada usuario e ofrecer servizos persoalizados. 
- Constitución da **Comisión interadministrativa para o desenvolvemento da administración dixital**, co obxectivo de aunar esforzos entre as administracións públicas de cara aos retos da transformación dixital, apostando pola reutilización do software e o uso de software e estándares abertos. 

Nese sentido, **porase a disposición dos concellos galegos o Sistema Integrado de Atención á Cidadanía** que xa opera no sector público autonómico desde 2019 e que permitiu unificar nun mesmo punto os distintos mecanismos de atención á cidadanía para simplificalos, ordenalos e reducir ata nun 38% os prazos de resposta.

- Creación do **Centro de Ciberseguridade de Galicia**, que, nun marco de colaboración cos organismos competentes a nivel estatal e europeo, reforce as capacidades no territorio para dar resposta ás ciberameazas a aos retos de seguridade que afrontará a sociedade dixital. 
- Posta en marcha do **Plan "A Xunta no teu móbil"**, como aposta pola automatización e transformación dixital da Administración Autonómica, incorporando tecnoloxías avanzadas que permitan desenvolver un servizo proactivo e personalizado a cidadáns e empresas, aberto as 24 horas e accesible desde calquera dispositivo en mobilidade. Poremos especial énfase na automatización de procesos que axilien trámites a colectivos vulnerables e de aqueles que faciliten o desenvolvemento e a localización de iniciativas empresariais. 

- Utilización dos recursos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para desenvolver **formación á cidadanía no uso das posibilidades da administración electrónica**, incrementadas desde a entrada en vigor en 2019 da Lei de administración dixital de Galicia.
- Implantación de medidas de mellora da eficiencia e de ampliacións dos servizos derivadas das tecnoloxías dixitais en áreas concretas como:
  - o Promoción empresarial e emprego:



- **Creando un órgano transversal (*Oficina Investir en Galicia*)**, con xerarquía e competencias suficientes, que teña por obxectivo fundamental a atracción de investimentos a través da simplificación e axilización de todos os procedementos administrativos involucrados na creación de empresas e aprobación de proxectos de inversión; así como a identificación dos límites que para dita simplificación e axilización supón a lexislación española e comunitaria, a fin de fundamentar as propostas de modificación que sexan oportunas.

Actuará como un portelo único que ofrezca asesoramento áxil, integral e con valor engadido, a cargo de profesionais especializados, para captar iniciativas empresariais prioritarias para o futuro, ben pola súa dimensión, ben polo seu carácter innovador e potencial de crecemento.

- Implantando unha **xanela única de asesoramento e tramitación integral para os novos proxectos ambientais e urbanísticos**, encargada tanto do asesoramento e a resolución de dúbidas como da xestión integral dos procedementos administrativos destes proxectos.

A futura aprobación dunha nova Lei de avaliación ambiental de plans, programas e proxectos dotará á Comunidade galega dunha norma con rango legal que aporte claridade, simplificación e axilidade á tramitación dos procedementos administrativos que requiran avaliación de impacto ambiental, ao tempo que achega seguridade xurídica aos operadores económicos, sen

minguar o elevado nivel de protección ambiental que marcan as directrices da Unión Europea aplicables, así como a lexislación estatal básica.

- **Creando a Axencia de Emprego de Galicia**, concibida como unha entidade aberta, flexible e conectada, que asuma todas as competencias en materia de formación profesional para o emprego, orientación laboral, intermediación, prospección do mercado laboral e servizo ás empresas, substituindo ao actual Servizo Público de Emprego de Galicia.

**Dixitalización das Oficinas de Emprego de Galicia** de xeito que calquera tramitación que se poida realizar nunha oficina de emprego sexa posible levala a cabo en liña, especialmente aquelas referidas aos servizos para empresas.

○ Medio Rural:

- Coa creación da Oficina Agraria Móbil, dentro dun Plan integral de **modernización das oficinas agrarias** comarcais e dos distritos forestais, para mellorar a súa efectividade e potenciar a súa faceta de asesoramento técnico centralizado. Neste ámbito, potenciarase a Oficina Agraria Virtual.

Desenvolverase ademais un Plan de dixitalización das mesmas, establecendo mecanismos para a simplificación administrativa, potenciando a tramitación electrónica, facilitando o asesoramento no uso das canles dixitais e facilitando o acceso a un Plan de capacitación dixital especializado para os sectores primarios.

- Co desenvolvemento da aplicación XESBÍO, que fai posible a **xestión de tódalas parcelas incluídas nas faixas secundarias** con historiais específicos por parcela, a tramitación masiva de documentos e informes, e a captación en tempo real de informes de campo.
- **Programa de dixitalización do sector forestal**, coa informatización completa de todas as solicitudes e de-

claracións responsables de aproveitamentos madeiros, incluído o servizo web, así como a exportación e a importación masivas de datos e coa tramitación electrónica das poxas públicas de madeira en montes xestionados pola administración forestal.

Consolidarase o Observatorio Forestal da Oficina Agraria Virtual e garantirase a actualización permanente do Inventario Forestal Continuo de Galicia.

- Marítimo-pesqueiro:
  - Poñendo en marcha unha **plataforma dixital pola que acceder á programación dos cursos** de formación planificados polos portos e centros de ensino regrado, con disposición da información sobre os mesmos.
  - Completando a **rede de instalación TICPESC** que permite efectuar dixitalmente trámites diarios da actividade pesqueira e marisqueira.
  - Estendendo o programa **“Primare: lonxas 4.0”**, que permite a automatización dos procedementos e as poxas en liña nas diferentes rulas galegas.
  - Avanzando na posta en marcha dunha **Plataforma virtual para os produtos do mar** que permita xerar concentracións de oferta e aumentos de demanda, fortalecendo a diversificación da mesma e a ampliación da venda on-line.
  
- Educación:
  - Continuando co impulso a unha educación innovadora e dixitalizada, coa **incorporación das tecnoloxías dixitais no método docente**: extensión do libro dixital, progresiva implantación de apps de traballo colaborativo, desenvolvemento de contidos interactivos e personalizados, e fomento do uso responsable ou consciente da tecnoloxía desde idades temperás; acompañado do reforzo da formación específica en competencias



dixitais para o conxunto dos docentes galegos.

- **Reducindo a burocracia nos centros educativos** mediante a implementación de ferramentas web que automaticen a documentación que xeran e expiden, liberando ao persoal administrativo e evitando desprazamentos presenciais ás familias.



○ Sanidade:

- Incrementando os **sistemas de teleasistencia e telemonitorización no ámbito domiciliario** que eviten desprazamentos aos pacientes, estendéndoos a procesos como cardioimplantables, marcapasos ou esclerose múltiple, e no ámbito das residencias de maiores e centros de discapacidade. A situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 demostrou a importancia deste servizo e queremos seguir potenciándoo co fin de previr e responder a posibles situacións de rebrote de forma inmediata.



- Impulsando a adopción de **tecnoloxías dixitais que reforcen as redes de vixilancia epidemiolóxica**, a prevención e a protección da saúde, tanto individual como colectiva, a través da xestión dos datos e a intelixencia artificial, sempre baixo as máximas garantías de respecto á privacidade e intimidade das persoas.



- Aproveitando o despregue do 5G para o desenvolvemento de **ferramentas que permitan á cidadanía interactuar co sistema sanitario** desde os seus domicilios e mellorar o autocoidado da saúde.







- Poñendo en marcha o **Sistema integrado de información da investigación clínica do sistema público de saúde de Galicia** creado no ano 2019, permitindo unha mellor xestión dos datos de investigación e facilitando a incorporación de terapias innovadoras.



- Desenvolvendo **novos procedementos de contratación pública innovadora**, como o Código 100 impulsado nesta lexislatura, que fomenten a mellora dos servizos públicos sanitarios.










- Inclusión da **terapia celular avanzada** nos procesos oncolóxicos e posta en marcha do Centro de terapias CAR-T.
- Cultura:
  - Consolidando a construción da **Memoria Dixital de Galicia** e as súas canles de divulgación a través da rede.
  - Potenciando a **Rede Galega de Bibliotecas**, que continuará coa incorporación do resto de bibliotecas municipais e escolares, coa consolidación dun catálogo oficial e o uso dun carné único. 
- Emigración:
  - Impulsando a **dixitalización das entidades galegas no exterior**, desenvolvendo aplicacións que faciliten as súas relacións electrónicas coa administración galega, creando ferramentas de aprendizaxe electrónico con recursos didácticos e bibliográficos especialmente orientados para elas, e promovendo a utilización dos medios dixitais para a difusión das súas actividades culturais, educativas ou promocionais de Galicia. 
- Servizos sociais:
  - Consolidando a **Historia Social Única Electrónica e a plataforma de autocoidados Asiste** como instrumentos de apoio á plataforma dixital de atención ás persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais, como maiores e persoas dependentes; e incorporando tecnoloxías innovadoras que axuden a dar resposta ao reto demográfico e á axilización do acceso aos recursos e axudas sociais, ao tempo que contribúen á innovación e ao emprendemento dixital en Galicia. 
  - Creando un **sistema informático que permita coñecer ás persoas usuarias en tempo real o estado de tramitación das axudas sociais** que solicitasen. 

○ Xustiza:

- Rematando os dous procesos máis importantes para a modernización da xustiza: o **expediente xudicial electrónico** (do que xa funcionan partes importantes como o visor, a sinatura electrónica ou o sistema de gravación dixital) e o **plan de expurgo dos arquivos xudiciais**, que ten permitido eliminar máis de un millón de expedientes e 80 toneladas de pezas de convicción dos xulgados galegos, liberando espazos e clasificando o restante.
- Culminando a **dixitalización de todas as salas de vistas** e implementando os medios técnicos precisos que permitan un uso decidido do **teletraballo** e das novas tecnoloxías nas actuacións xudiciais, así como fomentando a **sede electrónica xudicial** como canal preferente de servizos telemáticos a profesionais e cidadáns.
- Construindo un **edificio propio para albergar a sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)**, dotándoo de novos e avanzados medios técnicos e científicos e potenciando a súa labor como centro de referencia da Medicina Forense e de atención ás vítimas de agresións sexuais.
- **Consolidando as oficinas de atención á vítima do delito**, creadas no 2017 nos servizos xudiciais das sete grandes cidades e dotadas de persoal de psicoloxía e de traballo social. Definirse un protocolo de coordinación destas oficinas cos órganos xudiciais e fiscais para facilitar os procesos e dar atención personalizada ás vítimas.
- Impulsando a **mediación como resolución alternativa dos conflitos xudiciais**. Tras o impulso dos programas de mediación familiar nas sete cidades galegas, desenvolverase a colaboración con asociacións, como a Unión Profesional de Galicia, para recoñecelas como institucións de mediación segundo a Lei estatal de 2012 de mediación civil e mercantil, permitíndolles impulsar a solución de diferenzas entre particulares e designar mediadores.



○ Tributos:

- Continuando coa implantación das **novas tecnoloxías aplicadas aos procedementos xestores de tributos**, como instrumentos idóneos para conxugar os principios de eficacia da administración tributaria e a limitación dos custos indirectos ao contribuínte (evitando desprazamentos ou mellorando os medios de pagamento ou a automatización dos procesos). 
- Posibilitando que calquera cidadán poida **presentar toda a documentación de todos os tributos cedidos a través da Oficina Virtual Tributaria**. 
- Implantando a domiciliación do pago dos tributos presentados na Oficina Virtual Tributaria e **universalizando o pago en liña con calquera tarxeta de crédito ou débito**, evitando con iso desprazamentos ás oficinas bancarias. 
- Ampliando o abano destes mecanismos **posibilitando o pago directamente en caixeiro ou mediante dispositivo móbil**. 
- Implantando **asistentes virtuais que guíen ao contribuínte** na cualificación das súas operacións, o que evitará, se así o desexan, o desprazamento físico ás oficinas da Axencia Tributaria de Galicia. 
- **Incorporando gradualmente a cita previa para a confección das autoliquidacións** do Imposto de Sucesións e Doazóns, e do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, ampliando a cita previa para a realización da maioría de trámites coa Axencia Tributaria de Galicia. Ademais, levarase a cabo a implantación de modelos de atención telefónica para aqueles contribuíntes que así o demanden.
- Seguiremos favorecendo os **aprazamentos e fraccionamentos de pago dos impostos** para facilitar o seu abono ás familias e empresas

○ Mobilidade:

- Avanzando no **Plan e-mobility para facilitar servizos**

**dixitais a transportistas e viaxeiros.** A plataforma de transporte de Galicia, tanto na web como no móbil, consolidarase como canle de acceso en tempo real ás rutas dispoñibles e aos tempos de agarda, facilitará a solicitude online de transporte a demanda e potenciará o uso dunha tarxeta virtual de transporte promovendo o pago a través do móbil ou o acceso a bonificacións especiais en base ao perfil do viaxeiro.

○ Urbanismo:

- Poñendo en marcha a **Plataforma Urbanística Dixital de Galicia**, que facilitará a participación cidadá nos procedementos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico, ao dar acceso público e ordenado a toda a documentación destes proxectos.



Esta plataforma posibilitará a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico a través da mesma, onde se colgarán os informes sectoriais dos tres niveis de administración e as alegacións dos particulares, incrementando tanto a transparencia do procedemento como a súa axilidade.

○ Xestión da auga:

- Avanzando nas **estratexias de xestión intelixente dos recursos hídricos**, proporcionando unha mellor resposta ás necesidades do cidadán utilizando ferramentas de compra pública innovadora e intelixencia artificial.
- Implantando unha **plataforma dixital dos ríos de Galicia-Costa** que se sume á planificación hidrolóxica e á información recollida por Augas de Galicia, facilitando a través da intelixencia artificial a toma de decisións e a capacidade de resposta ante eventualidades.

## ADAPTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO AOS NOVOS TEMPOS

A pandemia da COVID-19 puxo a proba os servizos públicos galegos, en especial os sanitarios e sociosanitarios, e superamos a proba con nota grazas ao esforzo dos empregados públicos. E ese esforzo será recoñecido.

Sinaladamente, **a participación na prestación directa de servizos efectivos no eido sociosanitario constituirá un mérito moi cualificado para progresar na carreira profesional ou completar algúns dos seus graos.** Así mesmo, dita prestación de servizos constituirá un mérito específico nos sistemas de selección de persoal temporal que se poñan en marcha.

Para desenvolver un entorno máis moderno e de calidade de traballo para o persoal empregado público propoñemos:

- Manter os importantes **acordos que se teñen acadado coas organizacións sindicais** para mellorar as condicións de traballo e profesionais dos empregados públicos que desenvolven o seu labor nos servizos públicos autonómicos.
- Mellorar a **estabilidade** no emprego público:
  - o Na administración xeral, impulsando un **proceso de renovación de plantillas** do persoal de emprego público, como consecuencia das numerosas xubilacións previstas, cunha oferta de máis de 10.000 empregos dirixidos especialmente á mocidade que queira traballar na Administración
 

Reducindo a taxa de temporalidade na contorna do 7 por cento, acadando a plena estabilidade dos cadros de persoal da Administración Autonómica e cumprindo os acordos asinados cos sindicatos CC.OO, CSIF, UXT, SATSE, CESM-OMEGA e ANPE.
  - o Na educación, mantendo as ofertas de emprego suficientes para continuar sendo a comunidade autónoma **coa taxa máis baixa de interinidade entre o profesorado.**
  - o Na sanidade, mantendo a **convocatoria anual de ofertas públicas de emprego público que esgoten a taxa máxima de reposición** fixada polo Estado. No caso de eliminarse esta taxa, convocaranse todas as vacantes existentes, co fin de que se poida chegar ás 3.500 prazas convocadas. En particular, reforzarase fundamentalmente a Atención Primaria



e aqueles servizos especialmente vinculados coa COVID-19, tanto asistenciais como de saúde pública.



- No eido social, demandaremos do Estado que **elimine a taxa de reposición** para as prazas vinculadas ao sector das políticas sociais para consolidar o emprego e convocar todas as vacantes existentes.

Ademais, solicitaremos ao Estado que, con carácter xeral, permita a consolidación de prazas neste sector cun ano de antigüidade no seu desempeño temporal, co fin de que as administracións públicas ofrezan emprego estable desde o primeiro momento






- Mellorar os sistemas de **acceso** ao emprego público

- **Transformando os sistemas de selección de persoal** cunha oferta adaptada á nosa sociedade do coñecemento.

Adaptaranse as probas a realizar polos aspirantes ao acceso á administración pública ao novo tipo de estudos universitarios derivados do Plan Bolonia. Darase máis contido na selección do novo persoal á superación de probas sobre as funcións cotiás dos postos de traballo aos que se aspira a acceder e menos ás probas memorísticas actuais. Ademais, fomentárase na selección do persoal o emprego de ferramentas derivadas das tecnoloxías dixitais.

- Propoñendo a **implantación dun MIR educativo** como sistema de formación inicial do profesorado que permita a maior cualificación dos docentes.
- **Convocando ata 200 novas prazas de emprego público reservadas para persoas con discapacidade intelectual**, o que permitirá a Galicia seguir liderando o proceso de integración deste colectivo e conseguir unha administración autonómica inclusiva. Facilitárase a perfecta integración destas persoas como empregados públicos en igualdade de condicións, dotando a todos os organismos públicos galegos de mecanismos de acompañamento e acollida.



- Reforzar as posibilidades de **promoción profesional e de mellora continua** dentro do emprego público
  - Logo de situar a Galicia á cabeza das comunidades autónomas españolas nas que os empregados públicos contan cun itinerario profesional tutelado ao longo da súa traxectoria a través da carreira profesional pactada coas organización sindicais, **completaremos e estenderemos este sistema de recoñecemento no desenvolvemento profesional á totalidade dos servizos públicos galegos.**
  - **Desenvolveremos o sistema de carreira profesional sanitaria** coa convocatoria dun novo proceso nesta lexislatura. 
  - Culminaremos a **implantación efectiva da carreira profesional no eido da Administración de Xustiza**, en termos similares aos da Administración Xeral da Xunta, o que permitirá unha mellora das condicións profesionais deste persoal.
  - **Primaremos o traballo desenvolvido polo persoal docente que integra os equipos directivos dos centros de ensino**, a través do seu recoñecemento. Fomentaremos o traballo colaborativo entre as direccións de distintos colexios. 
  - **Reforzo da formación en liña** mediante a implementación da formación telepresencial (*Home Learning*), co fin de acadar a máxima descentralización territorial da actividade formativa da Escola Galega de Administración Pública. 
  - Desenvolveremos, por parte da EGAP, **cursos de preparación das probas selectivas de promoción interna** para o persoal empregado público, apoiando a súa mellora profesional.
  - Definición dun **novo marco para a formación permanente do profesorado** para facilitar a súa adaptación a un novo rol docente caracterizado por un maior uso das tecnoloxías, novas metodoloxías e innovacións pedagóxicas ante os novos retos nun mundo en transformación.   

  
- Mellorar as condicións de traballo do persoal empregado público:
  - Ampliando as **posibilidades de conciliación do persoal da Xunta** de Galicia, desenvolvendo as figuras creadas en 2014 como a flexibilidade horaria e o teletraballo.

Así, **o acceso á flexibilidade horaria incorporará novos supostos**, como a condición de vítima de violencia de xénero; o coidado de fillos/as ou menores en acollemento de 12 a 18 anos; o coidado de fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente; ou o coidado de persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

Pola súa banda, **ampliarase a definición de postos de traballo susceptibles de ser desenvolto en réxime de teletraballo co obxectivo de que, ao longo da lexislatura, o 80% dos postos de persoal funcionario cuxo contido funcional sexa susceptible de se desempeñar de xeito non presencial poidan realizar o 50% do traballo por este sistema.**

Para elo, melloraránse ferramentas informáticas para levalos a cabo, aproveitando a recente experiencia derivada da pandemia da COVID-19 na que, anticipándose á declaración do estado de alarma por parte do Goberno central, a Xunta de Galicia adoptou, entre as distintas medidas preventivas para protexer a saúde do persoal empregado público, a xeneralización do réxime de teletraballo, o que esixiu habilitar as fórmulas legais e técnicas para o seu emprego por máis de 12.000 empregados públicos.

A eficacia da rápida posta en marcha de medidas que permitiron a extensión xeneralizada do teletraballo na Xunta foi en boa parte posible pola experiencia previa acadada nos últimos anos. Ao existir en Galicia unha regulación específica do teletraballo dende o ano 2013, dende hai máis de 6 anos promóvese e facilítase a conciliación familiar a través desta modalidade de traballo a distancia con todas as garantías de confidencialidade, seguridade laboral e eficacia administrativa.





E, por outra banda, porque na Xunta de Galicia, xa hai unha década que se comezaron a poñer en funcionamento todas as pezas e ferramentas que están a permitir a tramitación electrónica de cada vez máis procedementos administrativos, adquirindo agora o



compromiso de **revisar a fondo a totalidade dos mesmos na procura da súa simplificación e automatización para facilitar a súa xestión non presencial.**

- **Homologando as condicións laborais** a través da diminución progresiva, ata a redución ao mínimo imprescindible, do persoal laboral na Administración Autonómica e da progresiva extensión do persoal funcionario como réxime de traballo, o que ademais incrementará a versatilidade, polivalencia, mobilidade e desenvolvemento profesional na función pública galega.
  - Licitación dun **novo contrato de cobertura integral que mellore as prestacións en caso de accidente laboral ou enfermidade profesional** e que poida ser ampliable a colectivos actualmente non protexidos, como os traballadores de diversas entidades públicas autonómicas.
  - Incrementando a protección da saúde das persoas empregadas públicas a través da posta en marcha dun **Plan para minimizar a presenza de gas radón nos edificios administrativos da Xunta.**
  - Negociando coas organizacións sindicais a adopción dun **protocolo específico para a prevención do acoso sexual na Xunta** de Galicia, independente do protocolo sobre acoso laboral que se puxo en marcha no ano 2016.
- Incorporar tecnoloxías dixitais que permitan mellorar os métodos de traballo
- Posta en marcha dun **Plan de capacitación dixital do empregado público**, como pilar esencial da transformación dos servizos públicos.
  - Extensión do proceso iniciado na Axencia Tributaria de Galicia para **realizar de xeito automático determinadas tarefas repetitivas e de gran volume.** Isto permitirá liberar carga de traballo e dotar aos servizos administrativos de ferramentas para traballar de xeito máis eficiente, ao tempo que incrementa a eficacia na prestación dos servizos públicos aos cidadáns. Isto traducirase nunha redución de prazos e nunha maior axilidade para determinados trámites.



- Posta en marcha do **expediente dixital do empregado público autonómico**, estendendo a plataforma FIDES empregada xa no eido sanitario; facilitando así a axilidade e automatización nos procesos de selección e provisión de persoal, así como da xestión da carreira profesional; e promovendo as canles telemáticas na relación cos traballadores públicos. Sinaladamente, esta ferramenta fará posible a posta en marcha dun **concurso permanente** para o persoal funcionario da Xunta de Galicia. 
- Xeración do **ecosistema Govtech**, a través do que pequenas empresas e start-ups proporcionen produtos e servizos tecnolóxicos ás administracións, sendo partícipes de importantes procesos de transformación dixital impulsados polo sector público e fomentando o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras. 
- No eido **sanitario**, incorporando tecnoloxías como   

  - Integración de ferramentas de **intelixencia artificial** e big data na historia clínica electrónica e na imaxe diagnóstica para axudar aos profesionais no proceso de toma de decisións e conseguir unha medicina personalizada, poñendo un foco especial de atención na predición fronte a pandemias como a derivada da COVID-19 e responder a situacións de rebrote de xeito inmediato.
  - Adquisición da tecnoloxía axeitada para promover o uso da **cirurxía robotizada** nas especialidades do ámbito cirúrxico menos invasivas.
  - **Centralización das ferramentas de imaxe diagnóstica** e dos sistema de planificación oncolóxica e cirúrxica, que xa se iniciaron nos últimos anos en neurocirurxía e radiocirurxía.
  - Introducción de novos procedementos para o tratamento cirúrxico do cancro, como a adquisición de **aceleradores intraoperatorios** que permitan o tratamento dun tumor nun acto único.
  - Definición dun **modelo de xestión das técnicas de impresión 3D** que permita ao sistema sanitario unha xes-

ción axeitada dos recursos individualizados e pensados para cada paciente.

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

Comprometémonos a manter o modelo de cooperación leal cos concellos galegos desenvolvido nestas lexislaturas:

- Coa **revisión do financiamento a través do Fondo de Cooperación Local** cara a un modelo que sobrepondere o avellentamento, a despo-boación e o esforzo fiscal, e aposte pola cohesión territorial.
- Con **unidade entre as administracións autonómica e local para esixir do Goberno central o pagamento da recadación derivada do IVE** que debe tanto á Xunta como aos concellos, así como a necesaria aprobación dun novo sistema de financiamento autonómico e local polo Goberno de España.
- **Continuando cos proxectos de colaboración desenvolvidos nesta lexislatura e cos compromisos acadados na Comisión Galega de Cooperación Local** en materias como:
  - o a prevención da violencia de xénero
  - o a selección e formación do persoal das policía locais
  - o os novos sistemas de cobertura de prazas de persoal habilitado nacional
  - o o financiamento e cobertura dos servizos de emerxencias e de loita contra a avespa velutina
  - o os sistemas de inclusión social derivados da Axenda Social Única
  - o a loita contra o cambio climático
  - o a xestión das franxas de protección contra o lume
  - o as actuacións en materia de patrimonio cultural
  - o o desenvolvemento de solucións comúns para a administración electrónica e a transparencia
  - o o fomento da atracción dos investimentos a través da figura dos concellos emprendedores, que xa suman 132.

Ademais, iniciaremos novas liñas de colaboración cos concellos para axudarlles no exercicio das súas competencias en materia de xestión tributaria, xestión dos servizos municipais da auga ou servizos sociais.

- En particular, poremos en marcha o **Plan Galicia en Local** para colaborar cos concellos á hora de afrontar retos como o cambio climático, o cambio demográfico ou a diversificación de fluxos turísticos. Priorizaráse o financiamento de proxectos con obxectivos de dinamización demográfica e sustentabilidade ambiental, ou de proxectos de prestación de servizos locais naqueles concellos máis despoboados.
- Creación dunha **comisión para analizar coas cidades as competencias propias e impropias** e a súa delimitación e os temas estratéxicos do tecido urbano.

Trátase dunha fórmula de cooperación necesaria en supostos de concorrencia de títulos competenciais en ámbitos coma os servizos sociais, con especial incidencia no eido demográfico, o comercio, infraestruturas e urbanismo, transporte, innovación, medio ambiente e tecnoloxías dixitais, nos que deben buscarse solucións que consigan optimizar o exercicio das competencias autonómica e local, reducindo disfuncións e evitando duplicidades.

- No marco das competencias concorrentes da atención ás emerxencias e a protección civil en Galicia e da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, na que lle corresponde á Xunta a superior coordinación e dirección da protección civil e aos concellos de máis de 20.000 habitantes e ás deputacións provinciais a prestación do servizo, e continuando coa mellora do mapa de emerxencias de Galicia, **avanzarase na comarcalización dos parques das grandes cidades co obxectivo de dar un mellor servizo aos concellos limítrofes**, previa negociación cos concellos.

Neste senso, a día de hoxe está comarcalizado o parque de bombeiros de Ferrol, froito do acordo entre Xunta de Galicia e Deputación de Coruña que cofinancian ao 50% os custos de esta comarcalización, a través do Consorcio Provincial. A proposta é que este sistema se estenda aos seis parques restantes, baixo os mesmos criterios aplicados no parque de Ferrol.

Este acordo suporía unha importante mellora no mapa das emerxencias de Galicia, xa que os veciños dos concellos limítrofes destas cidades estarían atendidos dende ditos parques, mellorando os tempos de resposta ante posibles emerxencias que puideran xurdir.

- **Impulsaremos a Comisión de Coordinación de Policía Local**, con representación dos concellos, para ultimar os traballos de modificación da normativa de aplicación da Lei de coordinación de policía local, completando o seu desenvolvemento no que atinxe aos medios técnicos, á mobilidade entre corpos e ao desenvolvemento dun sistema informático integral que canalice a coordinación a través de medios electrónicos.

Ademais, potenciaranse, a través da Academia Galega de Seguridade Pública, todos os cursos de formación inicial e de actualización e especialización, para todas as categorías de policía local.

## GALICIA ANTE EUROPA E O CAMBIO GLOBAL

O desenvolvemento do proceso de integración europea trala saída do Reino Unido, a situación económica derivada das guerras arancelarias entre potencias e a realidade que debuxa a crise da COVID-19 obrigarán ao Goberno galego da próxima década a desenvolver unha acción exterior orientada a estes cambios.

Para elo, propoñemos:

- Aprobación definitiva da **Lei de Acción Exterior e Cooperación de Galicia**, xa tramitada na lexislatura 2016-2020, que permitirá a Galicia, a través da cooperación leal co Estado, participar activamente na negociación de tratados internacionais; defender os intereses galegos nos tribunais europeos; desenvolver a promoción comercial e cultural galegas; fomentar a atracción de universitarios e novos residentes; e construír novas redes cos galegos do exterior e coas empresas galegas que operen no estranxeiro.
- Priorizar a **acción exterior galega dentro das institucións europeas**, potenciando a participación galega e o labor da Fundación Galicia Europa en foros como o Comité das Rexións, o Consello e os comités técnicos da Unión Europea.

Un dos principais retos será seguir accedendo aos fondos de cohesión, para o que instaremos ao Goberno de España a que nos procesos de negociación evite unha redución significativa dos mesmos. O obxectivo da Política de Cohesión é incrementar a converxencia económica e social, axudar ás rexións para sacar pleno partido da globalización e equipalas coas ferramentas adecuadas para un crecemento sólido e duradeiro. Galicia necesita da Política de Cohesión para afianzar e proxectar a Galicia do futuro, en liña cos obxectivos políticos da Unión Europea. Estes Fondos Europeos axudarannos a consolidar:

- unha Galicia máis intelixente, mediante a innovación, a dixitalización, a transformación económica e o apoio ás pequenas e medianas empresas
- unha Galicia máis verde, máis libre de combustibles fósiles, onde se aplique o Acordo de París e se invista nunha transición enerxética xusta e socialmente equilibrada, a través da

participación na elaboración do futuro Pacto Verde Europeo proposto pola nova Comisión

- unha Galicia máis e mellor conectada, con redes estratéxicas, tanto de transporte como dixitais
- unha Galicia máis social, con apoio ao emprego de calidade, á educación, a inclusión social ou á igualdade
- e unha Galicia onde Europa se perciba máis próxima aos cidadáns. Particularmente, **Galicia deberá estar presente na Conferencia sobre o Futuro de Europa** que as institucións europeas están a impulsar este 2020, a través de diálogos cidadáns dirixidos a coñecer a opinión dos galegos e galegas sobre as prioridades que debe fixar a Unión Europea no futuro próximo.

Debemos ser proactivos para poder acceder no futuro post-2020 a novo financiamento suplementario, e atender severas desvantaxes estruturais que habemos encarar, como son as que atinxen aos factores demográficos que padecemos. Neste novo escenario, desenvolveremos unha **estratexia de adaptación para o novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 da Unión Europea**, que levará aparellado un cambio na estrutura dos fondos que debe levarnos a optimizar a participación galega en programas non ligados só aos fondos estruturais, como o "Horizonte Europa", o "Europa Dixital" ou o "LIFE", apostando por eidos prioritarios de investimento en innovación e economía dixital, recursos naturais, medio ambiente e cohesión social, e orientando ao persoal técnico da administración pública, universidades, concellos e asociacións para a captación destes novos fondos.



Ademais, o novo Marco Financeiro traerá como novidade un **Fondo de Recuperación para facer fronte a pandemia da COVID-19** cun importe sen precedentes. É necesario que ese fondo de recuperación se destine, en primeiro lugar, aos países mais afectados e, en segundo lugar, do mesmo xeito que acontece cos fondos estruturais, se teñan en conta as diferentes categorías de rexións á hora da súa distribución, permitindo a súa utilización naqueles áreas e sectores mais afectados pola presente crise sanitaria e económica.

- No referido á **Política Agraria Común (PAC)**, defenderemos a necesida-



de de que España faga valer a súa consideración de potencia agroalimentaria no conxunto da Unión Europea, pero tamén defendemos a necesidade de que na negociación interna se teñan en conta as especificidades do territorio galego, cunha orientación gandeira e contemplando as explotacións de pequeno tamaño e os enclaves en zonas de montaña ou con limitacións naturais. Pediremos baixar o tope máximo de axuda, primar aos agricultores xenuíños e que os pagos redistributivos sexan obrigatorios e non de aplicación voluntaria, o que permitirá redistribuír os pagos a nivel nacional desde as grandes explotacións ás pequenas.



Asemade, defenderemos que a PAC reforce as políticas orientadas á remuda xeracional, á igualdade entre homes e mulleres no rural e ao compromiso coa sustentabilidade ambiental das explotacións.

- Redactaremos un **ditame sobre a reforma da Política Común de Pesca, para a súa aprobación polo Consello Galego de Pesca** e a defensa no marco decisorio europeo. Incorporará propostas e demandas no eido social de cara a conseguir unha axeitada remuda xeracional e un nivel digno de vida e ingresos.

Ademais, no marco europeo non descoidaremos os aspectos xa en marcha e que teñen gran influencia sobre o desenvolvemento da nosa actividade pesqueira, como son a redefinición do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e a do regulamento de control, así como as planificacións estratéxicas propostas con afectación intensa no mar, como a Estratexia da Biodiversidade e outras semellantes.



- Seguiremos xestionando de maneira eficaz os fondos europeos para un desenvolvemento óptimo de Galicia e **demandaremos ao Goberno central que Galicia xestione directamente os fondos plurirrexionais.**
- Elaboraremos un **Plan de Formación en Asuntos Europeos**, por unha banda para persoal público, que debe coñecer as posibilidades da nova lexislación en materia de acción exterior; e por outra para a cidadanía que desexe achegarse á Unión Europea de xeito xeral.
- Apoio á posta en marcha de **puntos de información UE nas cidades galegas**, semellantes aos que xa existen no concello de Lugo e na Depu-

tación da Coruña. Trátase de promover a existencia de recursos coordinados coa Comisión Europea co obxectivo de facilitar as consultas específicas e o acceso a información xeral sobre temas relacionados coas institucións europeas e as súas políticas.

- **Extensión da formación en materia de xestión de fondos europeos, ao estilo do actual programa TecEuropa, ao persoal das entidades locais**, co obxectivo último de que Galicia poida aproveitar todas as oportunidades que a Unión Europea facilita tamén para elas, beneficiando á cidadanía.
- Loitaremos por **minimizar o impacto do 'Brexit' en Galicia**, cun seguimento da negociación do acordo sobre as relacións futuras entre a Unión Europea e o Reino Unido trala consumación da saída británica o pasado 31 de xaneiro, prestando especial atención ao obxectivo de acadar unha cláusula diferenciada dentro do acordo definitivo en materia pesqueira (acceso ao mercado polo acceso ao caladoiro) e mantendo o protagonismo da coordinación dos efectos derivados do Brexit no grupo de traballo ou "task force" creado a proposta de Galicia no Arco Atlántico (a asociación de rexións periféricas marítimas de España, Portugal, Francia, Irlanda e Reino Unido).

Ademais, finalizaremos os trámites para a apertura dunha Oficina en Londres para asesoramento das empresas galegas instaladas no Reino Unido e ampliaremos as súas funcións para informar e axudar a todos os galegos residentes no Reino Unido, nos procedementos relacionados cos permisos de residencia e traballo.

- En cumprimento dos acordos entre Xunta e ONGDs, **incrementaremos paulatinamente e de xeito sostido a Axuda Oficial ao Desenvolvemento galega**, como mínimo na porcentaxe na que se incremente de media o orzamento anual da Xunta e tendo como horizonte os obxectivos establecidos na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible.

A pandemia da COVID-19 ten evidenciado o rol transcendental que xogan as institucións e servizos públicos na mitigación da vulnerabilidade e a desigualdade. Neste contexto faise máis necesario que nunca, apostar por unha **cooperación internacional para o desenvolvemento sostible**, forte, previsible e aliñada coa Axenda 2030, na que a presenza activa dos Gobernos rexionais e locais é imprescindible.






- o Nesta nova lexislatura, finalizarase a execución do IV Plan Direc-

- tor da Cooperación Galega, co total cumprimento dos obxectivos recollidos, e aprobarase o V, para o período 2022-2025, xa adaptado á nova Lei de acción exterior e cooperación. Ao tempo, poranse en marcha procesos de elaboración de Estratexias Sectoriais da Cooperación Galega que permitan a especialización das actividades de cooperación ao desenvolvemento.
- Promoverase que as accións de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, que promoven a construción dunha cidadanía comprometida e crítica, teñan unha orientación estratéxica e unha dotación orzamentaria de, cando menos, o 15% do orzamento da cooperación galega.
  - Apoiarase a acción de desenvolvemento social e económico xerado coa localización de empresas galegas, particularmente pesqueiras, en terceiros países, traballando no alcance de acordos que leven a colaborar na busca da mellora da xestión e da ordenación das actividades en termos ambientais, sociais e económicos.
  - Implementarase o traballo dentro da cooperación internacional que afecta a mulleres, nenas, nenos, poboación LGTBI e indíxenas, dende a óptica dos dereitos humanos e de xénero.
- Melloraremos a **cooperación transfronteiriza co Norte de Portugal**, aprobando un novo Plan de Investimentos Conxuntos adaptado aos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas, executando os máis de 130 millóns de euros de fondos europeos obtidos para 80 proxectos conxuntos na Eurorrexión, loitando para o mantemento destes fondos no vindeiro marco financeiro da UE e potenciando a cooperación transfronteiriza en materia de emerxencias (con infraestruturas e recursos para actuacións conxuntas de protección civil e defensa do monte) e en materia de cooperación entre concellos de ambos lados da raia.
  - Potenciaremos a **acción exterior nos países da lusofonía**, pola proximidade cultural e lingüística con eles e en desenvolvemento da Lei aprobada a tal efecto no Parlamento galego no ano 2014. En particular, Galicia liderará a entrada de España como observador asociado na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e a Xunta elaborará un **Plan de Acción Brasil** para coordinar os achegamentos culturais e económicos con este país emerxente.

## A GALICIA RESIDENTE NO EXTERIOR

O continuado apoio que o PPdeG ven prestando desde a Xunta aos galegos e galegas residentes no exterior esixe un novo impulso ante as dificultades que se cernen en determinados países ou ante a dramática situación persoal na que se atopan xa en países como Venezuela a causa de factores políticos e económicos. Tamén se terán en conta os efectos derivados da pandemia do COVID-19 para decidir as actuacións sociais e económicas nos países e sectores de poboación máis afectados.

Este impulso concretarase con:

- Posta en marcha da **Tarxeta da mocidade exterior**, que permitirá á xuventude da diáspora dispor das mesmas vantaxes que a da Galicia territorial cando viaxen á nosa comunidade, a España e a Europa. 
- Promoción dun novo **programa de viaxes a Galicia con axudas da Xunta para galegos xubilados residentes noutros países europeos**, que foron privados dos viaxes do IMSERSO polo cambio de regulación impulsado polo novo Goberno español. 
- Creación dunha **estratexia de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico para terceiras e cuartas xeracións**. Impulso ao turismo de raíces, facilitando que o motivo da súa viaxe sexa a busca das súas orixes como fío condutor. 
- Intensificación da **achega de recursos económicos á cidadanía galega do exterior en situación de precariedade ou risco de exclusión social**, tanto a través das axudas sociais individuais como a través do apoio ás entidades galegas prestadoras de servizos socioasistenciais, facendo un especial seguimento para adaptar estas actuacións ás consecuencias derivadas da pandemia da COVID-19. 
- Promoción e **incorporación da mocidade na dirección das entidades galegas no exterior**, apoiando a realización de actividades atractivas para a xuventude, como as deportivas ou de voluntariado, que motiven a súa integración. 
- Elaboración de estudos sociolóxicos, económicos e culturais sobre a situación da **muller galega no exterior** dirixidos a promover os cambios nas políticas públicas galegas que permitan avanzar no logro de plena igualdade.
- Creación dunhas **distincións específicas** para recoñecer o traballo de

entidades e persoas a prol da cidadanía galega do exterior.

- Desenvolvemento do compromiso de **inclusión nos plans de estudos** de primaria e secundaria da aprendizaxe da historia da emigración galega e o seu presente.
- Colaboración institucional e económica coas entidades galegas do exterior para a difusión e promoción da nosa cultura e lingua, así como a marca "Galicia" e o Xacobeo 2021.
- Desenvolvemento **do Plan Director para a Protección do Patrimonio das Comunidades Galegas do Exterior**, a través da catalogación e posta en valor do patrimonio artístico, cultural e documental das distintas entidades galegas.
- Demanda ao Goberno de España da modificación da lexislación electoral para **eliminar o voto rogado** e equiparar o procedemento e garantías do exercicio do voto dos españois residentes no exterior ao conxunto dos electores españois, así como da modificación da **normativa en materia de nacionalidade** para conceder este dereito a todos aqueles descendentes de españois que residen no exterior que foran privados da nacionalidade por causas inxustas ou discriminatorias.



# CULTURA E IDENTIDADE. GALICIA, CÉLULA DE UNIVERSALIDADE.





A identidade galega caracterízase polo seu carácter integrador e tolerante, sen medo á complementariedade con outros sentimentos de identificación ou pertenza.

O proceso globalizador e a irrupción nas nosas vidas das grandes redes dixitais de información e comunicación teñen acelerado un cambio cultural nas sociedades modernas a través do cal as identidades constrúense cada vez dun xeito máis fragmentado e menos relacionado coa terra de procedencia do individuo. Paralelamente, existen reaccións culturais a este proceso que pulan no sentido contrario, na revalorización da identidade ligada á comunidade de orixe e na hostilidade contra o foráneo.

Lonxe de ambos extremos, propoñémonos actuar para a vindeira década con medidas que preserven a nosa identidade e a fagan visible no mundo. Ou sexa, para fortalecer esta a nosa célula e para enriquecer á toda a humanidade:

- Seguiremos impulsando o **modelo lingüístico galego**, un modelo de encontro e convivencia que non pon unha lingua por encima da outra, sen imposicións nin dirixismos de ningún tipo. O ensino seguirá a cumprir un importante papel na transmisión dun equilibrio entre as linguas oficiais de Galicia, mais hai que seguir afondando nunha tarefa na que hai que responsabilizar a todos, de xeito individual (poñendo o foco na mocidade) e colectivo (sectores sociais, económicos, formativos, comunicativos e políticos).
- Desenvolvemento do **programa de voluntariado lingüístico e toponímico "Galicia, polo seu nome"**, a través do que se recollerá a toponimia de cada unha das zonas de Galicia para fomentar o galego entre os máis mozos. Impulsarase tamén a **plataforma 'Galicia Nomeada'**, como ferramenta de participación cidadá na conservación da riqueza do noso patrimonio toponímico.
- Estratexia de **internacionalización do galego**. Ademais de continuar co apoio ao seu estudo na Galicia exterior, ampliaremos as políticas de achegamento á lusofonía. Galicia liderará a entrada de España como observador asociado na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e a Xunta elaborará un Plan de Acción Brasil para coordinar os

achegamentos culturais e económicos con este país emerxente.

- Creación do programa “Atreverse co galego”, para o **fomento do uso da lingua entre os neofalantes**, apoiando a estes falantes non iniciais que deciden comezar a utilizar o galego.
- Complementar o **desenvolvemento do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022**, aprobado o pasado ano, coa posta en marcha de novos programas de fomento do uso do galego en familia e entre os máis novos, seguindo o modelo de “Lingua de Namorar” ou “21 días en galego”, que tiveron unha grande participación e éxito nos últimos anos. 
- Compromiso coa preservación dos lazos culturais e identitarios coa Galicia exterior. Desenvolvemento do compromiso de **inclusión nos plans de estudos** de primaria e secundaria da aprendizaxe da historia da emigración galega e o seu presente.
- Promoción da utilización por parte das comunidades galegas do exterior dos medios dixitais para a difusión das súas actividades culturais, educativas ou promocionais de Galicia. 
- Desenvolvemento do **Plan Director para a Protección do Patrimonio das Comunidades Galegas do Exterior** a través da catalogación e posta en valor dos bens artísticos, culturais e documentais das distintas entidades galegas.
- Redacción dun **Plan de acción do patrimonio marítimo-pesqueiro “Galicia é mar”**, no que se recompilará a presenza de elementos culturais, patrimoniais e etnográficos, como poden ser peiraos, embarcacións, carpinterías de ribeira ou museos; analizándose o seu estado de conservación e promovendo a súa protección e consolidación.
- Afondar na **construción da Memoria Dixital de Galicia e as súas canles de divulgación a través da rede**. Con esta iniciativa apóstase polo establecemento de modelos colaborativos entre as entidades públicas, privadas e calquera axente con responsabilidade no patrimonio cultural para acadar o maior nivel de catalogación, preservación e difusión, independentemente da súa localización ou propiedade, poñendo a disposición do mundo científico e tecnolóxico unha base de datos documental de gran valor para o impulso da innovación neste ámbito. 
- Creación dun **Portal do Patrimonio Galego** co catálogo dixitalizado de todos os bens culturais de Galicia, facilitando o acceso a toda a cidadanía aos máis de 700 bens de interese cultural declarados e preto de 60.000 bens catalogados. 

- Aposta pola recuperación dos cascos históricos, **poñendo en marcha a rehabilitación de preto de 3.000 vivendas a través da declaración das novas áreas REXURBE** que se creen ao abeiro da Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana aprobada no ano 2019.

Ademais, farase o desenvolvemento regulamentario desta lei, no que será de especial importancia o **modelo de plan especial de protección** que servirá de guía para a redacción destes plans, de xeito que se unifiquen criterios para todo o territorio de Galicia.

- **Creación da entidade galega de xestión patrimonial "Herdanza"**, participada por propietarios dos bens patrimoniais; entidades financeiras e inversores; administracións públicas; e entes privados de comercialización.

Esta nova entidade permitirá:

- Potenciar o coñecemento e valoración da riqueza patrimonial galega por parte de galegos e foráneos.
  - Cubrir as necesidades operativas de conservación do patrimonio galego, incentivando a creación dunha rede de mecenas onde se involucre ao sector público e privado poñéndoo en valor
  - Captar recursos humanos e financeiros que permitan afondar na sustentabilidade do patrimonio
  - E impulsar unha rede de aloxamentos hoteleiros en espazos patrimoniais excepcionais, fomentando o turismo sustentable.
- Preservar o **Patrimonio Histórico Educativo de Galicia** a través da nova orde reguladora de acreditación de Institutos Históricos, que permitirá acreditar estes centros e protexer e difundir os seus fondos coa coordinación do Museo Pedagóxico de Galicia.
  - Divulgar o **Patrimonio Lúdico Galego**, poñendo en valor os xogos e deportes populares e tradicionais como unha parte fundamental da nosa tradición e do rico patrimonio cultural de Galicia.
  - **Continuación do traballo de impulso das candidaturas a Patrimonio Mundial** (Cíes-Illas Atlánticas, Ribeira Sacra e Ferrol da Ilustración),





avanzando no desenvolvemento dos seus plans estratéxicos, que van moito máis alá do prestixio e promoción ligados ao recoñecemento internacional e afondan nun esforzo colectivo e consensuado de coidado e mantemento do patrimonio.

En particular, concretarase o desenvolvemento do **Plan da Ribeira Sacra** aprobado en 2019 e que, cunha dotación de 34 millóns de euros, define unha estratexia común para a correcta conservación e protección desta paisaxe cultural.

- Daremos cumprimento aos acordos parlamentarios que encomendan á Xunta de Galicia a consensuar e coordinar coa Federación Galega de Municipios e Provincias e coa Administración Xeral do Estado medidas para facilitar ás familias de vítimas da Guerra Civil e da represión franquista a localización, exhumación e traslado, se procede, dos restos mortais dos seus familiares, así como para axudar aos concellos a exercer a súa competencia en materia de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia.

## ESTRATEGIA CULTURAL

Para achegar a cultura a unha sociedade que a consume e procesa de xeito diferente e apoiar a toda a cadea da creación cultural galega, debemos fomentar a creación de novos formatos, buscando colocar produtos propios nas grandes distribuidoras online de contidos e impulsando a innovación e a formación entre os xestores culturais. Para isto, ademais das medidas de reactivación do sector xa contempladas no Eixo I, propoñemos:



- Desenvolvemento da primeira **Estrategia da Cultura Galega**, resultado dun proceso de reflexión e participación colectiva nos últimos anos e que conta con seis liñas estratéxicas con máis de 350 medidas para estimular todas as fases que conforman o ciclo da cultura.
- **Creación dun bono cultural**, financiado pola Xunta de Galicia en colaboración cos concellos que desexen apoiar o consumo cultural nos seus municipios. O obxectivo é apoiar aos creadores e ás industrias culturais galegas, mantendo o emprego e o tecido empresarial a través do incentivo ao consumo.
- Posta en marcha dun **Programa de estímulo para o sector do libro e de fomento da lectura**.
- **Plan de formación para profesionais da cultura**, telemático e presencial desde a Cidade da Cultura de Galicia, en colaboración con todos os axentes culturais e que se converta en referencia a nivel nacional.
- Creación dunha rede de **centros de primaria pioneiros en ensinanzas artísticas**.
- **Reforzo das humanidades no ensino universitario**, fomentando que todos os graos incorporen no seu plan de estudo un módulo obrigatorio de seis créditos de materias vinculadas con elas.
- Posta en marcha dun **programa específico de apoio aos novos creadores**, estimulando a creación cultural entre os mozos galegos, xerando e impulsando o novo talento.
- Desenvolvemento legislativo, a través da **aprobación definitiva da Lei de Museos**, xa tramitada na lexislatura 2016-2020, e a elaboración de tres novas leis en materia cultural:
  - o **Lei de inclusión e accesibilidade na cultura**, para garantir o dereito de acceso á cultura a todos os galegos e galegas, asegurando a accesibilidade de todas as institucións culturais, públicas e privadas, e incentivando o traballo dos sectores culturais pola inclusión.



- **Lei de transformación dixital da cultura galega**, para facilitar a participación dos sectores creativos de Galicia nos procesos dixitais e na dixitalización da creación, distribución e difusión dos produtos culturais.
- **Lei de mecenado**, que cree un marco regulador axeitado para o financiamento privado das actividades culturais e deportivas e que contemplaría a creación dun Fondo Cultural xestionado pola Xunta ao que as empresas poderían contribuír.
- Dinamización e **potenciación dos museos**, coa creación do Sistema de Museos de Galicia contemplado na futura lei.
- Impulsarase un **programa de adquisición de obras de artistas galegos** que contribúa ao aumento de fondos artísticos públicos, impulsando así a cultura e deixando para o futuro un legado que testemuñe a creación actual.
- **Impulso da cultura de proximidade** utilizando como base a descentralización no territorio do Centro Galego de Arte Contemporánea, polo seu prestixio e a súa repercusión tanto en Galicia como no exterior, potenciando o seu valor como polo de creación e difusión da arte contemporánea.
- Creación de **novas ferramentas de xestión integral de arquivos** como o novo programa ARQA, xa en fase de desenvolvemento.
- Potenciación da **Rede Galega de Bibliotecas**, que continuará coa incorporación do resto de bibliotecas municipais e escolares, coa consolidación dun catálogo oficial e o uso dun carné único.
- **Desenvolvemento do Plan Gaiás 2030**, apostando pola Cidade da Cultura como un polo de innovación e formación que aproveite o seu espazo singular e o seu equipamento para consolidarse como un referente galego e nacional neses dous ámbitos que se presentan fundamentais para o futuro, dando por finalizado o proxecto arquitectónico da cidade da cultura co remate do Edificio Fontán, que albergara un centro de investigación e unha entidade de colaboración interuniversitaria.
  - A Cidade da Cultura converxerá como un espazo no que convivirán a investigación, a cultura e o emprendemento, no que se desenvolverá un entorno idóneo para a transferencia do coñecemento.
  - Seguirá fomentándose a intensa actividade cultural da Cidade



da Cultura e a súa utilidade como espazo verde de convivencia, familia e deporte, xerando novos accesos peonís e promocionando os usos sociais.

- Porase en marcha un **servizo de asesoramento e consultoría en liña para empresas e profesionais da cultura**, que facilitará a resolución de todo tipo de dúbidas de carácter laboral; información sobre a publicación de liñas de axudas públicas e as súas condicións e requisitos; a consulta de protocolos e criterios de carácter hixiénico-sanitarios; e demais dúbidas que poidan xurdir entre os profesionais da cultura.
- Fomentaremos a asociación do Museo Gaiás con museos nacionais e internacionais e poremos en marcha un programa permanente de paisaxe cultural grazas ao centro de estudos pioneiro en España que se instalará no Edificio Fontán.
- O centro de emprendemento acollerá o **Gaiastech**, como escapeate dunha Galicia Dixital. Estará dotado de espazos de demostración e experimentación tecnolóxica e servizos de vixilancia e asesoramento na adopción de tecnoloxías intelixentes; e acollerá conferencias e foros de debate multidisciplinares no desenvolvemento da Estratexia Dixital de Galicia 2030, coa finalidade de facer partícipe á sociedade civil, así como ao mundo profesional e académico, das reflexións que conlevan os retos dun futuro dixital e innovador para Galicia. 
- Posta en marcha da **oficina autonómica de apoio ás rodaxes** con tres obxectivos: 
  - A promoción de Galicia como escenario idóneo para acoller producións audiovisuais a través de accións e iniciativas en mercados e foros de negocio internacionais.
  - Ofrecer servizos de apoio loxístico e administrativo para facilitar o desenvolvemento de rodaxes en Galicia.
  - O deseño e activación de accións turísticas a través de percorridos relacionados con rodaxes de obras de cine e televisión realizadas en Galicia.
- Creación do **Centro Galego das Artes**, para unha xestión coordinada dos catro centros de produción públicos: Centro Galego de Arte Con-

temporánea (CGAC), Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), Centro Coreográfico Galego (CCG) e Centro Dramático Galego (CDG).

Manterase a autonomía creativa destes catro centros de produción pero coordinarase a súa xestión administrativa, económica e comunicativa, poñendo en valor a cultura galega e facilitando medios e plataformas para a súa expansión internacional.



- Desenvolvemento dunha **liña de axudas a festivais de cine e teatro**, que poñan en valor estes importantes eventos culturais, potenciando os xa existentes en Galicia e fomentando a aparición de novas propostas.
- Aprobación dun **Plan Galego de Danza** para desenvolver todo o potencial desta industria cultural fomentando a creación, a distribución e a formación neste ámbito.
- **Creación do Consello das Industrias Culturais de Galicia** como órgano consultivo con ampla representación do sector que asesore á Xunta no deseño das accións específicas máis eficaces.
- Desenvolvemento dun **selo de calidade de festivais galegos**, asociado ao Fest Galicia, que poña o seu acento non só na oferta cultural senón tamén na súa sustentabilidade e boas prácticas sociais.

## UNS MEDIOS PÚBLICOS COMPROMETIDOS COA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA

A Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) debe ser a empresa pública de referencia do sector TIC, da industria audiovisual e da información de calidade e proximidade. O seu obxectivo é prestar un servizo público de comunicación audiovisual en Galicia competitivo e comprometido co emprego de calidade, consciente do impacto e significado social que ten como axente da vida colectiva de Galicia no plano institucional, cultural, económico e mesmo no seu papel de referencia na construción colectiva do país.

- Neste sentido, os **medios públicos de Galicia estarán comprometidos coa audiencia e coa defensa da identidade e da industria audiovisual galegas**; modernizarán a súa gobernanza, responsabilidade social corporativa e rendición de contas; asegurarán a sostibilidade económica para prover máis e mellores servizos de xeito máis eficaz; liderarán o sector TIC e a industria audiovisual; innovarán como receita para crear os medios de comunicación de calidade do século XXI; e comunicarán o valor social do servizo público de comunicación e información.
- Galicia precisa duns **medios públicos comprometidos co acceso global ao mundo dixital** e con potencial de transformar as habilidades da nosa sociedade para a economía global. Deben ser tamén capaces de asumir os retos tecnolóxicos da comunicación, especialmente na industria cultural e creativa que xa é unha das máis puxantes na actualidade en todo o mundo.
- Nos próximos catro anos, a CRTVG ten que continuar pola senda da **creación de produtos de ficción e entretemento que se difundan tanto dentro da nosa comunidade coma nos mercados mundiais**. E para logralo, os medios públicos deben seguir apostando de xeito activo polo tecido empresarial galego, capaz de realizar coproducións que ocupen un lugar de importancia nos catálogos das plataformas audiovisuais de referencia en todo o mundo.
- Ademais, a CRTVG debe **garantir información de calidade e de proximidade** e faranse todos os esforzos necesarios para que a empresa pública de comunicación de Galicia avance de xeito importante nas novas formas de consumo de información que ten a cidadanía. Débe-se garantir que todos os cidadáns reciban a información en calquera momento e lugar, e por iso defenderanse uns medios de comunicación televisivos, radiofónicos e dixitais modernos, públicos, transparentes, próximos, veraces e independentes.

## O NOSO DEPORTE COMO ELEMENTO DE IDENTIDADE

Ademais das medidas contempladas no Eixo III deste programa para o fomento da actividade física e a redución do sedentarismo no conxunto da poboación, aspiramos tamén a mellorar a práctica deportiva de competición, desde o impulso do noso deporte base ata a proxección da nosa elite deportiva como axentes da promoción exterior e orgullo de país. Para isto propoñemos:

- As olimpíadas de Tokio 2021 e París 2024, e as restantes competicións nacionais e internacionais serán as metas competitivas ás que acompañaremos ao tecido deportivo galego, mediante un **traballo colaborativo e concertado, atento ás especificidades das distintas modalidades e fundamentado na protección da base deportiva.**
  - O **deporte de base** continuará como eixe da política deportiva mediante as axudas aos clubs, o apoio ao deporte en idade escolar e ao seguro deportivo gratuito dos nenos e nenas de 6 a 16 anos.
  - Reforzaremos o **programa XOGADE** (xogos galegos deportivos en idade escolar), apostando por xogos e deportes tradicionais, polas modalidades inclusivas, e as participacións mixtas ou os deportes náuticos.
  - Ampliaremos a **protección e os recursos dos axentes deportivos destinados á preparación orientada ao alto nivel** e rendemento deportivo.
  - Os **deportistas de alto nivel e os clubs de alta competición** continuarán vertebrando o máximo nivel competitivo do deporte galego.
- Continuar **traballando cos axentes deportivos dende a base á alta competición**, con especial atención aos deportistas e clubs e en estreita colaboración coas federacións deportivas.
- As actuacións e programas seguirán orientados ao desenvolvemento das **distintas especialidades e modalidades deportivas**, protexéndose e adaptándose ás particularidades de cada unha delas.

- Implantación da **Oficina de Atención ao Deportista**, como unidade ao servizo integral dos deportistas galegos durante e despois das súas carreiras deportivas.
- Traballaremos tamén para dotar a Galicia de **novas infraestruturas deportivas especializadas no alto rendemento** como módulos de atletismo, un canal de "slalom" para piragüismo, un centro de surf ou unha instalación permanente para as novas modalidades olímpicas de skate e Bmx.
- Traballaremos polo crecemento das distintas prácticas deportivas, con especial atención á **inclusiva, á autóctona e á feminina**.
  - o **Apoio especial ao patrimonio deportivo autóctono** a través do impulso da constitución dunha Federación de Deportes Populares e Tradicionais, do recoñecemento da billarda como modalidade deportiva e da promoción destes deportes entre a poboación, especialmente no ámbito escolar.
  - o O deporte **feminino** continuará primándose nas accións desenvolvidas dende a base ao alto nivel, pasando tamén pola especial atención e defensa do deporte **en feminino**.
- Continuaremos defendendo os **valores da competición**, traballando desde a prevención e desde a contundencia que permite o sistema; e defenderemos a integridade do noso deporte, protexendo e fomentando a súa limpeza e transparencia.



**feijóo** 20